Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para axudar o sector gandeiro a afrontar a enfermidade hemorráxica epizoótica

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 60101 (11/PNC-005008)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre as condicións que debe manter o Goberno galego na licitación do contrato do servizo de vixilancia e de seguridade nos edificios da Administración de xustiza de Galicia

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior



- 60109 (11/PNC-005009)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que apoie os novos obxectivos de loita contra a contaminación atmosférica acordados polo Parlamento Europeo o 13 de setembro de 2023
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 60116 (11/PNC-005010)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e 3 máis

Sobre determinadas medidas que debe adoptar o Goberno galego en materia de transporte público no ámbito rural orientadas ao estudantado de etapas de ensino postobrigatorio
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 60123 (11/PNC-005011)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Armada Pérez, José Antonio e 6 máis

Sobre a demanda á Consellería do Medio Rural da publicación e implantación do Manual práctico para a integración ambiental e paisaxística da reestruturación parcelaria
Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes

- 60132 (11/PNC-005012)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Otero Lago, Noelia

Sobre determinadas actuacións que debe pór en marcha a Xunta de Galicia co obxectivo de impulsar o sector cultural galego
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 60140 (11/PNC-005013)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre determinadas actuacións que debe levar cabo o Goberno galego en relación coa execución dos fondos de compensación interterritorial
Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 60142 (11/PNC-005014)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e 6 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central co obxecto de que a Dirección Xeral da Costa e o Mar clarifique e unifique criterios á hora de emitir informes sobre as instalacións de infraestruturas hidráulicas no dominio público marítimo-terrestre
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 60147 (11/PNC-005015)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis



Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de dotación de recursos da Área Sanitaria de Pontevedra e o Salnés

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 60153 (11/PNC-005016)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 3 máis

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego para desbloquear a situación que está a sufrir o persoal da empresa Irosa-Samaca na comarca de Valdeorras

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 60196 (11/PNC-005017)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego para que elabore unha auditoría sobre os ingresos de persoas menores de 65 anos con patoloxías psiquiátricas nos centros de atención residencial de maiores

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 60210 (11/PNC-005018)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre determinadas medidas que debe adoptar o Goberno galego en materia de loita contra o narcotráfico en Galicia

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 60216 (11/PNC-005019)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Sobre a proposta de resolución que se presenta co fin de que o Parlamento de Galicia se reafirme nos principios básicos da igualdade entre cidadáns e no rexeitamento de proxectos que supoñan privilexios territoriais, así como respecto da demanda que a Xunta debe dirixir ao Goberno central verbo dun financiamento autonómico e local baseado nos citados principios

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 60236 (11/PNC-005020)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e Castro García, Daniel

Sobre a demanda á Xunta de Galicia do apoio ao uso do galego en todas as institucións de ámbito estatal e europeo

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 60246 (11/PNC-005021)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Varela Fernández, Katherinie e 7 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central para que facilite as obras da Administración galega de conexión do porto seco de Monforte coas estradas N-120 e LU-933

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos



- 60248 (11/PNC-005022)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Seco García, Martín

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co fin de que cumpra coas recomendacións marcadas polo Consello da Cultura Galega nun informe sobre a incidencia das especies forestais de crecemento rápido no patrimonio natural de Galicia

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 60251 (11/PNC-005023)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e Fernández Davila, María Cristina

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia para que inclúa o CEIP de Sigüeiro, Oroso, no Plan de nova arquitectura pedagóxica e renove as súas instalacións

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 60259 (11/PNC-005024)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e 2 máis

Sobre determinadas actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego referidas ao impulso do sistema asistencial da hospitalización a domicilio (Hado)

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 60202 (11/PNC-005025)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de vivenda para promover a emancipación da mocidade

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 60268 (11/PNC-005026)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e 2 máis

Sobre determinadas actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de asistencia a pacientes psiquiátricos e de adecuación das unidades profesionais das residencias de maiores

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 60274 (11/PNC-005027)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que presente un informe de execución e cumprimento do Plan MOVE 2009-2015 e proceda á elaboración dunha nova planificación estratéxica de ampliación e modernización da rede viaria

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 60283 (11/PNC-005028)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 3 máis



Sobre determinadas actuacións que debe pór en marcha o Goberno galego en materia de loita contra a trata e a prostitución

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 60288 (11/PNC-005029)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e 2 máis

Sobre a demanda ao Goberno galego da cobertura dunha vacante de médico de familia no Centro de Saúde da Pobra de San Xiao, en Láncara

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 60291 (11/PNC-005030)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Iglesias, Carmela e 2 máis

Sobre determinadas medidas que debe adoptar o Goberno galego en relación coa sinistralidade laboral no sector naval da ría de Vigo

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 60311 (11/PNC-005031)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonzo, Ramón e 2 máis

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia para que constitúa unha mesa de negociación co fin de que a empresa Irosa-Samaca, de Carballeda de Valdeorras, retome a actividade e poida manter o emprego

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 60315 (11/PNC-005032)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Iglesias, Carmela e 3 máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia das actuacións necesarias para lograr que o concello de Vigo acolla a sede da Rede Global de Portos Azuis da FAO

Á Mesa admítea coa corrección de erros formulada no doc. núm. 60378.

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 60320 (11/PNC-005033)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e 6 máis

Sobre a demanda ao Goberno galego verbo da actualización da guía de abordaxe das disfuncións do solo pelviano feminino coa que traballa o Sergas

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 60324 (11/PNC-005034)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e 6 máis



Sobre a demanda á Xunta de Galicia do impulso de unidades multidisciplinares da dor en todas as áreas sanitarias

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 60326 (11/PNC-005035)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e 6 máis

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxectivo de que impulse a creación dun proceso asistencial integrado (PAI) para a demencia

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 60330 (11/PNC-005036)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Díaz Mouteira, María Sol e 6 máis

Sobre as actuacións que a Xunta de Galicia debe demandar ao Goberno central relativas ás novas exixencias de inclusión no réxime da Seguridade Social do alumnado de FP e universitario durante os períodos de prácticas en empresas

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 60344 (11/PNC-005037)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre determinadas actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia no que atinxe á asistencia sanitaria e residencial de persoas con alteracións da conduta de orixe psiquiátrica

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2023

María Elena Candia López

Vicepresidenta 1ª





Á Mesa do Parlamento

As deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz**, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte proposición non de lei para o seu debate en **Pleno polo trámite de urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola relevancia que, desde o punto de vista democrático e constitucional, tería a aprobación dunha Lei de amnistía ou de indulto xeral

Exposición de Motivos

O 15 de outubro de 1977 o Congreso dos Deputados aprobou a Lei de Amnistía de conformidade co principio de reconciliación nacional que guiou a nosa Transición á democracia. A amnistía era unha demanda social e unha necesaria e imprescindible impugnación do ordenamento xurídico da ditadura. Foi un dos instrumentos cos que se puxo punto final á represión que sufriu unha parte da sociedade española e un dos grandes acordos que consolidaron o noso camiño á democracia.

Durante a tramitación da Constitución de 1978 debateuse a cuestión da amnistía, de feito presentáronse dúas emendas para que as Cortes Xerais puidesen ter esa competencia. As emendas foron rexeitadas e, en sentido contrario, aprobouse o artigo 62 que prohibe indultos xerais. É dicir, o perdón -que si existe no noso ordenamento e que está regulado na Lei do Indulto-, debe ser sempre individualizado e nunca xeral.

Nunha democracia europea consolidada, como é a española de 2023, unha amnistía, ademais, atenta contra algúns dos principios básicos do Estado de Dereito como son a exclusividade do poder xudicial para xulgar e facer executar o xulgado, a igualdade na aplicación da lei e a seguridade xurídica. Nin o lexislador nin o poder executivo poden arrogarse a facultade de declarar inmune a un grupo de persoas, borrar os seus delitos e mesmo evitar que sexan xulgados como calquera outro cidadán.

En 2017 produciuse un intento de insurrección por parte dos poderes públicos de Cataluña contra a orde Constitucional, en ocasións, acompañados con feitos dunha violencia extrema. A reacción do Estado de Dereito foi a aplicación do artigo 155 da Constitución e a posta en marcha dos instrumentos penais contra os seus impulsores.

O Tribunal Supremo condenou aos seus principais líderes a penas de entre 9 e 13 anos por sedición e malversación (corrupción). Algúns dos seus principais responsables fuxiron ao estranxeiro. Desde entón, tratan de evitar a acción dos Tribunais españois e europeos. Non foi o único que o fixo. O pasado 5 de setembro





Puigdemont condicionou a gobernabilidade de España a, entre outras cuestións, a aprobación dunha Lei de Amnistía que favoreza, entre outros, aos procesados polo referendo ilegal de 2017.

Non é a primeira vez que se suxire esta cuestión. En 2021 rexistrouse unha iniciativa destas características no Congreso e os Letrados emitiron un informe contundente contrario á súa tramitación. Ademais, tanto Pedro Sánchez como ministros do seu Goberno, Juan Carlos Campo, Fernando Grande Marlaska e Carmen Calvo, entre outros moitos dirixentes socialistas, afirmaron no pasado a inconstitucionalidade dunha posible amnistía.

Os feitos xurídicos seguen igual, pero cambiaron as circunstancias políticas. Pedro Sánchez, nun intento desesperado por conservar a Presidencia do Goberno, abriuse a que se poida tramitar unha Proposición de Lei. Ademais de supoñer unha inconstitucionalidade flagrante, unha vez máis, preténdese utilizar un atallo para evitar os controis de legalidade do Consello Xeral do Poder Xudicial, a Fiscalía e o Consello de Estado.

O prezo da presidencia non sería só exculpar centenaes de delitos senón deslexitimar o Estado de Dereito, branquear e considerar a lexitimidade da sedición. En definitiva, un inasumible prezo político para calquera gobernante decente e que ante a falta dun rexeitamento explícito e contundente por parte do Goberno está a causar unha profunda conmoción social.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galicia acorda, como Resolución:

- 1.- Rexeitar calquera tipo de amnistía ou indulto xeneralizado para calquera grupo de cidadáns, calquera que sexa o seu delito.
- 2.- Considerar que o imperio da lei é a expresión da vontade popular, tal e como establece o preámbulo da Constitución, e compromete a todos os poderes ao seu cumprimento.
- 3.- Animar aos dous partidos maioritarios a buscar acordos de Estado que eviten que a sociedade española estea sometida ás condicións ilegais de partidos independentistas.

Santiago de Compostela, 22 de setembro de 2023





Asinado dixitalmente por:

Alfonso Rueda Valenzuela na data 21/09/2023 18:45:35

José Alberto Pazos Couñago na data 21/09/2023 18:48:58

Paula Prado del Río na data 21/09/2023 18:49:22

Raquel Arias Rodríguez na data 21/09/2023 18:49:58

María Sol Díaz Mouteira na data 21/09/2023 18:56:35

Miguel Ángel Santalices Vieira na data 21/09/2023 18:57:15

María Encarnación Amigo Díaz na data 21/09/2023 19:03:40

José Antonio Armada Pérez na data 21/09/2023 19:07:03

José Manuel Balseiro Orol na data 21/09/2023 19:07:07

Moisés Blanco Paradelo na data 21/09/2023 19:07:31

Cachafeiro Anta, Belén na data 21/09/2023 19:07:34

Diego Calvo Pouso na data 21/09/2023 19:07:58

María Elena Candia López na data 21/09/2023 19:08:00

Ramón Carballo Páez na data 21/09/2023 19:08:28

Teresa Egerique Mosquera na data 21/09/2023 19:08:31

José Luis Ferro Iglesias na data 21/09/2023 19:09:33

Freire Vázquez, María Begoña na data 21/09/2023 19:09:37

Ana Belén García Vidal na data 21/09/2023 19:10:08

Gómez Salgado, Carlos na data 21/09/2023 19:10:11

Susana López Abella na data 21/09/2023 19:10:36





López Sánchez, Rosalía na data 21/09/2023 19:10:39

Rubén Lorenzo Gómez na data 21/09/2023 19:11:14

Paula Mouzo Mas na data 21/09/2023 19:11:17

María Guadalupe Murillo Solís na data 21/09/2023 19:12:13

Pardo López, Adrián na data 21/09/2023 19:12:37

Noelia Pérez López na data 21/09/2023 19:13:15

Fernando Pérez Domínguez na data 21/09/2023 19:13:41

Carmen María Pomar Tojo na data 21/09/2023 19:13:54

María Corina Porro Martínez na data 21/09/2023 19:14:22

Prado Patiño, Jesús Miguel na data 21/09/2023 19:14:49

José Luis Regueiro Fernández na data 21/09/2023 19:15:08

María Felisa Rodríguez Carrera na data 21/09/2023 19:15:20

Rodríguez Pérez, Moisés na data 21/09/2023 19:16:10

Ángel Rodríguez Conde na data 21/09/2023 19:16:46

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 21/09/2023 19:17:16

María Belén Salido Maroño na data 21/09/2023 19:17:21

Manuel Santos Costa na data 21/09/2023 19:17:46

Cristina Sanz Arias na data 21/09/2023 19:17:50

María Elena Suárez Sarmiento na data 21/09/2023 19:18:04

Katherinie Varela Fernández na data 21/09/2023 19:18:43

Borja Vereza Fraiz na data 21/09/2023 19:18:47

Sandra Vilela Riveiro na data 21/09/2023 19:19:02



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, **Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey**, a través do portavoz e, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate **en Pleno**.

A Lei 2/2023, do 20 de febreiro, reguladora da protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción introduce tanto no ámbito privado como no público novos e esixentes mecanismos, facendo efectiva a transposición de normativa europea para a protección dos chamados *whistleblowers*, é dicir, persoas que coñecen no seu ámbito de actividade feitos potencialmente constitutivos de infracción ou delito e queren denuncialos.

A citada lei aplícase, ademais no ámbito empresarial, a todas as administracións públicas e entidades instrumentais delas dependentes, establecendo un prazo de 3 meses para a adopción dos mecanismos nela previstos, moitos deles de ámbito autonómico.

Non é esaxerado dicir que esta lei marca un antes e un despois na loita contra a corrupción pero, nun estado complexo como o español, require medidas para desenvolve-la sinaladamente desde o ámbito autonómico.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que articule, dentro do seu ámbito de competencia e coherentemente coa normativa europea e estatal, os



instrumentos e modificacións normativas necesarios para dotar a Galicia dun verdadeiro sistema integral de protección das persoas denunciante de prácticas corruptas, ilícitas ou fraudulentas, con estritas garantías de confidencialidade e indemnidade laboral e persoal para todo denunciante.

Parlamento de Galicia, 14 de setembro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 14/09/2023 12:25:38

Paloma Castro Rey na data 14/09/2023 12:26:04

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 14/09/2023 12:26:16





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Cristina Fernández Davila, Luis Bará Torres, Daniel Castro García e Mercedes Queixas Zas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, relativa ás demandas do Consello Escolar do IES de Soutomaior e do Concello de Soutomaior pola denegación do Programa de Diversificación Curricular e o arquivo do expediente aberto á orientadora do centro.

Exposición de motivos

O Consello Escolar do IES de Soutomaior, reunido o pasado día 12 de setembro, aprobou trasladar á Xefatura Territorial de Educación de Pontevedra un acordo unánime en relación coa denegación do Programa de Diversificación Curricular e o expediente incoado á orientadora do centro.

A comunidade escolar no seu conxunto considera que a actitude da inspección educativa é “desproporcionada, sesgada e inaceptábel” e sinala no escrito enviado á Xefatura Territorial que “De ningunha maneira podemos tolerar ameazas ou aperturas de expedientes ante profesionais que están buscando e defendendo que se atenda a diversidade do alumnado no IES de Soutomaior, e facéndoo ademais cunha profesionalidade e respecto polo noso alumnado que é recoñecida por toda a comunidade educativa”.

No acordo adoptado polo consello escolar sinálase tamén que “ademais destes problemas [de atención á diversidade] no IES de Soutomaior padecemos dende hai





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

tempo graves problemas de masificación, falta de espazos ou problemas co transporte e unha importante ratio de alumnado con dificultades (alumnado inmigrante, rural, circunstancias socioeconómicas)”.

E salientan o esforzo que está a realizar o conxunto da comunidade educativa e a falta de sensibilidade da administración educativa.

O Concello de Soutomaior tamén se dirixiu á consellaría de Educación apoiando as demandas do consello escolar e demandando unha saída negociada ao conflito creado.

Desde o BNG consideramos que se debe encauzar este conflito procurando unha solución negociada que teña en conta a realidade do centro e o bo facer da comunidade educativa, incluíndo a orientadora.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta a atender as demandas do consello escolar do IES de Soutomaior e do concello de Soutomaior de maneira que:

-Se revise a denegación do PDC por facer unha interpretación restritiva da norma, xa que 3 alumnos rexeitados recibiron reforzos en 1º ou en 2º da ESO, e amosaron claras dificultades educativas, razóns polas que a xunta de avaliación e o Departamento de Orientación os propuxeron para este grupo.

-No caso de non facer unha interpretación que favoreza a creación do grupo se plantexe a excepcionalidade de grupos con ratio menor do establecido no artigo 10.1 da





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Orde do 26 de maio de 2023 ou o declarado polo propio conselleiro de Educación Román Rodríguez cando afirma: “Garanto que se vai seguir apoiando ao alumnado que máis o necesite para blindar a equidade independentemente de onde viva ou das súas condicións socio-económicas”.

-Se archive de maneira inmediata o expediente iniciado á orientadora do centro e se inicie unha nova vía de diálogo e colaboración en beneficio do conxunto do alumnado.”

Santiago de Compostela, 15 de setembro de 2023

Asdo.: **Cristina Fernández Davila**

Daniel Castro García

Mercedes Queixas Zas

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 15/09/2023 13:46:06

Cristina Fernández Davila na data 15/09/2023 13:46:11





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Castro García na data 15/09/2023 13:46:16

Mercedes Queixas Zas na data 15/09/2023 13:46:25



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados, **Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Paloma Castro Rey, Julio Torrado Quintela e Pablo Arangüena Fernández**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate **en Pleno**.

O slalom é unha disciplina olímpica do piragüismo cuxo obxectivo consiste en recorrer, no menor tempo posible e sen penalizacións, un recorrido en augas bravas cuxa dificultade técnica auméntase mediante portas de paso obrigado.

A partir do ano 2002 esta disciplina deportiva foise introducindo paulatinamente en Galicia a través das campañas de promoción da Real Federación Española de Piragüismo, sendo a nosa comunidade un dos lugares onde máis expansión tivo, sobre todo pola abundancia de escenarios naturais aptos para a súa práctica e a existencia dun gran tecido de clubs deportivos ligados á práctica de piragüismo.

Ata hai 10 anos só eran salientables como núcleos de práctica de slalom as comunidades autónomas de Cataluña e o País Vasco, onde se atopaban a práctica totalidade dos clubs e instalacións, e onde se desenvolvían as competicións.

Na actualidade, o slalom practícase en todas as autonomías do Estado, con competicións repartidas por toda a península, o que implicou un gran cambio na dinámica desta especialidade deportiva en cuanto á práctica, non así en canto ao potencial deportivo, que segue estando concentrado nos núcleos máis tradicionais.



A nivel internacional, España é unha potencia emerxente nesta modalidade olímpica, de feito, nos últimos xogos olímpicos a nosa delegación acadou os seus mellores resultados, cunha medalla de bronce en K1 Feminino de Maialem Chourraut, e dous postos de finalista no C1 Masculino (Ander Elosegui, 4º) e en K1 Masculino (Samuel Hernanz, 5º)

En Galicia o slalom en augas bravas é a modalidade de piragüismo que máis medrou nos últimos anos, e conta con dez clubs que participan tanto en competicións autonómicas (copas galegas) como en nacionais (copas de España).

O gran núcleo de práctica da modalidade na nosa comunidade está no sur da provincia de Pontevedra con seis clubs (Nigrán, Baiona, Tomiño, Tui, Salvaterra y Mondariz), ademais dos outros dous en Monforte (Lugo) e en Dumbría (A Coruña).

Actualmente, existe un núcleo de traballo do equipo nacional (Seu d'Urgell) y dous núcleos de tecnificación nacional (Seu d'Urgell e País Vasco) que comparten sede cos dos programas autonómicos existentes (Cataluña e País Vasco) ademais do galego (CGTD Pontevedra) onde existe un grupo de traballo con un técnico e seis palistas dos que dous pertencen ao CDM Piraguismo Dumbría.

Na actualidade, só hai un campo de slalom de primeiro nivel na Seu d'Urgell, que acolleu os xogos Olímpicos de Barcelona, sendo sede habitual de copas do mundo e campeonatos europeos ou mundiais; ademais hai outras tres instalacións permanentes en Ponts e Sort, na provincia de Lleida, e outra en Zaragoza, que se atopa semiabandonado.



Un campo de slalom permanente é unha instalación que permite o entreno desta modalidade deportiva en perfectas condicións, e sendo o río Xallas, no seu tramo aos pes da central hidroeléctrica en Dumbría, un emprazamento idóneo para unha instalación destas características.

Dende o Grupo Socialista defendemos a conservación dos ríos e a súa biodiversidade pero tamén que isto ten que ser compatible coa práctica de deportes acuáticos como se está a facer en moitos lugares de España e Europa.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en aprobación:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno da Xunta á elaboración dun canal de slalom para piragüismo no termo municipal de Dumbría consensuado coa Federación Galega de Piragüismo.

Parlamento de Galicia, 15 de setembro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 15/09/2023 15:00:59

Paloma Castro Rey na data 15/09/2023 15:01:14

Julio Torrado Quintela na data 15/09/2023 15:01:25

Pablo Arangüena Fernández na data 15/09/2023 15:01:36





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2023 16:30:00
Nº Rexistro: 59900
Data envío: 15/09/2023 15:09:06.828

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 15/09/2023 15:01:52

CSV: BOPGDSPG-1UsZIDY1d-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
218466

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputado **Cristina Fernández Davila, Montserrat Prado Cores, Mercedes Queixas Zas e Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a situación da atención á diversidade no ámbito educativo e o futuro dos equipos de orientación nos centros escolares.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Orde do 8 de setembro de 2021 que regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes en Galicia, establece que a diversidade é unha realidade social e a resposta educativa a esa diversidade debe concretarse, entre outras medidas, na oferta de recursos e medidas educativas que contribúa á participación de xeito autónomo, nunha sociedade democrática.

Esta orde regula unha ferramenta básica para lograr os seus obxectivos, os Departamentos de Orientación dentro dos centros educativos, que serán os asesores do alumnado, profesorado e familias e atenderán a orientación como unha actuación profesional destinada a toda a comunidade educativa para conseguir unha inclusión efectiva de todo o alumnado, con independencia da súa diversidade e que irá acompañada dos recursos materiais e humanos e que desenvólvese no seu capítulo V, onde fai referencia a todas as persoas profesionais involucradas neste proceso.

Estes últimos anos á comunidade educativa das Comarcas Condado e Paradanta (centros tan diversos como o CEIP Nosa Sra. Dos Remedios, o CEIP Feliciano Barrera





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de Guláns, ou CEIP Fermín Bouza Brey, todos en Ponteareas, ou o CEIP Nosa Sra. De Lourdes en Mondariz Balneario e outros da comarca) manifestan o aumento considerable dos casos de alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (no curso 2023-24, aproximadamente o 30% do alumnado dos centros será NEAE). Isto sempre conleva a petición por parte das direccións dos centros escolares de máis efectivos docentes e especializados nos departamentos de Orientación (Audición e Linguaxe, Pedagogía Terapéutica, persoal aux. Coidador...), para manter a calidade educativa e unha atención axeitada para todo o alumnado, incluíndo as necesidades específicas e obxectivos marcados para o alumnado NEAE.

Calquera alumno ou alumna NEAE precisa de máis de 2 horas á semana de atención específica para que esta sexa de calidade e poidan avanzar a nivel educativo e integral. Cos efectivos de especialistas actuais dentro dos departamentos de Orientación, non é factible que esta premisa se cumpra.

Ademais, nos últimos cursos están matriculándose nos centros escolares alumnado de 3 anos con retrasos na linguaxe debido á exposición excesiva a tabletas e móbiles, os canguros dixitais. Igual que medra o número de alumnado TEA, como avala o Informe realizado este mesmo ano pola Confederación Autismo España, ou tratan a alumnado con sospeita de Dislexias en tanto non están debidamente diagnosticados, xa que non se derivan estes casos directamente a Neuroloxía.

A comunidade educativa precisa unha maior implicación da Consellería con competencias en Educación para que asuma as súas funcións para garantir a todo o alumnado, para o NEAE tamén, unha atención educativa de calidade tendo en conta as características e capacidades de cada alumna e alumno. Para iso deben resolver a falta de recursos persoais nos equipos de Orientación en todas as súas especialidades. Cuestión na que están de acordo a inmensa maioría dos CEIP e IES de Ponteareas e a Comarca Condado-Paradanta.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Neste intre estes equipos están desbordados debido ao alto número de alumnado NEAE matriculado, cada un cunha atención individualizada e un programa personalizado e documentado. Isto orixina unha burocratización extraordinaria e paralizadora que consume moito tempo, tempo que non se usa para aplicación efectiva de programas e plans para o alumnado. Polo tanto debe existir un protocolo entre os distintos sectores afectados neste proceso para detectar, diagnosticar e aplicar medidas ao alumnado NEAE nas súas distintas realidades.

Os equipos de Orientación teñen falta de recursos e tempo para poder implementar nos centros programas de interese xeral que poden mellorar os resultados académicos, pero tamén a nivel persoal. E por todo o citado deben estar mellor valoradas como profesionais pero tamén mellor remuneradas pola responsabilidade, dispoñibilidade horarias cara ás familias, adicación e polo tipo de cualificación que precisan para o desenvolvemento do seu traballo, a mesma que a solicitada para os equipos dos IES.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

1) Desenvolver a través da Consellaría de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, as seguintes accións:

- Considerar a Orientación como o motor de cambio pedagóxico dentro dos centros escolares.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Liberar aos equipos de Orientación do elevado número de informes que se ven obrigados a realizar na actualidade, deixando nun segundo plano a atención que precisa o alumnado, como é a posta en marcha de programas de fomento das habilidades sociais, autoconcepto e autoestima, de desenvolvemento de capacidades, de prevención da aparición de dificultades de aprendizaxe... asumindo un papel de axente impulsor/a da comunidade educativa.
- Dar respaldo aos equipos de Orientación dende as direccións dos centros e da mesma Consellería para poder implementar os distintos programas dentro das aulas e con respecto ás familias.
- Dotar os equipos de Orientación con maior número de especialistas para poder atender ao alumnado NEAE as horas que sexan precisas para apreciar o avance e impulso académico e persoal dos alumnos/as.
- Crear unha Comisión de debate e planificación onde estean representados todos os sectores educativos e persoas expertas no ámbito da diversidade, da saúde e dos servizos sociais. Esta Comisión deberá ademais permitir e mellorar a coordinación entre as distintas administracións, familias afectadas e especialistas (públicos e privados si é preciso) en beneficio do alumnado.
- Valorar o importante cambio social existente e futurible, para proporcionar ferramentas ás familias coas que ter a información, formación e recursos suficientes para solventar o máximo posible situacións non beneficiosas para as súas fillas e fillos.
- Dar continuidade estable no tempo a programas como “Proa+”, que remata en 2024 ou “Acompaña”, que son financiados con Fondos Europeos e polo Ministerio de Educación.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Valorar como corresponde o traballo, responsabilidade e dispoñibilidade dos equipos de orientación, remunerando estas cuestións en relación á formación solicitada para exercer como profesional orientador/a.

2) Impulsar, a través da colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, e a Consellaría de Sanidade, as seguintes medidas:

- Coordinar e facilitar unha comunicación fluída entre Pediatría, Neuroloxía, as familias e Orientación.
- Priorizar as consultas de Neuroloxía pediátrica, verificando con todos os medios ao seu alcance o contido dos informes emitidos por Orientación e que orixinaron a petición da consulta. Recomendar recursos públicos de calidade ás familias como primeira opción.
- O SERGAS debe dotar de suficiente persoal facultativo ao Servizo de Neuroloxía Pediátrica para poder consultar con tempo suficiente ás pacientes, para realizar diagnósticos áxiles e correctos e evitar así que as familias acudan á sanidade privada para axilizar as citas.
- Que o servizo de Pediatría derive as posibles Dislexias a Neuroloxía Pediátrica con dilixencia para poder axudar ao neno ou nena canto antes.”

Santiago de Compostela, 18 de setembro de 2023

Asdo.: **Cristina Fernández Davila**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Castro García
Montserrat Prado Cores
Mercedes Queixas Zas
Deputado e deputadas do G.P. do BNG
Ana Pontón Mondelo
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 18/09/2023 12:07:51

María Montserrat Prado Cores na data 18/09/2023 12:08:02

Mercedes Queixas Zas na data 18/09/2023 12:08:25

Daniel Castro García na data 18/09/2023 12:09:03

Ana Pontón Mondelo na data 18/09/2023 12:09:14





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados **Jose Antonio Armada Pérez, Rubén Lorenzo Gómez, Raquel Arias Rodríguez, Carlos Gómez Salgado, María Susana López Abella, Jesús Miguel Prado Patiño e Ángel Rodríguez Conde** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de Motivos

O incremento do prezo dos combustibles vén sendo un problema para moitos sectores económicos, especialmente para aqueles en situación de maior vulnerabilidade, como consecuencia do impacto do contexto xeral da crise de prezos e da guerra na Ucraína.

A esta realidade non son alleos os profesionais do ámbito rural, que viron como desde 2021 o gasóleo agrícola subiu un 64%. Na actualidade, encher o depósito do tractor é moio máis caro que hai 2 anos, mentres que o prezo do leite, da carne e doutros produtos do agro baixa ou non evoluciona na mesma medida que suben os custes de produción.

A situación é aínda máis grave ao longo deste verán, porque o prezo do combustible agrícola ten experimentado novos incrementos, en plena campaña da herba seca. O gasóleo B está hoxe de media en Galicia nun euro con 33 céntimos. Malia que despois se aplica o desconto dos 20 céntimos e doutros 6 da devolución do imposto de hidrocarburos, as contas seguen sen saír en moitas explotacións do rural.

Por iso tanto desde o sector, como desde o Grupo Popular de Galicia, consideramos conveniente adoptar medidas de apoio adicionais. Dos 6,3 céntimos de devolución do imposto de hidrocarburos pódese chegar ao tope de 7,5 que permite Europa, ademais doutras iniciativas dirixidas a axilizar o sistema de cobro destas bonificacións ou incluso, a facelas automáticas no momento de encher o depósito de combustible.

Non é aceptable que o Goberno de España en funcións -insensible co actual situación- obrigue a unha complexa tramitación burocrática para poder beneficiarse destes descontos e a que miles de gandeiros e agricultores teñan que dedicar cada vez máis horas a facer papelame e non a atender a súa actividade profesional.

As subas nos insumos, a baixada dos prezos de primeira venda - nos contratos do leite ou da carne- e a falta de sensibilidade de determinadas administracións como o actual Goberno de España en funcións ante esta problemática, desaniman aos profesionais e comprometen a rendibilidade de moitas granxas no noso rural.





Por todo o exposto, as deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte proposición non de lei en Pleno.

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse o Goberno de España para que promova novas medidas de apoio aos profesionais do medio rural e, entre outras, adopte as seguintes iniciativas:

1º- Incremente ata o máximo nivel que permite Europa, a devolución do imposto de hidrocarburos, en particular respecto do gasóleo B, de uso profesional.

2º- Axilice o sistema de cobro destas bonificacións do combustible agrícola, incluída a posibilidade de recibir o desconto, de xeito automático, no momento no que enchen os depósitos de vehículos e maquinaria agrícola.

Santiago de Compostela, 18 de setembro de 2023.

Asinado dixitalmente por:

José Alberto Pazos Couñago na data 18/09/2023 12:48:30

José Antonio Armada Pérez na data 18/09/2023 12:48:51

Rubén Lorenzo Gómez na data 18/09/2023 12:49:06

Raquel Arias Rodríguez na data 18/09/2023 12:50:08

Gómez Salgado, Carlos na data 18/09/2023 12:50:27

Susana López Abella na data 18/09/2023 12:50:39

Ángel Rodríguez Conde na data 18/09/2023 12:50:53

Prado Patiño, Jesús Miguel na data 18/09/2023 12:51:07





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **José Manuel Balseiro Orol, Carmen Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, José Luis Ferro Iglesias, Begoña Freire Vázquez, Rubén Lorenzo Gómez e Belén Salido Maroño**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

O pasado 12 de xullo un trágico accidente provocou a morte de dous mozos e un ferido grave ao ser atropelado o coche no que viaxaban por un tren nun paso a nivel na parroquia de Recimil, no termo municipal de Lugo capital.

O sinistro produciuse na vía de tren que vai de Palencia á Coruña, no punto quilométrico 423, que carece de barreiras. O turismo, no que viaxaban tres persoas, foi arrastrado polo convoi máis de douscentos metros.

Os tres ocupantes do coche, os dous falecidos e o ferido, traballaban precisamente na infraestrutura ferroviaria, na obra dun centro asociado á subestación do Adif en Oural, no marco da electrificación da liña Ourense-Monforte-Lugo.

O paso a nivel no que se produciu o accidente carece de barreiras, polo que a veciñanza desa zonal leva décadas reclamando a mellora da seguridade no cruzamento onde se produciu o sinistro que, lamentablemente, conta xa cun amplo historial de accidentes.

Se nun primeiro momento Adif, o xestor ferroviario dependente do Ministerio de Transportes, descartaba actuacións no paso a nivel onde tivo lugar este accidente, a presión da cidadanía logrou que rectificase e que agora estea aberta a actuar neste espazo. Con todo, existen outros moitas localidades galegas en similares circunstancias que fan urxente a posta en marcha dun plan de mellora da seguridade.

Polo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que mellore a seguridade nos cruzamentos entre as redes ferroviarias e as estradas galegas, a través dun plan de supresión dos pasos a nivel, que dea prioridade -con carácter de urxencia- á eliminación daqueles que carecen de barreiras”.





**PARLAMENTO
DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/09/2023 13:17:18
Nº Rexistro: 59912
Data envío: 18/09/2023 13:17:18.963

Santiago de Compostela, 18 de setembro de 2023

Asinado dixitalmente por:

José Alberto Pazos Couñago na data 18/09/2023 12:56:56

José Manuel Balseiro Orol na data 18/09/2023 12:57:18

Carmen María Pomar Tojo na data 18/09/2023 12:57:41

Ramón Carballo Páez na data 18/09/2023 12:58:01

José Luis Ferro Iglesias na data 18/09/2023 12:58:20

Freire Vázquez, María Begoña na data 18/09/2023 12:58:41

Rubén Lorenzo Gómez na data 18/09/2023 12:58:57

María Belén Salido Maroño na data 18/09/2023 12:59:17

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-1UsZIDY1d-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Carmen Aira Díaz** e **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Centro de Saúde de Monterroso conta cunha praza de Fisioterapia en quenda de mañá para asistir a unhas 10.000 TIS, do propio Monterroso, e dos concellos de Palas de Rei, Taboada e Antas.

Neste momento estase a cubrir con persoal de reforzo ou acumulo de tarefas o que supón que o número de días máximo que pode durar este vínculo é de 180 días no prazo de 365, pero pode ser moi inferior, incluso de 1 día.

Estas dúas cuestións inciden moi negativamente na calidade asistencial á poboación destes concellos xerando listas de espera de 2 ou mais anos, o que na práctica supón para unha parte importante da poboación non contar con fisioterapia na sanidade pública, xa que as persoas que non teñen necesidades músculo-esqueléticas prioritarias quedan no fondo da lista probablemente anos, ou incluso para sempre.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Son os propios profesionais os que por moito que se dediquen a atender á poboación sen perda de tempo algún non son capaces por moito que o intenten de sacar adiante ás persoas que están en lista de espera. A poboación do interior da provincia de Lugo ten unha elevada media de idade o que leva aparelado un incremento das necesidades de atención fisioterapéutica, o feito de non tela prexudica gravemente a esta poboación, agrava patoloxías e fomenta o sufrimento da poboación.

Noutras poboacións da provincia con fisioterapia compartida entre varios concellos e que asisten a similar poboación contan con persoal estable e incluso teñen 2 profesionais en quendas de mañá e tarde, mentres en Monterroso, aínda habendo unhas instalacións adecuadas para que convivan 2 fisioterapeutas na mesma quenda só hai un/unha e cun gran nivel de rotación.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta ao goberno da Xunta a que na maior brevidade posible:

1. Dote ao centro de saúde de Monterroso dun/dunha fisioterapeuta en situación de interinidade para evitar a excesiva rotación de persoal e posibilitar que esta praza se cubra con persoal coa praza en propiedade.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Incremente noutro profesional de fisioterapia a este centro de saúde para que a poboación poida ser atendida en igualdade de condicións que noutras zonas do país e se poida reducir drasticamente as listas de espera.”

Santiago de Compostela, 18 de setembro de 2023

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 18/09/2023 13:10:48

Olalla Rodil Fernández na data 18/09/2023 13:10:54

María del Carmen Aira Díaz na data 18/09/2023 13:11:28





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Carmen Aira Díaz** e **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No centro de Saúde de Monterroso hai unha carencia evidente de persoal sanitario, máxime cando este actúa como cabeceira de comarca para moitos profesionais que teñen que acudir a outros concellos facer o seu labor e que á súa vez reciben usuarias e usuarios de fóra do concello. Por isto a falta de persoal nos Centros de Saúde dos Concellos de Taboada, Portomarín, Antas de Ulla e Monterroso inflúe de uns noutros.

Foi obxecto doutra iniciativa parlamentar o asunto da falta de profesionais de fisioterapia e agora procede tratar o asunto da falta de profesionais de enfermería de atención pediátrica e de matronas.

Ambas cuestións inflúen sen dúbida na calidade asistencial e desincentivan ás familias en idade fértil de fixar a súa residencia no concello ou ben se a fixan dubidarán se ter descendencia ante a falta de atención específica de proximidade.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A facultativo especialista en pediatria atende aos concellos de Monterroso, Portomarín, Taboada e Antas de Ulla, pero só se despraza a Taboada un día á semana, non sendo suficiente para atender á demanda existente, polo que os pais e nais levan ás súas criaturas ao CS de Monterroso o resto de días da semana.

Isto repercute no traballo da enfermería, primeiro no CS de Taboada, no que tampouco hai suficiente persoal e de feito os dous postos de enfermería atenden a máis de 2500 Tis cunha elevada media de idade e ningún deles ten un posto vinculado á atención pediátrica. Segundo, no CS de Monterroso no que hai dous postos de enfermería de adultos e un posto ao 50% adultos-pediatria, no que ese medio posto ten que atender ás criaturas dos outros tres concellos, máis aos de Taboada que non puideron ser atendidos no día sinalado.

Así mesmo, a matrona coa praza en Antas de Ulla atende Monterroso e Palas de Rei e dende logo non parece suficiente para a atención enfermeira obstétrico-xinecolóxica, xa que hai lista de espera e actúa como elemento desincentivador no mesmo sentido que o comentado no caso da pediatria.

Evidentemente unha das causas que fan máis grave esta insuficiencia de persoal é a falta de cobertura das ausencias do mesmo, pero aínda tendo garantida a cobertura é preciso un reforzo para a atención pediátrica e obstétrico-xinecolóxica.

Isto noutras zonas do país estase resolvendo con profesionais con distintas modalidades de vínculo, e outras solucións distintas para que a poboación poida recibir a atención sanitaria precisa.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento Galego insta ao goberno da Xunta a :

1. Facer unha avaliación das necesidades de atención pediátrica en xeral e de enfermería obstétrico-xinecolóxica.
2. Dotar a estes Centros de Saúde de reforzo de Facultativo especialista en pediatría e de enfermeira especialista en obstetricia e xinecoloxía.
3. Reorganizar a atención pediátrica de enfermería co fin de incrementar o número de profesionais que se fan cargo deste asunto nos centros de saúde nos concellos de Monterroso e Taboada.
4. Garantir a cobertura do persoal nas súas ausencias para así alcanzar unha óptima calidade asistencial.”

Santiago de Compostela, 18 de setembro de 2023

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 18/09/2023 13:35:56

María Montserrat Prado Cores na data 18/09/2023 13:36:10

Olalla Rodil Fernández na data 18/09/2023 13:36:29



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, **Martín Seco García e María Carmen Rodríguez Dacosta**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate **en Pleno**.

Nestes días estamos a vivir a declaración de emerxencia cinexética no 80 % de Galicia pola numerosa presenza de poboacións de xabaril no noso territorio. Os danos nos cultivos son numerosos ano tras ano como denuncian as organizacións agrarias e os accidentes de tráfico derivados da presenza dos ditos animais nas nosas vías de comunicación aumentan ata ser un dos motivos máis comúns nas nosas estradas, ademais existe unha fonda preocupación pola posible aparición de peste porcina derivada da sobre-poboación desta especie.

O gran aumento do número de xabaráis derivado dunha mala xestión do Goberno galego, fai que levemos anos observando como aparecen grupos de xabaráis en territorio urbano, ata chegar a este momento onde resulta doado atoparse cun grupo deles camiñando polas rúas das cidades, vilas e aldeas, producindo danos en infraestruturas e xerando un problema de seguridade polo risco potencial que corre a poboación ante o ataque dun animal destas características.

Non existe ningún mecanismo pactado entre os concellos e o Goberno galego para facerlle fronte á presenza destes animais en territorio urbano, polo que sería desexable que a Xunta asumise a súa responsabilidade por non ter xestionado a dita especie e as competencias que ten con respecto á fauna silvestre, sen cargar de novos custes a uns concellos que xa soportan multitude



de gastos derivados de competencias impropias que a Xunta debería financiar e a suficiencia económica de moitos concellos pequenos está comprometida.

A Administración autonómica ten á súa disposición numeroso persoal especializado na materia e material para facerlle fronte, polo que debería asumir a xestión da presenza da dita especie nas nosas rúas, establecendo un protocolo pactado cos concellos de Galicia, onde se indique como se comunica a aparición de grupos de xabarís en zona urbana, quen se encarga de capturalos e como se retiran as unidades capturadas e se fai cargo dos seus corpos, aproveitando o persoal da Xunta de Galicia para o dito fin.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a asumir a responsabilidade ante a presenza do xabril en territorio urbano e formar unha mesa de traballo coa Fegamp para establecer un protocolo de actuación nestes casos, poñendo a disposición os medios materiais e humanos da Administración autonómica para afrontar esta situación.

Parlamento de Galicia, 18 de setembro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 18/09/2023 13:45:04

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 18/09/2023 13:45:33





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/09/2023 13:48:47
Nº Rexistro: 59936
Data envío: 18/09/2023 13:48:47.057

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 18/09/2023 13:45:46

CSV: BOPGDSPG-1UsZIDY1d-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
218486

@PSdeG



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A principios de 2023 o Consello Xeral do Poder Xudicial (CGPJ) reforzou o Xulgado de Violencia sobre a Muller de A Coruña coa incorporación dunha maxistrada máis.

Desta forma reforzouse o xulgado especializado en violencia co fin de conseguir reducir os procedementos en trámite e aliviar a carga de traballo do órgano, co fin de dar unha resposta máis áxil a as vítimas de violencia machista.

O CGPJ tamén reforzou o Xulgado do Penal número 6 de A Coruña, encargado de enxuzar aos procedementos que instrúe o Xulgado de Violencia sobre a Muller, que no son competencia da Audiencia Provincial, en previsión do incremento de casos que se remitirán para o seu enxuzamento ao Penal dende o Xulgado de Violencia sobre a Muller, coa incorporación da nova maxistrada e evitar así un posible embotellamento.

A maiores reforzouse o equipo destes xulgados con letrados da Administración de Xustiza, e os/as funcionarios/as correspondentes.

No Xulgado de Violencia contra a Muller de A Coruña, xa se establecera hai 3 anos a necesidade de incrementar nun tramitador o equipo técnico do Xulgado, por iso estableceuse un reforzo durante o prazo máximo de 3 anos, que finalizou o pasado mes de xuño.



Tres meses despois a Consellería de Xustiza non aclarou se vai manter esta praza.

A necesidade segue vixente o que transforma un problema que fora visto coma puntual nunha necesidade estrutural por iso dende o Grupo Socialista cremos que é necesario a creación desa praza.

Os números non diminuíron nos últimos anos senón que aumentaron considerablemente polo que a necesidade de consolidar esta praza está plenamente xustificada.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia á creación dunha praza de tramitador procesual para o Xulgado de Violencia de Xénero de A Coruña, xustificada no incremento progresivo dos asuntos que entran neste xulgado e o inxente traballo que se viña cubrindo dende hai tres anos.

Santiago de Compostela, 15 de setembro do 2023

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 18/09/2023 15:59:20

Pablo Arangüena Fernández na data 18/09/2023 15:59:29





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/09/2023 16:30:00
Nº Rexistro: 59939
Data envío: 18/09/2023 16:14:08.401

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 18/09/2023 15:59:39

CSV: BOPGDSPG-1UsZIDY1d-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
218489

@PSdeG



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Eduardo Ojea Arias** e **Patricia Otero Rodríguez**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Plan Estatal de Vivenda 2018-2021 reorientou as axudas estatais á vivenda con obxecto de facer fronte á crise económico- financeiro iniciada no ano 2007.

Este plan, pretendía resolver as dificultades da cidadanía para acceder a unha vivenda digna e adecuada, especialmente dos sectores máis vulnerables, debido fundamentalmente a precariedade e a debilidade do mercado de traballo, así como a restrición do financiamento por parte das entidades de crédito.

A recuperación desta crise, rematou no ano 2020, e aí comeza unha nova crise, crise tanto sanitaria como económica orixinada pola pandemia producida polo COVID.

O Goberno central ante a chegada dos fondos europeos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia no ámbito do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia de España destinados prioritariamente a rehabilitación en termos de sustentabilidade e mellora da eficiencia enerxética, viu a necesidade de impulsar un novo plan estatal de vivenda o (Plan Estatal para o acceso á vivenda 2022-2025).



Este plan facilita o acceso á vivenda, a curto prazo, mediante axudas ao alugueiro á cidadanía vulnerable, asemade e xa a medio prazo a propiciar de forma estrutural o incremento do parque público de vivenda e do parque de vivenda en alugueiro asumible ou social, especialmente nas contornas rurais, que é onde a dispoñibilidade de vivenda é mais escasa.

O Ministerio de Transporte, Mobilidade e Axenda Urbana e as comunidades autónomas asinaron un convenio para executar o Plan Estatal de Vivenda 2022-2025. Contaban cunha aportación por parte do Ministerio de máis de 1.420 millóns de euros para os 4 anos de vixencia do plan. A Comunidade galega correspóndenlle máis de 82 millóns de euros, para este período.

O Ministerio aporta o 73 % do financiamento e do resto faranse cargo as comunidades autónomas. Isto pon de manifesto a importancia da cooperación entre as administracións para atender as necesidades máis urxentes dos cidadáns e cidadás en materia de vivenda.

Este plan crea sinerxías ao esixir ao Goberno e ás comunidades autónomas unha grande coordinación no exercicio das súas competencias e unha grande corresponsabilidade no financiamento e xestión. Desenrola mecanismos de colaboración público-privado na execución de parque pública e vivenda e alugueiros.

O Goberno do Estado renova o compromiso para facilitar o acceso á vivenda coa aprobación deste real decreto, do Plan Estatal para o acceso á vivenda 2022-2025, no que se regula un novo paquete de axudas estatais á vivenda, adaptadas á realidade actual.



Conta con varios programas que articulan a concesión de axudas ao alugueiro; ao financiamento de actuacións para erradicar a infravivenda e o chabolismo, e para mellorar a accesibilidade das vivendas e promover a rexeneración e renovación urbana e rural de zonas degradadas:

- Programa de axuda ao alugueiro de vivenda, incluíndo medidas especiais para persoas especialmente vulnerables, poboación en situación de vulnerabilidade sobrevida ou mozos.
- Programa de incremento do parque público de vivendas.
- Programa de fomento de vivendas para persoas maiores ou persoas con discapacidade.
- Programa de fomento de aloxamentos temporais, de modelos cohousing de vivendas interxeracionais.
- Programa de posta a disposición de vivendas de entidades públicas para o seu alugueiro como vivenda social.
- Programa de fomento da posta a disposición das comunidades autónomas e concellos de vivendas libres para o seu alugueiro como vivenda asumible ou social.
- Programa de mellora da accesibilidade en e as vivendas.
- Programa de axuda a erradicación de zonas degradadas, do chabolismo e da infravivenda.
- Programa de axuda para o pago do seguro de protección do alugueiro.

Visto que xa estamos a rematar o ano 2023, sería bo coñecer os programas que leva ofertado a Xunta de Galicia, a través do IGVS, dentro dos programas recollidos no Plan Estatal de Vivenda 2022-2025, é polo que o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a poñer en marcha, o máis rápido posible, os programas recollidos no Plan Estatal de Vivenda 2022-2025,



que ata o de agora non forma parte da oferta recollida no Instituto Galego de Vivenda e Solo, co fin de ampliar as axudas para os galegos e as galegas.

Santiago de Compostela, 18 de setembro do 2023

Asinado dixitalmente por:

Eduardo Ojea Arias na data 18/09/2023 16:09:21

Patricia Otero Rodríguez na data 18/09/2023 16:09:29

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 18/09/2023 16:09:38



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O novo concurso de adxudicación do servizo de vixilancia e seguridade dos edificios xudiciais de Galicia reduce notablemente a partida destinada a este servizo producindo como consecuencia unha diminución do persoal que o presta.

As organizacións sindicais máis representativas teñen convocadas concentracións como denuncia polas novas condicións deste contrato que entenden non contempla unha dotación económica suficiente para cubrir os gastos salariais do persoal que vai ser subrogado por unha banda, e por outra non dá resposta ás necesidades de vixilancia e seguridade dos edificios xudiciais.

Os socialistas defendemos que os edificios xudiciais teñen que ser lugares que contén cun extra de seguridade xa que teñen unha gran afluencia de persoas, neles tramítanse procedementos onde poden darse moitas situacións de conflito e contan con moita documentación sensible.

A vixilancia e seguridade constitúen unha obriga da Administración que ten que dotalos dos medios persoais e materiais que a garantan.



Por outra banda, as persoas usuarias da Administración de xustiza teñen dereito a acceder á mesma nunhas condicións amables e seguras.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a modificar as condicións do novo concurso de seguridade dos edificios xudiciais de Galicia co fin de que poida dar resposta ás necesidades de vixilancia e seguridade das instalacións.

Santiago de Compostela, 19 de setembro do 2023

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 19/09/2023 11:35:29

Pablo Arangüena Fernández na data 19/09/2023 11:35:38

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 19/09/2023 11:35:50





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Noa Presas Bergantiños** e **Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, relativa ao repunte de feminicidios e violencia machista que se está a rexistrar no conxunto do Estado español e a valoración do goberno galego respecto do sistema galego de protección e prevención da violencia machista e os axustes e melloras a desenvolver,

Exposición de motivos

Os meses de verán de 2023 están a deixar unhas cifras alarmantes canto á consumación de asasinatos machistas no conxunto do Estado. Esta situación, que se dá ademais nun contexto sociopolítico de avance dos discursos negacionistas da violencia machista, debe facer saltar todas as alertas nas administracións públicas e levar á revisión dos mecanismos previstos para mellorar a prevención e a intervención, así como para concienciar á sociedade das consecuencias do patriarcado e da falsidade dos discursos que cuestionan a súa existencia.

No período comprendido entre xaneiro e mediados de setembro de 2022, os datos oficiais do goberno do Estado informaban (con data de 22 de setembro de 2022) da consumación de 30 asasinatos machistas no día en que se cometía un en Girona. Un ano despois, o 18 de setembro de 2023 as fontes oficiais informaban de tres asasinatos producidos en Alacant, Castelló e Murcia. Estes tres asasinatos xunto cos anteriores dan un ascenso de 47 asasinadas por violencia machista no que vai de 2023 no Estado español, dúas en Galiza. Cabe sinalar que o noso país non rexistrou en 2022 ningunha muller vítima mortal por violencia de xénero recoñecida como tal pola lexislación





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

española, de entre os 49 casos rexistrados no conxunto de España ao remate do ano 2022, aínda que cabe sinalar o asasinato de Jéssica Méndez, veciña de Barro, que foi arrollada por un veciño que a acosaba. Outro dato importante é que no que vai de ano compútanse xa 46 orfos e orfas vítimas de violencia machista, que xa supera o total de 38 rexistrados en termos estatais no conxunto do ano anterior.

Esta situación e as diferentes circunstancias (denuncia previa ou non, situacións que incrementan a vulnerabilidade, etc) debe facer reflexionar aos poderes públicos sobre que cuestións deben mellorar para unha maior protección, que aspectos do marco lexislativo non están desenvolvidos, que cuestións do Convenio do Istambul non están debidamente impulsadas e, sobre todo, como eliminar o negacionismo da violencia machista da nosa sociedade e das nosas institucións.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1.- Expresar o apoio ao feminismo galego e ás convocatorias impulsadas ao abeiro do 25 de novembro de 2023 contra a violencia machista así como a enérxica repulsa ao recorte en dereitos sociais e medidas que están a impulsar outras comunidades autónomas e concellos ao longo do Estado español por normalizar o negacionismo e supoñer un retroceso sen precedentes.

2.- Incrementar os recursos económicos destinados especificamente a loitar contra a violencia de xénero do proxecto de orzamentos de 2024 de forma que se sitúen como mínimo, no 1% do total e así dotar de suficientes recursos para que se rectifique a liña de incumprimento da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

tratamento integral da violencia de xénero en aspectos como a atención psicolóxica na atención primaria.

3.- Impulsar unha mesa de traballo a través do Observatorio Galego da Violencia de Xénero para avaliar o impacto dos discursos negacionistas, da manoseira e do incremento de feminicidios no conxunto da nosa sociedade e que medidas de reforzo, estudo ou mellora deben impulsarse. Dita mesa de traballo elaborará un informe que se remitirá ao Parlamento Galego para o seu debate e a formulación de propostas de resolución.”

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2023

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Deputada do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 19/09/2023 12:23:54

Olalla Rodil Fernández na data 19/09/2023 12:24:06



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e das súas deputadas, **Martín Seco García, Carmen Rodríguez Dacosta, Pablo Arangüena Fernández e Leticia Gallego Sanromán**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en Pleno.

A empresa Teleperformance España pretende despedir a 310 traballadores e traballadoras cun ERE por causas organizativas e ou produtivas. O dito ERE anunciado o venres 25 de agosto deixará na rúa a 38 familias na Coruña, 158 en Ponferrada, 110 en Sevilla e 4 en Madrid. A multinacional que dobrou os seus beneficios trala pandemia e que recentemente anunciou unha OPA sobre o grupo Majorel, xustifica esta decisión debido a que prevé unha diminución de volume de traballo en dúas das campañas que está a xestionar, Vodafone e Netflix.

Os servizos afectados pola medida son Vodafone, (Tú a tú, portabilidade e galego), Netflix e persoal de estrutura e *management*. A afectación por delegacións é a seguinte:

- A Coruña 38 traballadores/as, (segundo o desglose, 35 teleoperadores/as, 1 coordinador/a e 2 [formadores/as](#))
- Ponferrada 158 [traballadores/as](#)
- Sevilla 110 traballadores/as e
- Madrid 4 [traballadores/as](#).

En total afectará a 198 persoas na campaña Vodafone, 72 na campaña Netflix e a 40 de estrutura e *management*.



Estas son as pretensións iniciais da empresa, abrindo un proceso negociador que está agora en curso con reunións ata o 3 de outubro de 2023. Este novo golpe á economía coruñesa é maior se temos en conta que o cadro de persoal pasou de máis de 900 persoas ás 515 que están a traballar actualmente no centro do Polígono da Grela. Unhas 400 persoas quedaron sen emprego na comarca sen que as administracións tomasen medidas para frear a deslocalización dos servizos de atención á clientela, que as grandes multinacionais como *Teleperformance* e por ende os seus clientes, levan a países con condicións laborais e sociais precarias, aumentando os seus beneficios empresariais en detrimento da economía das familias da Coruña.

Este novo episodio súmase á deslocalización a *Teleperformance* Colombia do servizo de atención a clientela de Unión Fenosa Distribución, cando *Teleperformance* España anunciou que mantería os postos de traballo, promesa que non durou máis de 11 meses.

O Comité de Empresa de TPF na Coruña denuncia a falla de Responsabilidade Social das multinacionais como *Teleperformance*, que ano a ano aumentan os beneficios dos seus directivos, en troques de investir na mellora das condicións laborais das persoas traballadoras ou nun mellor servizo e trato para a súa clientela. O Comité de Empresa non ve xustificación para a medida que pretende aplicar a empresa, xa que ten capacidade para recolocar a todo o persoal afectado, para iso está mobilizándose como puidemos ver o 18 de setembro nas rúas da Coruña

Ante esta situación, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia propón a adopción do seguinte acordo:



O Parlamento de Galicia amosa o seu apoio ás traballadoras e aos traballadores de Teleperformance no centro da Coruña e insta o Goberno galego a que utilice as súas competencias en materia económica, industrial e de emprego para tratar de evitar o despedimento destes 38 traballadores e traballadoras afectados polo ERE.

Parlamento de Galicia, 19 de setembro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 19/09/2023 12:14:07

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 19/09/2023 12:14:27

Pablo Arangüena Fernández na data 19/09/2023 12:14:41

María Leticia Gallego Sanromán na data 19/09/2023 12:15:01

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 19/09/2023 12:15:12





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Luis Bará Torres** e da deputada **Rosana Pérez Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a dragaxe do río Lérez.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza, a través de Portos de Galiza, iniciou en 2011 a tramitación dun proxecto para a dragaxe e rexeneración da bancos marisqueiros no río Lérez e no fondo da ría de Pontevedra, nun treito de aproximadamente 4,3 km entre o Clube Naval e Os Praceres, no que está previsto retirar aproximadamente 330.000 toneladas de lamas e outros sedimentos. O custo estimado do proxecto é de máis de 3 millóns de euros.

Despois de máis de 10 anos de tramitación, o proxecto aínda non se fixo realidade. A finais do ano 2016, o daquela Presidente de Portos de Galicia reuniuse co alcalde de Pontevedra e cos portavoces dos grupos municipais para informalos das características do proxecto e dos prazos estimados para a súa realización. Naquela xuntanza, o responsábel de Portos informou da previsión de licitación do proxecto a comezos de 2018.

En xaneiro de 2017, o DOG publicou o anteprojecto da dragaxe e o estudo de impacto ambiental e abriuse o período de exposición pública para a presentación de alegacións. En relación co impacto ambiental das obras, as confrarías manifestaron a súa discrepancia coa previsión de depositar máis de 221.000 toneladas de sedimentos ao oeste da illa de Tambo e nos bancos marisqueiros ente Campelo e Combarro. Demandan a modificación desta parte do proxecto, de maneira que os sedimentos se depositen en mar aberto, fóra das augas da ría de Pontevedra.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No mes de abril de 2019, Portos de Galiza anunciou a intención de cambiar a zona de vertido dos depósitos, trasladándoa ao exterior da ría. Mais non houbo noticias sobre a modificación do proxecto, sobre o orzamento e sobre o prazo para levalo a cabo. A comezos de xuño de 2019, Portos fixo pública a través dun medio de comunicación a intención de trasladar os depósitos a un punto de vertido situado na ría de Arousa, nas proximidades da illa de Sálvora, proposta que suscitou o rexeitamento unánime do sector pesqueiro e marisqueiro da ría de Arousa.

No mesmo mes de xuño, o parlamento de Galiza aprobou unha proposición non de lei na que se insta á Xunta á elaboración, conforme a normativa vixente e ás directrices existentes respecto deste tipo de actuacións, dunha proposta alternativa e sustentable para o depósito de materiais procedentes do dragado do río Lérez, de tal forma que se garante que estes non afectarán a ningunha das rías galegas, en especial á ría de Arousa.

Malia este acordo, tanto a Conselleira do Mar como a directora de Portos de Galiza seguen defendendo publicamente a proposta de depositar os lodos na ría de Arousa e desbotan a posibilidade de retiralos e tratalos en terra polo seu alto custo e pola incidencia do tráfico de camións no centro da cidade de Pontevedra. A este respecto, a presidenta de Portos falou da necesidade de que 4.000 camións pasen polo centro de Pontevedra e a conselleira elevou a cifra a 11.000.

O 27 de abril de 2021 a directora de Portos de Galiza reuniuse coas confrarías da ría de Pontevedra e informounas de que o proxecto sufriría un novo retraso pola decisión do goberno central de non autorizar novos vertidos no depósito da ría de Arousa. Para o BNG esta declaración constitúe unha burla, unha provocación e un insulto a todas as institucións e entidades que levan una década demandando este proxecto fundamental para a rexeneración do fondo da ría e da canle do Lérez, para favorecer a navegabilidade do río e para garantir a operatividade do porto deportivo de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Pontevedra. En realidade, máis ben parece unha nova escusa do goberno galego para non facer un proxecto que leva sendo adiando desde fai máis de unha década.

Por todo isto, formúlase a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Impulsar o proxecto de dragaxe do río Lérez, tomando como referencia o acordo parlamentario unánime de xuño de 2019.
2. En consecuencia co anterior, realizar no último trimestre de 2023 un estudo e unha proposta para a retirada e tratamento en terra dos lodos procedentes da dragaxe da canle do río Lérez que pola súa potencial carga contaminante ou prexudicial non sexan susceptibles de ser utilizados para a rexeneración doutras zonas da ría.”
3. Incluír no orzamento da Xunta para 2024 unha partida que permita sufragar a primeira fase das obras de dragaxe do río Lérez.”

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2023

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Deputada do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Rosana Pérez Fernández na data 19/09/2023 12:54:49

Xosé Luis Bará Torres na data 19/09/2023 12:55:12





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Iria Carreira Pazos, Montserrat Prado Cores e Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a situación das listas de espera do SERGAS.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

A análise das listas de espera hospitalaria é un dos indicadores que permite coñecer a situación do sistema sanitario. Na Galiza non contamos coa posibilidade dunha análise rigorosa e cinguida á realidade porque o goberno do Partido Popular na Xunta de Galiza leva anos negando o acceso a unha parte desas listas de agarda, as non estruturais, a pesar da demanda política, sindical e social.

Aínda así, a través dunha visión parcial destes indicadores podemos ver como a sanidade galega presenta uns datos de agarda no sistema hospitalario importantes. Son 46.161 as persoas en espera dunha cirurxía, das cales 161 levan máis de 12 meses nesa situación; 215.620 as que están en agarda dunha primeira consulta hospitalaria, das que 1.954 teñen máis de 12 meses de espera; e 117.589 as que agardan por unha proba diagnóstica, das cales 3.289 acumulan máis dun ano nesta lista. Cómpre ter presente que existe unha práctica, chegando a ser sistemática nalgúns áreas e/ou servizos, de non poñer citas e “deixalas en buzón”, pendentes dunha concreción posterior.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mais xa non son só os tempos de espera destes listados, tanto no que se refire a tempo medio como tamén as cifras de pacientes que agardan durante 12 meses ou máis para acceder a unha cirurxía, unha consulta ou unha proba complementaria, tempos que vemos como continúan nuns termos elevados. Tamén é preciso atender ao incremento que se produciu nos termos globais de pacientes que integran estas listas de espera estruturais, cuestión á que tamén lle pon o foco o Consello Económico e Social na súa memoria do ano 2022.

En xaneiro do presente ano, o presidente da Xunta de Galiza anunciou a posta en marcha dun plan de choque para reducir as listas de espera cuns obxectivos ambiciosos, mais sen pormenorizar as medidas que se ían emprender para este fin e sen termos a día de hoxe unha avaliación das mesmas.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1º.- Facer públicas, con carácter inmediato, a totalidade das listas de espera do sistema público de saúde, estruturais e non estruturais.

2º.- Incorporar ás listas de espera estruturais a todas as pacientes que foran eliminadas das mesmas.

3º.- Remitir ao Parlamento, no prazo máximo de dous meses, un informe co resultado do “Programa de intensificación en 2023 para reducir os tempos de espera” anunciado no Consello da Xunta do 12 de xaneiro de 2023, no que conste, cando menos, o orzamento investido, o persoal contratado, e as cirurxías, probas diagnósticas e consultas realizadas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4º.- Eliminar a práctica sistematizada de non adxudicar as citas no momento de seren solicitadas, respectando o dereito das pacientes a contar coa información completa da súa asistencia sanitaria.”

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2023

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 19/09/2023 13:06:30

María Montserrat Prado Cores na data 19/09/2023 13:06:40

Olalla Rodil Fernández na data 19/09/2023 13:06:47





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Mercedes Queixas Zas, Cristina Fernández Davila e Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre a necesidade de recuperar a oferta da materia de igualdade de xénero na oferta curricular das diferentes etapas educativas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Afrontar a fin da violencia de xénero precisa dunha firme vontade política que asuma unha estratexia de planificación global nada desde o comezo dunha fomación educativa en igualdade.

Na actualidade son moitos os informes e estatísticas que confirman que é entre os menores de 18 anos onde está a medrar a violencia machista, desde a asunción dunha visión negacionista desta até a confección de discursos abertamente antifeministas.

Banalizar a violencia de xénero, ser incapaz de recoñecer actitudes machistas, propór substituír o concepto de violencia de xénero por violencia intrafamiliar ou doméstica ou mesmo afirmar que a violencia non ten xénero fai parte dun discurso social que procura retroceder os avances en materia de igualdade.

A educación en igualdade de xénero facía parte do currículo académico galego desde o ano 2016. Dicimos facía porque, sorprendentemente, a partir do vindeiro curso deixará de estar presente, xa que a Xunta acaba de eliminar a oferta desta materia





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

optativa ao tempo que incorpora aos currículos de ESO e BAC tres novas materias: Cultura Financeira, Intelixencia Artificial para a Sociedade e Tecnoloxías Intelixentes.

Renunciar á formación do alumnado en igualdade de xénero de forma específica desde o currículo escolar, como reforzo aos contidos transversais, é renunciar ao principio básico de educación nos valores do respecto, da tolerancia e da convivencia.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta a recuperar a oferta da materia de igualdade de xénero na oferta curricular das diferentes etapas educativas cunha dotación horaria suficiente.”

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2023

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Cristina Fernández Davila

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 20/09/2023 10:14:05

Cristina Fernández Davila na data 20/09/2023 10:14:09

Mercedes Queixas Zas na data 20/09/2023 10:14:15





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Xosé Luis Rivas Cruz** e **Diego Lourenzo Moura** e da deputada **Carmen Aira Díaz**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Enfermidade Hemorráxica Epizoótica detéctase a fins de novembro de 2022 en varios puntos da Europa do Sur, concretamente en Sicilia e Córcega e no estado español en Cádiz e máis Sevilla.

A partir de xullo de 2023 aparecen novos casos no sur da Península e van aparecendo novos focos en extensión cara ao norte.

O 11 de agosto, na circular da Consellería do M. Rural referente á campaña de vacinación da Lingua Azul, xa se fai mención desta doenza e inclúese un mapa coas provincias afectadas sendo Zamora a máis próxima ó noso País.

Nese documento lémbrense as normas a seguir nas **zonas restrinxidas** para o movemento de animais con destino a matadoiros galegos procedentes das **ZR**.

E máis nada.

E a doenza continuou o seu avance. Condicións climatolóxicas favorables á cría do vector (temperatura e humidade) e ausencia de información aos gandeiros e gandeiras. No día en que se elabora este argumentario aínda non fora declarada





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

oficialmente en Galiza a existencia de focos, habendo xa animais tratados con sintomatoloxía clara.

Ningunha información oficial ó sector gandeiro por medio das exíguas OACs nin das ADSs.

Certo que non se trata nin dunha zoonose nin tampouco a mortalidade no vacún é alta (anda arredor dun 1% e a morbilidade sobre un 10%), mais en pleno verán, en condicións de humidade e temperaturas favorables ao desenvolvemento do vector e da súa actividade, o mínimo que se podía agardar era un protocolo informativo de actuación preventiva.

Certo tamén que non hai vacina recoñecida en Europa e que os tratamentos son exclusivamente sintomáticos, pero hai danos e alarmas que é preciso atallar.

Os danos ademais da morte do animal danse na baixada de produción tanto en leite coma en carne e na posibilidade de abortos e períodos de infertilidade. Trátase dun elemento máis que incide negativamente na economía dun sector acosado polo prezo dos insumos, enerxía, medicamentos, fertilizantes...

As alarmas teñen a ver coa posible incidencia no consumo e no prezo ao produtor, lembremos que se trata dun sector moi sensible ás noticias dadas de xeito irresponsable.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1--Publicar un protocolo informativo a gandeiros e gandeiras arredor das medidas preventivas a tomar para evitar a enfermidade no posible e de actuación no caso de aparición na granxa.

2--Impulsar unha campaña informativa nos medios para evitar posibles alarmas e alteracións no consumo de produtos, carne, leite e derivados.

3--Establecer axudas para casos de mortes e abortos e baixadas notables na produción, gastos veterinarios... nas granxas con casos declarados.”

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2023

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Diego Lourenzo Moura

Carmen Aira Díaz

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 20/09/2023 12:51:13

María del Carmen Aira Díaz na data 20/09/2023 12:51:19





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Diego Lourenzo Moura na data 20/09/2023 12:51:28

Xosé Luis Rivas Cruz na data 20/09/2023 12:51:34





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro** e **Luis Bará Torres** e da deputada **Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a licitación do contrato do servizos de vixilancia e seguridade nos edificios da administración de xustiza en Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 19 de maio de 2023 a Secretaria Xeral Técnica da Consellaría de Presidencia, Xustiza e Deportes acordou a tramitación de expediente para a contratación do servizo de vixilancia e de seguridade nos edificios da Administración de Xustiza de Galiza.

O contrato estaba distribuído en 12 lotes sendo, en todos os casos, o prazo de execución de 12 meses -dende o 1 de outubro de 2023 ao 30 de setembro do 2024- prorrogábeis, e o orzamento base da licitación de 1.571.579,69 €. O número de traballares e traballadoras a subrogar pola adxudicataria era de 35, segundo constaba no anexo VI do PCAP.

Publicados os pregos de cláusulas administrativas particulares e de condicións técnicas o Confederación Intersindical Galega (CIG) presentou distintas alegacións nas que puña de manifesto a existencia de distintos e relevantes erros nas mesmas (p.ex. omisión de traballadores/as con dereito a subrogación, sobreponderación dos criterios económicos ...), así como de importantes recortes na vixilancia e seguridade dos edificios xudiciais.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A constatación pola Xunta de Galiza de omisión nos traballadores/as con dereito a subrogación fixo que, por resolución de 2 de xuño de 2023, se acordara a retroacción do expediente coa apertura de novo prazo para a presentación de solicitudes. Na nova relación modificada do Anexo VI as traballadoras a subrogar eran 38.

A constatación de máis omisións de importancia na tramitación do expediente motivou que o día 23 de xuño a Secretaría Xeral acordase desistir do procedemento, se ben a xustificación de tal decisión foi, exclusivamente, que non se incluía no contrato o edificio xudicial de Lalín. Xa que logo cumpría iniciar a tramitación do procedemento dende o principio.

O día 24 de xullo de 2023 acordouse novamente autorizar o inicio de expediente de contratación do servizo de vixilancia e seguridade nos edificios xudiciais de Galiza, sendo 13 o número de lotes a adxudicar, e o importe de contrato de 1.571.744,10€, substancialmente igual ao da anterior licitación malia o incremento dos lotes, ao incluír a seguridade do edificio de Lalín. O número de traballadoras a subrogar era de 40, sendo unha única traballadora correspondente ao edificio xudicial de Lalín, o que evidencia que o erro existente na relación inicial do contrato anterior e tamén na modificación realizada posteriormente.

A nova licitación, alén das “anomalías” xa apuntadas, evidencia a insuficiencia do servizo licitado para garantir a seguridade en todas as dependencias xudiciais obxecto do mesmo. Así, por exemplo, tanto o sindicato CIG, como o sindicato Confederación Española de Policía, como o propio xuíz decano de Vigo advertiron á Xunta de Galiza da insuficiente previsión de medios para atender a vixilancia e seguridade no Edificio Xudicial de Vigo e de todos os seus accesos. Actualmente, un dos accesos esta pechado por falta de vixilancia e outro, o do xulgado de garda, ten o escáner e arco de seguridade desconectados.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O anteriormente exposto é un novo exemplo da negligente xestión dos recursos e servizos públicos, neste caso da contratación da vixilancia e seguridade dos edificios xudiciais que, obviando as suxestións e alegacións de diferentes organizacións sociais e sindicais, tamén do propio BNG, tras desistir dun procedemento de licitación que xa tivo que emendar, o novo expediente incoado contén eivas tan relevantes, como dificilmente emendables sen a incoación dun novo procedemento.

Por todo exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a garantir a seguridade e vixilancia nos edificios da administración de xustiza en Galiza, así como o respecto ás condicións laborais de todas as traballadoras que actualmente desenvolven ese labor nos mesmos.”

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2023

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Iria Carreira Pazos

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 20/09/2023 13:38:17

Iria Carreira Pazos na data 20/09/2023 13:38:23

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 20/09/2023 13:38:36





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Luis Bará Torres** e **Paulo Ríos Santomé** e da deputada **Alexandra Fernández Gómez**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre o acordo do Parlamento europeo que demanda obxectivos máis ambiciosos en materia de contaminación do ar.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A contaminación do ar é a causa directa ou indirecta de 7 millóns de mortes ao ano mundo e 10.000 no estado español, segundo informes da OMS. No ano 2021 este organismo publicou as novas recomendacións sobre calidade do ar, que establece as cantidades máximas recomendábeis dos contaminantes do ar máis nocivos (partículas en suspensión, ozono, dióxido de nitróxeno, dióxido de xofre e monóxido de carbono.

No Pacto Verde Europeo a UE fixou o obxectivo de reducir a contaminación do ar, a auga e o solo a niveis que non sexan prexudiciais para a saúde e os ecosistemas naturais. O plan recolle unha serie de obxectivos para conseguir este fin até o ano 2030:

- Reducir en máis dun 55% as mortes prematuras por contaminación atmosférica.
- Reducir nun 25% os ecosistema da UE nos que a contaminación atmosférica ameaza a biodiversidade.

No mes de outubro de 2022, a Comisión Europea propuxo unha revisión das normas de calidade do ar da UE, con obxectivos máis ambiciosos para 2030 coa finalidade de acadar o obxectivo de contaminación cero de aquí a 2050.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No mes de setembro de 2023 o parlamento europeo aprobou unha resolución para incrementar os obxectivos de redución da contaminación do ar establecidos pola UE e para cumprir en 2035 os obxectivos fixados pola OMS. O acordo da eurocámara tamén demanda mellorar a monitorización para garantir que non haxa buracos negros de contaminación, establecer un sistema de avaliación por cada millón de habitantes (frente aos cinco millóns que establece a directiva en vigor) así como a revisión dos estándares cada cinco anos.

Esta resolución foi aprobada con 363 votos a favor e contou con 226 en contra, entre eles os da extrema dereita e o PP. Uns e outros están asumindo posicións populistas e negacionistas, que van en contra das evidencias científicas e que constitúen un risco para a saúde pública.

Segundo os datos dispoñíbeis, unha boa parte da poboación galega, sobre todo a das áreas urbanas, sofre niveis de contaminación do ar superiores aos establecidos nas recomendación da OMS. Aínda así, existen diferencias importantes entre elas, que teñen que ver coa maior ou menor concentración de instalacións industriais e coa xestión da mobilidade motorizada.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O parlamento insta a Xunta a apoiar a posición aprobada no parlamento europeo o 13 de setembro de 2023, na que se propuxeron obxectivos máis estritos para 2035 que os propostos pola Comisión Europea para varios contaminantes, entre os que figuran as partículas finas, o dióxido de nitróxeno (NO₂), o dióxido de xofre (SO₂) e o ozono (O₃), co obxectivo de garantir que a calidade do ar non sexa prexudicial para a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

saúde humana, os ecosistemas naturais e a biodiversidade, e procurando o aliñando da normativa da UE coas Directrices de Calidade do Ar da OMS.”

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2023

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**
Alexandra Fernández Gómez
Deputado e deputada do G.P. do BNG
Luis Bará Torres
Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 20/09/2023 14:09:19

Alexandra Fernández Gómez na data 20/09/2023 14:09:27

Xosé Luis Bará Torres na data 20/09/2023 14:09:40





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Paulo Ríos Santomé** e das deputadas **Cristina Fernández Davila**, **Olalla Rodil Fernández** e **Carmen Aira Díaz**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, relativa a tomar medidas para garantir o acceso ao transporte público das estudantes da ensinanza postobrigatoria nos concellos do rural galego.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O transporte público debe ser un servizo fundamental que as administracións públicas deben ofrecer á cidadanía, debido ao seu carácter vertebrador, dinamizador e democratizador da sociedade.

Alén destas características, o transporte público vén de gañar, nos últimos anos, unha importancia superior, xa que debe exercer como un dos eixos fundamentais na loita contra o cambio climático, reducindo cada vez máis o uso dos vehículos privados e gañando en calidade ambiental.

Estas son algunhas das potencialidades dun bo servizo público de transporte, mais para que estas potencialidades poidan ser explotadas, é fundamental que as políticas públicas de mobilidade se deseñen en consonancia a estas potencialidades.

Atender a cuestións tan importantes como a intermodalidade, é central para conseguir facer que o uso deste servizo sexa útil e atractivo para a poboación.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Actualmente, o rural galego vive un problema maiúsculo coas súas liñas de transporte público, xa que á perda de calidade nos últimos anos, debemos engadirlle a eliminación de paradas e traxectos, atrasos etc.

Cando unha usuaria dunha vila do rural quere utilizar o transporte público para moverse entre diferentes cidades, vive unha auténtica odisea, xa que as conexións entre as vilas e as cidades do rural son moi escasas e dunha duración por traxecto moi elevada.

Concretamente, se falamos das persoas que cursan estudos postobrigatorios fóra do seu concello de residencia, atopámonos cunha falta de planificación e recursos da Xunta de Galiza que fai que, de xeito reiterado, fiquen moitas desas usuarias sen poder acceder ao servizo. Todo isto acrecentado nas persoas maiores de 21 anos que non teñen recoñecido o dereito ás bonificacións coa tarxeta Xente Nova.

É fundamental garantir un servizo de transporte público que permita que a mocidade de concellos do rural galego, como pode ser o caso de Láncara, sexa quen de cursar os seus estudos postobrigatorios no sistema público de ensino, sen ter que sufrir unha discriminación por orixe e sen ter que renunciar aos estudos que desexa cursar, por non existir un servizo de transporte público que cubra as súas necesidades.

Se falamos concretamente deste concello, son moitas as queixas e denuncias que poñen de manifesto o mal funcionamento deste servizo, a discriminación por orixe á mocidade do rural e unha dificultade manifesta para facer cadrar, dun xeito aceptábel, os horarios do transporte público co comezo das aulas nos centros de ensino de referencia.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É por isto que se está a fallar na planificación e execución das políticas públicas de mobilidade interurbana no rural, xa que na contra de facilitar un desprazamento máis limpo e barato, practicamente obrigan ás usuarias e usuarios e depender dun vehículo particular.

Estas son as razóns que levan ao GP do BNG a presentar a seguinte proposición non de lei para o seu tratamento en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno Galego a:

1. Garantir o acceso ao servizo de transporte público ás estudantes do ensino postobrigatorio e a súa conexión cos centros de ensino de referencia.
2. Mellorar o servizo de transporte público por estrada no rural galego, con especial atención ás conexións das vilas coas cidades e os servizos de referencia.
3. Aumentar a idade máxima estipulada para acceder á bonificación da tarxeta Xente Nova até os 30 anos.”

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2023

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**

Cristina Fernández Davila

Carmen Aira Díaz

Deputadas e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández
Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 20/09/2023 16:32:18

Cristina Fernández Davila na data 20/09/2023 16:32:29

María del Carmen Aira Díaz na data 20/09/2023 16:32:35

Olalla Rodil Fernández na data 20/09/2023 16:32:45





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados **Jose Antonio Armada Pérez, Rubén Lorenzo Gómez, Raquel Arias Rodríguez, Carlos Gómez Salgado, María Susana López Abella, Jesús Miguel Prado Patiño e Ángel Rodríguez Conde** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en pleno**.

Exposición de Motivos

Dende a publicación da Lei de Recuperación da terra agraria de Galicia son varias as iniciativas que presentamos neste Parlamento impulsando novas actuacións de mobilización da superficie agraria para a posta en produción de terras de boa capacidade produtiva.

Hai xa un ano tramitábase nesta cámara unha proposición non de lei que instaba ao goberno galego ao impulso destas ferramentas recollidas en dita lei e á elaboración dun manual práctico para a súa integración paisaxística da reestruturación parcelaria.

Este manual supón unha ferramenta que logre unha redución no número de parcelas ao mesmo tempo que se garante a protección e posta en valor paisaxística e ambiental. Así mesmo, actualmente a reestruturación parcelaria está regulada na Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia, norma que establece que as funcións produtivas deben convivir en harmonía coas de defensa da contorna, da paisaxe e do patrimonio, uns criterios e obxectivos que recolle precisamente este manual.

A paisaxe agraria é o resultado da explotación da terra por parte dos habitantes do rural, aos que debe a súa existencia e ao mesmo tempo precisa obter un beneficio do cultivo da terra. O obxectivo da reestruturación parcelaria é facer rendible a explotación da terra para evitar o abandono, o cal implicitamente vai a modificar a paisaxe dende o momento no que diminúe o número de parcelas e reduce a rede de camiños para substituíla por unha rede de camiños que permita o tránsito da maquinaria agrícola.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





A Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, establece que os poderes públicos velarán para que no ámbito da súa competencia e da natureza de cada territorio se adopten as medidas específicas necesarias para a protección, xestión e ordenación da paisaxe.

Por iso, dende o grupo parlamentario popular consideramos que a publicación deste manual é un paso máis para loitar contra a falta de terras para as explotacións agrarias e gandeiras, e que ademais é unha ferramenta moi valiosa para aqueles actores que interveñen na execución das distintas fases das reestruturacións parcelarias para mellorar as condicións de desenvolvemento sostible de actividades agrícolas, gandeiras e forestais co obxectivo de contribuír á protección e preservación da paisaxe e o medio ambiente.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario popular formula a seguinte proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta á Consellería do Medio Rural a publicar e implantar o Manual práctico para a integración ambiental e paisaxística da reestruturación parcelaria en Galicia para facilitar os traballos dos axentes implicados nestes procesos, garantir a máxima integración paisaxística e ambiental e alcanzar unha mellora da produtividade e rendibilidade da base territorial.”

Santiago de Compostela, 20 de setembro 2023.

Asinado dixitalmente por:

José Alberto Pazos Couñago na data 20/09/2023 17:14:59

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





José Antonio Armada Pérez na data 20/09/2023 17:15:47

Rubén Lorenzo Gómez na data 20/09/2023 17:16:01

Raquel Arias Rodríguez na data 20/09/2023 17:16:22

Susana López Abella na data 20/09/2023 17:16:39

Ángel Rodríguez Conde na data 20/09/2023 17:16:52

Gómez Salgado, Carlos na data 20/09/2023 17:17:09

Prado Patiño, Jesús Miguel na data 20/09/2023 17:17:43

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, **Noa Díaz Varela** e **Noelia Otero Lago**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate **en Pleno**.

O sector cultural galego achega ao noso PIB en torno ao 3 %, dando na actualidade emprego a máis de 35.000 persoas e presentando nos últimos anos índices de crecemento óptimos, a pesar do cada vez menor apoio das administracións públicas tal e como pon de manifesto en diversos documentos o Consello da Cultura Galega.

Así, as conclusións do documento de traballo *Corenta anos de cultura galega en estatísticas* apuntan que “o gasto da Xunta de Galicia, que era menor que o doutras comunidades autónomas, pasou do 0,68 % en 1985 ao 0,66 % en 2020, o último ano do que se dispón de datos do gasto liquidado. Isto significa que na práctica o Goberno galego gasta en proporción o mesmo en cultura agora que hai 35 anos”.

A cultura, tal e como quedou de manifesto durante a pandemia, é un ben de primeira necesidade, ademais dun dereito que debemos garantir sempre e a toda a sociedade. Unha iniciativa, esa declaración, que foi promovida polo Grupo Socialista e que atopou o voto desfavorable do Partido Popular.

Do mesmo xeito, o Grupo Popular opúxose a incrementar de maneira notable os fondos públicos destinados á cultura por parte do Goberno galego, incapaz de superar o apenas 0,7 % do destinado a este ámbito.



Tendo en conta que a nosa cultura e a nosa lingua son as que nos definen como pobo e que aos poderes públicos lles corresponde ser non só a súa maior garantía senón a súa maior mantedora e impulsora, no Grupo Socialista consideramos importante volver incidir na idea de que a cultura sexa un dos eixos sobre os que pivoten o resto das accións políticas. Un valor transversal que afecta e se ve afectado por multitude de ámbitos como a igualdade, a economía, o medio natural, a educación, o patrimonio ou o urbanismo, só por citar algúns.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia, insta o Goberno galego a:

1. Incrementar o investimento público dedicado a cultura asegurando, como mínimo, o 1 % do total dos orzamentos de Galicia para o ano 2024.
2. Recoñecer a cultura como ben de primeira necesidade.
3. Iniciar neste período de sesións unha nova fase de conversas sectoriais para actualizar a Estratexia de Cultura Galega.

Parlamento de Galicia, 20 de setembro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 20/09/2023 17:55:55





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2023 18:08:54
Nº Rexistro: 60133
Data envío: 20/09/2023 18:08:54.752

Noelia Otero Lago na data 20/09/2023 17:56:08

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 20/09/2023 17:56:17

CSV: BOPGDSPG-1UsZIDY1d-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
218532

@PSdeG



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, **Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Leticia Gallego Sanromán e Gonzalo Caballero Miguez**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en Pleno.

Os Fondos de Compensación Interterritorial (FFCI) son un recurso das CC.AA cuxa finalidade é corrixir os desequilibrios económicos interterritoriais e facer efectivo o principio de solidariedade entre todas elas (artigos 157.1 e 158.2 da Constitución española), *constituíndose este con destino a **gastos de investimento**, cuxos recursos serán distribuídos polas Cortes Xerais. Na actualidade, os Fondos de Compensación Interterritorial (FFCI) están regulamentados pola Lei 22/2002, que incorpora ás cidades autónomas de Ceuta e Melilla como territorios beneficiarios do fondo e permite que, como máximo, un 25 % do fondo se poida destinar a financiar os gastos de funcionamento asociado aos investimentos financiados polo propio fondo, dando lugar ao desglose en dous fondos, un de Compensación e outro Complementario.*

Os beneficiarios dos ditos fondos son os territorios comparativamente menos desenvolvidos, coincidindo cos considerados Obxectivo 1 polos Fondos Estruturais da Unión Europea, que no caso do Estado español son as comunidades autónomas de Galicia, Andalucía, Asturias, Cantabria, Murcia, Comunitat Valenciana, Castela-A Mancha, Canarias, Extremadura, Castela-León e as cidades autónomas de Ceuta e Melilla.



O 28 de xullo de 2023 tiveron entrada no Parlamento de Galicia 11 informes de fiscalización elaborados polo Consello de Contas de Galicia, entre os que se encontraba o Informe de fiscalización dos Fondos de Compensación Interterritorial correspondente ao exercicio 2021, no que se volven a poñer de manifesto unha serie de limitacións ao alcance para o correcto desenvolvemento da labor fiscalizadora deste organismo, o que obstaculiza o seu traballo e vai en contra de deber de transparencia que teñen as administracións públicas.

No dito informe ponse de manifesto que a Comunidade Autónoma de Galicia contou no ano 2021 cunha dotación anual segundo a LOXE de 38.550.650 euros, o que representou unha cota de participación do 8,91 % da dotación global, dos que 28.913.710 euros corresponderon ao Fondo de Compensación e 9.636.940 euros ao Fondo Complementario, tendo un remanente de crédito incorporado ao exercicio 2021 por 44.481.389,27 euros, dos que 42.970.331,05 euros teñen a súa orixe no exercicio 2020 e 1.511.058,22 euros no exercicio 2019 e anteriores, resultando como créditos definitivos do FCCI no exercicio 2021 a contía de 81.520.981,05 euros.

En canto á execución orzamentaria, vemos como con cargo á dotación dos proxectos financiados cos FCCI-2021 por 38.550.650 euros recoñecéronse obrigas por 18.329.523,08 euros, polo que a porcentaxe de execución foi do 48 %, sen que se recoñeceran obrigas con cargo aos FCCI incorporados (42.970.331,05 euros), xa que logo, a dotación total dos proxectos financiados cos FCCI no exercicio 2021 ascendeu a 81.520.981,05 euros, dos que o recoñecemento total de obrigas foi de 18.329.523,08 euros, acadando un índice de execución de tan só o 22 % da dotación final, o que supón a incorporación no exercicio 2022 como remanentes a contía de 63.191.457,97 euros, é dicir, o 78 % da dotación.



O Consello de Contas nas súas conclusións, volve poñer de manifesto que aínda que a Intervención xeral da Comunidade Autónoma (IXCA) é o centro directivo encargado da contabilidade, segue sen contar cun sistema que dea cobertura específica e integral a cada un dos proxectos financiados cos FFCI, de tal forma que vincule as operacións de gastos efectuados, pagamentos materializados, peticións de fondos efectuadas, ingresos recibidos e cobros realizados, sen que se vinculen para cada número de proxecto, ano de orixe dos FFCI, crédito inicial e as modificacións orzamentarias desagregadas por tipo de modificación.

Polo antedito, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego para que:

1. Dea cumprimento ás recomendacións efectuadas polo Consello de Contas nos seus informes de fiscalización sobre os Fondos de Compensación Interterritorial.
2. Execute na súa totalidade os fondos de Compensación Interterritorial?
3. Informe ao Parlamento sobre os investimentos e os gastos executados con cargo ao FFCI durante os anos 2009-2022.

Pazo do Parlamento, 20 de setembro de 2023

Asinado dixitalmente por:





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2023 09:30:00
Nº Rexistro: 60141
Data envío: 20/09/2023 18:50:37.745

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 20/09/2023 17:49:16

María Leticia Gallego Sanromán na data 20/09/2023 17:49:30

Gonzalo Caballero Míguez na data 20/09/2023 17:49:40

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 20/09/2023 17:49:52

CSV: BOPGDSPG-1UsZIDY1d-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**
218536

@PSdeG





Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **José Manuel Balseiro Orol, Carmen Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, Belén Salido Maroño, José Luis Ferro Iglesias, Rubén Lorenzo Gómez e Begoña Freire Vázquez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

O Goberno galego nos últimos anos está a centrar os seus esforzos en mellorar a xestión do ciclo integral da auga, desde o punto de vista normativo, da planificación e do investimento.

Unha parte importante da actividade desenvolvida neste ámbito centrouse en preservar e mellorar a calidade da auga das nosas rías para, desde xeito, asegurar a súa conservación medioambiental e a súa compatibilidade co desenvolvemento de actividades económicas de enorme importancia estratéxica para Galicia, tales como o marisqueo, a pesca ou o turismo.

Ata tal punto foi intenso o traballo desenvolvido pola Xunta neste eido que os investimentos mobilizados en actuacións vinculadas co saneamento e a depuración das rías superan os 1.100 millóns de euros desde 2009.

O traballo desenvolvido, xa de por si complexo e longo polas especiais características das obras hidráulicas, non estivo exento de atrancos. Un dos máis recorrentes é a disparidade e mesmo as contradicións dos criterios aplicados pola Dirección Xeral da Costa e o Mar do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico á hora de emitir os preceptivos informes e as autorizacións pertinentes para aquelas actuacións que se desenvolven en dominio público marítimo terrestre. Unha situación que obrigou a demorar durante anos intervencións de enorme importancia estratéxica ou que directamente as bloquea por tempo indefinido coas consecuencias negativas que iso supón.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que a Dirección Xeral da Costa e o Mar clarifique e unifique criterios á hora de informar sobre a instalación de infraestruturas hidráulicas no dominio público marítimo terrestre co fin de axilizar a tramitación e autorizacións de actuacións esenciais para garantir o saneamento das nosas rías”.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2023 10:06:50
Nº Rexistro: 60143
Data envío: 21/09/2023 10:06:50.757

Santiago de Compostela, 21 de setembro de 2023

Asinado dixitalmente por:

José Alberto Pazos Couñago na data 21/09/2023 09:59:31

José Manuel Balseiro Orol na data 21/09/2023 09:59:51

Carmen María Pomar Tojo na data 21/09/2023 10:00:06

Ramón Carballo Páez na data 21/09/2023 10:00:21

María Belén Salido Maroño na data 21/09/2023 10:00:35

José Luis Ferro Iglesias na data 21/09/2023 10:00:46

Rubén Lorenzo Gómez na data 21/09/2023 10:01:01

Freire Vázquez, María Begoña na data 21/09/2023 10:01:18

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-1UsZIDY1d-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Montserrat Prado Cores** e **Iria Carreira Pazos** e do deputado **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre as medidas a tomar para solucionar os déficits na atención sanitaria da Área Sanitaria Pontevedra-Salnés.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

De novo o verán disparou a preocupación da veciñanza porque os déficits da atención sanitaria, xa cronificados, non fixeron máis que multiplicarse.

O Partido Popular na Xunta converteu o ben máis prezado que é a saúde nunha carreira de obstáculos para doentes e para todo o persoal sanitario.

De novo a Área Sanitaria Pontevedra-Salnés convertida no período estival no quilómetro 0 da desfeita sanitaria, con múltiples situacións nas que se produciron atrasos na prestación de asistencia sanitaria urxente, tanto nos centros de saúde e PACs como en ambulancias.

Lamentabelmente foron moitos os casos no que as ambulancias do 061 non chegaron no tempo establecido para atender unha urxencia. No que respecta ao Salnés unha das causas, é a decisión de trasladar a ambulancia medicalizada a Sanxenxo durante os meses de verán, cando o resto do ano ten a base no Hospital do Salnés, na vez de ampliar con unha nova. As consecuencias son fatais para a veciñanza do Salnés.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En Vilagarcía, Guillán faleceu unha muller de 52 anos, por parada cardíaca, e ningunha ambulancia chegou na isocrona de 20 minutos establecida; ao igual que aconteceu no concello de Vilanova con varias mortes nun só día ou diante do falecemento dunha persoa tras un accidente marítimo, onde a Ambulancia de Soporte Vital Avanzado, con base en Sanxenxo, chegou nun tempo moi por enriba do marcado; situación que se volveu a repetir en Sanxenxo, onde a ambulancia tivo que desprazarse desde Pontevedra, ou en Marín onde o persoal do PAC ten que saír en taxi a atender unha urxencia, ou unha doente ten que ser trasladada a Montecelo sen persoal facultativo.

Estes son algúns dos casos que tiveron eco mediático, mais infelizmente son moitos máis que non saltan aos medios de comunicación.

Son precisas medidas de inmediato para solucionar as enormes deficiencias do 061, problemas que non se solucionan con prestacións low cost, que na vez de mellorar o servizo o que ten feito é deprecialo, con ambulancias de soporte vital avanzado con só un técnico na vez dos dous precisos, ambulancia só con un técnico e persoal de enfermería, ambulancias de apoio que non compren os máis mínimos criterios de calidade.

No que respecta a Atención Primaria as situacións de atrasos na atención sanitaria seguen sendo unha constante. No centro de saúde de Marín días con até 6 médicos menos, de 14, sen substituír, esperas de dúas semanas para ter unha cita, PAC cun só médico; PAC de Bueu días enteiros sen ningún persoal facultativo, consultorio de Ponte Sampaio, so houbo atención durante o mes de agosto de 2 ou tres días por semana con prolongación de xornada, sen médico cada vez de se ausenta o titular, PAC de Caldas cun só equipo, listas de espera para consulta en moitos centros de saúde de dúas semanas, atención pediátrica baixo mínimos...





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PACs sen os equipos precisos, centros de saúde con prazas sen cubrir, ambulancias insuficientes...todos estes datos poñen en evidencia que a política sanitaria do PP pon en risco a saúde e a vida da veciñanza da Área Sanitaria.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a tomar todas as medidas precisas para solucionar os déficits de recursos na Área Sanitaria Pontevedra-Salnés:

1.- Garantir que nos PACs presten atención sanitaria equipos completos de profesionais, no número preciso acorde á poboación de referencia, formados por persoal facultativo, enfermería e celadoras/es ou PSX tal como establece a normativa e os acordos asinados c@s profesionais.

2.- Presentar de inmediato no Parlamento Galego un plan específico que contemple as medidas estruturais para solucionar os déficits permanentes nos PACs e centros de saúde da Área Sanitaria de Pontevedra-Salnés.

3.- Contemplar no vindeiro concurso para a adxudicación do servizo de transporte sanitario urxente terrestre do 061 máis medios para a Área Sanitaria de Pontevedra-Salnés:

-- Dotación da ambulancia de SVA con base no hospital do Salnés con cun dous técnicos e manter a súa base os 12 meses do ano nesa base.

-- Dotación dunha ambulancia de SVA e unha de SVB os meses do verán para cubrir o aumento da demanda nos concellos de Sanxenxo e O Grove.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-- Dotar cunha nova ambulancia de SVB con base en Vilagarcía os 12 meses do ano.

-- Ampliar a 24 horas o horario da ambulancia que presta servizo en Marín 16 horas.

-- Dotar a ambulancia de SVA con base en Pontevedra con equipo completo de dous técnicos, e persoal de enfermería e facultativo.”

Santiago de Compostela, 21 de setembro de 2023

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 21/09/2023 09:43:05

Iria Carreira Pazos na data 21/09/2023 09:43:10





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 21/09/2023 09:43:21



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Carmen Rodríguez Dacosta, Marina Ortega Otero, Eduardo Ojea Arias e Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Grupo Parlamentario Socialista, ao igual que os alcaldes e alcaidesas da comarca de Valdeorras, o Clúster da Lousa, a Asociación de Empresarios de Valdeorras e o Centro Comercial Aberto do Barco de Valdeorras, así como os veciños e veciñas da comarca, está profundamente preocupado pola situación dos traballadores e traballadoras de dúas empresas, pertencentes ao mesmo grupo empresarial, máis importantes da comarca de Valdeorras.

O conflito mantido entre as empresas da lousa “*Irosa e Samaca*” cunha Comunidade de Montes sobre a propiedade dos terreos enquistado dende hai anos deu lugar a tres sentenzas de desafiuzamento que se intentaban executar o día 19 do presente mes, conseguindo efectuar o desafiuzamento nunha das parcelas que afectan ás oficinas e o almacén.

As persoas traballadoras directamente afectadas son case 300 e outras tantas indirectas polo que, respectando este grupo parlamentario as decisións xudiciais, consideramos que se deben buscar solucións axeitadas a esta problemática que de facerse efectiva terá gravísimas consecuencias para a economía e o emprego da comarca de Valdeorras e para a provincia de Ourense.



Tivemos coñecemento que a Xunta de Galicia iniciou un proceso de expropiación primeiro polo trámite de urxencia e despois polo procedemento ordinario do que debe dar explicacións .

Por elo, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que, de forma urxente, dea os pasos precisos para desbloquear a situación que están a sufrir as persoas traballadoras da empresa Irosa-Samaca na comarca de Valdeorras na provincia de Ourense.

Santiago de Compostela, 21 de setembro do 2023

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 21/09/2023 10:13:09

Marina Ortega Otero na data 21/09/2023 10:13:18

Eduardo Ojea Arias na data 21/09/2023 10:13:27

Julio Torrado Quintela na data 21/09/2023 10:13:35

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 21/09/2023 10:13:42



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **Marina Ortega Otero** e **Julio Torrado Quintela**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate **en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai case tres anos dende que o Goberno galego anunciara un novo modelo de residencias en Galicia. Sen embargo, a calidade de vida das persoas maiores nos centros de atención residencial, lonxe de mellorar parece que vai a peor.

De feito, dende o Grupo Parlamentario Socialista fixéronse varias iniciativas nos últimos meses, en relación coa denuncia da Asociación galega de inspectores e inspectoras de Galicia respecto a supostos avisos da visita da inspección a algúns centros de atención residencial para persoas maiores, así coma uns meses antes da problemática de mesturar tratamento de saúde mental nas residencias de maiores.

Nos últimos meses, profesionais do sector, tanto traballadoras e traballadores do ámbito das residencias, como traballadoras sociais e outros perfís profesionais dos servizos sociais comunitarios, alertábanos dos ingresos de enfermos de psiquiatría menores de 65 anos nestes centros, especialmente xente nova ou adulta con drogodependencia.

O que debiera ser unha excepción, estase a converter en algo habitual, segundo o comunicado da AGISS de cada 10 ingresos 3 corresponden a persoas con patoloxías psiquiátricas, debido á falta de recursos específicos para atender este tipo de casuísticas. Non obstante, dende o Goberno galego,



en concreto a Secretaría Xeral Técnica de Política Social, negouse a aportar os datos concretos en canto ao número de persoas menores de 65 anos con patoloxías psiquiátricas residentes en centros de atención residencial para maiores. Ademais de ser unha obriga, o Goberno galego ten que aportar esa información de xeito inmediato para calibrar a dimensión da gravidade da situación.

As persoas maiores que viven nas residencias galegas (máis do 60 % con algún tipo de demencia) teñen que convivir na actualidade, nalgúns casos ata con 25 % de prazas ocupadas con doentes de psiquiatría, onde dita retroalimentación de ambas casuísticas para nada é recomendable por parte das persoas expertas, tendo en conta a concepción actual das residencias na dotación de recursos e modelo de atención.

Así mesmo a Federación REDE, de familias e as usuarias das residencias de persoas maiores e persoas con discapacidade, sumáronse publicamente ás peticións do Movemento Galego da Saúde Mental, na cal a través dun comunicado, alertaba desta situación indicando que “o cumprimento dos fins e obrigas das súas institucións, debe dirixir a súa atención cara esta cuestión. Non debe aceptar a solución que permitiu soster escondido este tema durante todo este tempo. Non foi como se pode ver agora nin é hoxe tampouco unha solución a de transferir á iniciativa privada (sexa asociativa ou sexa empresarial) a baixo prezo a protección dos dereitos das persoas afectadas por graves padecementos psíquicos”.

Por todo elo é evidente que a ausencia de planificación e falta de recursos, o descoñecemento sobre o que deba ser un centro de atención residencial por parte do goberno galego, está lastrando o benestar das persoas maiores e a calidade de atención para as persoas con patoloxía psiquiátrica.



O caos asistencial que están a sufrir algúns centros de atención residencial para persoas maiores deriva na desmotivación, problemas de convivencia, incompatibilidade de protocolos de coidados, efectos na saúde mental do propio persoal que vén desgastado tras ser o epicentro dunha pandemia sen precedentes.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego, a través da Consellería de Política Social, insta a Xunta de Galicia a elaborar unha auditoría sobre os ingresos de persoas menores de 65 anos con patoloxías psiquiátricas (drogodependencias, trastornos psicóticos, etc) nos centros de atención residencias para persoas maiores de 65 anos. No que se traslade o informe no que se detalle o número de persoas menores de 65 con problemas de saúde mental en cada residencia galega e o tipo de patoloxía (sen datos persoais que as identifiquen).

Santiago de Compostela, 20 de setembro do 2023





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2023 11:36:16
Nº Rexistro: 60195
Data envío: 21/09/2023 11:36:16.116

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 21/09/2023 11:33:42

Julio Torrado Quintela na data 21/09/2023 11:33:53

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 21/09/2023 11:34:01

CSV: BOPGDSPG-1UsZIDY1d-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
218549

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Alexandra Fernández Gómez** e dos deputados **Luis Bará Torres** e **Paulo Ríos Santomé**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre as medidas para promover a emancipación xuvenil.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo o informe elaborado polo *Observatorio de Emancipación del Consejo de la Juventud de España* as posibilidades de emancipación dos galegos e galegas están minguando ano a ano. No seu informe relativo ao segundo semestre de 2022 sinala que as baixas taxas de emancipación seguen enquistadas nun 15%, mais alerta dun empeoramento e unha degradación das condicións que permiten á mocidade lograr a súa autonomía e independencia para costear unha vivenda.

Dende o punto de vista laboral, no ano 2022 a incorporación das persoas xoves ao mercado de traballo caeu en Galiza, ao contrario do que sucedeu no conxunto do estado. Tamén aumentaron as persoas novas que estudaban e traballaban a un tempo, así como as sobrecualificadas nos seus postos de traballo. Ademais deste pésimo horizonte laboral, os mozos enfróntanse a un mercado da vivenda con prezos desorbitados o que fai con que para alugar unha vivenda teñan que destinar de media o 60,5% do seu salario e para poder pagar unha vivenda teña que ter aforrado o importe equivalente a 2,9 anos de salario.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Tampouco a Administración Pública está pondo da súa parte para solventar esta situación. En primeiro lugar a promoción de vivenda pública e de vivenda protexida continúa baixo mínimos, con apenas 22 vivendas de promoción públicas iniciadas nos últimos 8 anos. En segundo lugar, non existe ningunha política específica por parte da Xunta de Galiza para tratar de minimizar os prezos do mercado libre, nin pola vía do aumento da oferta residencial (redución dos usos turísticos, mobilización da vivenda baleira,...), nin pola vía da limitación de prezos en casos puntuais. En terceiro lugar, pola negativa da Administración galega a dotarse de novas medidas que axuden a paliar no curto prazo esta crise de emancipación, medidas como as axudas á emancipación para a xente moza.

Sobre este último destaca a actitude da Xunta de Galiza, que dunha banda se nega a desenvolver políticas propias e, da outra, boicotea e frea incluso as que veñen marcadas polo goberno estatal. Así, as axudas ao Programa de bono alugueiro mocidade para a emancipación do ano 2022 foron convocadas con retraso e a súa resolución demorou máis do estipulado. Ademais a súa xestión está chea de incoherencias, que impiden saber cal foi a execución real acadada. Segundo a resposta escrita dada a este grupo parlamentario en febreiro deste ano, o número de solicitudes con proposta de concesión a esa data foi de apenas 1.700. Mentres que unhas semanas antes, en xaneiro dese mesmo ano, a conselleira aseguraba no Parlamento que se concederan 4.094 axudas, executando os 22,8 millóns de euros.

En calquera caso a cifra final non superará a previsión inicial de outorgar a axuda a aproximadamente 4.000 solicitantes. Unha cifra que a propia Xunta cualificaba de insuficiente.

A impostura da Consellería neste asunto é evidente: cualifican de insuficiente as medidas do goberno central ao tempo que as boicotean. Este *modus operandi* non é





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

novos, xa que na anterior convocatoria de axudas ao aluguer a menores de 35 anos, apenas deron 286 axudas, namentres deixaban o 36% desa partida sen executar. Neste caso veñen criticando de insuficiente o Programa de bono alugueiro mocidade, sen que se puxesen medidas nin fondos complementarios por parte da Xunta de Galiza.

Este ano 2023 volve a evidenciarse a política de boicot a este programa de axudas, cando a data de setembro segue sen convocarse a nova anualidade. O ano anterior empregouse como escusa para o retraso na convocatoria a tardanza do goberno central na transferencia dos fondos ás comunidades, pero descoñecemos neste ano os motivos polos que seguen sen realizarse esa convocatoria.

Ademais este grupo parlamentario xa ten trasladado a esta cámara o problema que xera o feito de que este Programa de bono alugueiro mocidade exclúa a realidade dos pisos compartidos, de forma que moitos mozos e mozas que están nesta situación non poden solicitar estas axudas. Por tanto, exclúese de recibir esta axuda precisamente a quen normalmente soporta unha situación de maior precariedade. Esta situación debe ser atendida e corrixida na nova convocatoria.

A gravidade da situación da emancipación en Galiza esixe medidas inmediatas, tanto no curto prazo como no medio e longo prazo. É urxente dar á mocidade un horizonte de oportunidade para desenvolver os seus proxectos vitais.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta ao goberno galego a:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1. Elaborar un **Plan para a emancipación dos mozos e mozas que viven en Galiza** que teña como obxectivo reducir significativamente as taxas de emancipación e que inclúa, polo menos, as seguintes medidas:
 - Aumentar a **oferta de vivenda pública e de vivenda protexida** de promoción privada, ambas en réxime de aluguer, e incrementar os seus **cupos** dirixidos á xente moza.
 - Aumentar a oferta pública de **aloxamentos dotacionais específicos** para a mocidade e para o estudantado, que permita solucións habitacionais de pequeno tamaño durante un período máximo de 5 anos.
 - Promover **novas tipoloxías de vivenda colectiva públicas** especificamente deseñadas para as formas de vida e necesidades da mocidade (novos patróns de relación vivenda-traballo-lecer-servizos).
 - Impulsar un programa de **mediación e mobilización de vivenda baleira** co fin de lograr a posta en aluguer a prezos limitados para a xente moza.
 - Promover **novas modalidades de contrato** como a rehabilitación por renda, o cohousing, o coliving ou a cesión de uso, especialmente dirixidos á xente moza.
 - Impulsar un conxunto de medidas que permitan frear e **reducir os prezos da vivenda no mercado libre**, aumentando así a súa accesibilidade.
 - **Ampliar** no curto prazo as **axudas** destinadas ao pago do aluguer a xente moza, cos seguintes criterios:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- **Convocatoria** inmediata do *Programa de bono alugueiro mocidade* do Estado e cumprimento escrupuloso dos seus prazos de ditame e notificación das resolucións.
 - **Execución** do 100% dos fondos estatais destinados á vivenda.
 - **Ampliación da cobertura** do *Programa de bono alugueiro mocidade*, con inxección de fondos propios que permitan ampliar o número de potenciais beneficiarios, así como adecuar as contías á realidade do mercado inmobiliario.
 - **Adecuación** do *Programa de bono alugueiro mocidade* á realidade dos **pisos compartidos**, pasando a considerar que no suposto de contratos de arrendamento de vivendas con varias persoas arrendatarias e convivintes sen relación de parentesco, o límite máximo de importe de prezo do alugueiro sexa proporcional a dito número de persoas.
 - Despregue dun **programa propio de emancipación da Xunta**, que de forma complementaria dea cobertura aos mozos e mozas con poucos recursos que quedan excluídos do *Programa de bono alugueiro mocidade*, como son a mocidade que se despraza por motivos de estudo sen contrato laboral.
2. Ofrecer dende o IGVS unha **oficina de información e orientación** á emancipación, ofrecendo atención individualizada e adecuada segundo as franxas de idade, o xénero ou a situación socioeconómica.
3. **Analizar e diagnosticar dende o Observatorio da Vivenda de Galiza o fenómeno da emancipación**, mediante a obtención e tratamento de datos propios.”





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 21 de setembro de 2023

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Paulo Ríos Santomé

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 21/09/2023 11:30:35

Paulo Ríos Santomé na data 21/09/2023 11:30:39

Alexandra Fernández Gómez na data 21/09/2023 11:30:48



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e dos seus deputados **Paloma Castro Rey, Julio Torrado Quintela e Pablo Arangüena Fernández**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O fiscal xefe de Pontevedra alertou nunha entrevista radiofónica a pasada fin de semana da preocupante situación que está a vivir o narcotráfico en Galicia demostrando con cifras o crecemento sostido da actividade.

Entre as medidas necesarias para mellorar a loita contra esta actividade delictiva, o fiscal xefe sinala a necesidade de actualizar os mecanismos cos que se conta na actualidade, unha dotación maior de persoal, actualizar os medios técnicos de investigación, así como os diferentes medios tecnolóxicos dos que dispoñen.

Por outra banda incidiu no valor da sensibilización social sobre a importancia do narcotráfico, xa que o problema do consumo crónico de sustancias estupefacientes está intimamente relacionado con diferentes fenomenoloxías criminais.

Dende o Grupo Socialista entendemos que o Goberno galego ten que mellorar a colaboración institucional co Goberno de España nesta loita e incrementar a partida orzamentaria destinada a este mesmo fin, co obxectivo de mellorar a sensibilización da sociedade fronte ao narcotráfico xunto á prevención de drogodependencia.



Por outra banda, hai xa 2 anos aprobouse no Pleno do Parlamento de Galicia unha proposición non de lei presentada polo Grupo Socialista na que reclamabamos un Plan galego de saúde mental, no que se contemplaban, entre outras medidas, a asunción por parte do goberno da Xunta de Galicia das Unidades de Atención á Drogodependencia que quedaban dependentes dos concellos.

Cumprindo así o previsto na Lei Xeral de Sanidade, que establece que son os departamentos de saúde das comunidades autónomas (Sergas) os que exclusivamente teñen as competencias da atención sanitaria das diferentes enfermidades.

A maiores disto, aprobouse en Comisión parlamentaria unha proposición non de lei presentada tamén a iniciativa do Grupo Socialista, que incidía nesta necesidade de asunción desta competencia por parte do Sergas, centrándose na unidade do Concello de Pontevedra, sendo esta tamén aprobada por unanimidade.

Transcorrido todo este tempo, o goberno da Xunta de Galicia está a demostrar que non ten ningunha vontade de asunción desta competencia, xa que non está a cumprir co pactado, non respondendo aos requirimentos da Fegamp nin ao mandato parlamentario.

Dende o Grupo Socialista esiximos a este goberno que asuma as competencias que lle corresponden en materia de sanidade e iniciar con urxencia, debido a situación na que se atopan e aos incumprimentos unilaterais por parte da Xunta de Galicia, o proceso de xestión e financiamento íntegra das Unidades de Atención á Drogodependencia, coa asunción de todo o seu persoal.



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Mellorar a colaboración institucional na loita contra o narcotráfico mediante a creación dunha mesa de traballo destinada a este fin.
2. Incrementar a partida orzamentaria destinada á loita contra o narcotráfico co fin de mellorar o desenvolvemento de programas, campañas e accións de información e sensibilización da sociedade fronte ao narcotráfico xunto a prevención de drogodependencia dirixida á sociedade galega en especial naquelas zonas que presentan maiores índices de risco e incidencia do tráfico e consumo de drogas.
3. Asumir as competencias que lle corresponden en materia de sanidade e iniciar con urxencia, debido a situación na que se atopan e a os incumprimentos, o proceso de xestión e financiamento íntegra das Unidades de Atención á Drogodependencia, coa asunción de todo o seu persoal.

Santiago de Compostela, 21 de setembro do 2023

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 21/09/2023 11:49:58

Julio Torrado Quintela na data 21/09/2023 11:50:08





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2023 11:53:32
Nº Rexistro: 60209
Data envío: 21/09/2023 11:53:32.866

Pablo Arangüena Fernández na data 21/09/2023 11:50:17

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 21/09/2023 11:50:27

CSV: BOPGDSPG-1UsZIDY1d-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**
218559

@PSdeG





Á Mesa do Parlamento

Un silencio da Xunta absolutamente irresponsábel diante dunha problemática que pode agravarse por momentos se temos en consideración que calquer demora no reinicio da actividade vai ter graves consecuencias económicas para a empresa en penalizacións por incumprimentos cos clientes e tamén polas dificultades e custos de paralizar e reorganizar a loxística dunha empresa que traballa en boa medida para o mercado internacional.

E que salienta aínda máis tendo en conta que o seu papel como mediadora nesta crise é absolutamente fundamental, tanto no seu papel de goberno competente, como polo feito de ser a única administración que pode botar luz sobre a situación real da propiedade dos terreos motivo dos litixios, máis aló de feito tamén importante de ser acreedora da empresa á que prestou apoio financeiro no pasado.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta á Xunta a constituír de urxencia unha mesa de negociación con representación da propiedade da empresa, da parte social, da comunidade de montes e da propia Xunta Galiza, coa fin de reiniciar de inmediato a actividade e manter o emprego da empresa IROSA-SAMACA.”

Santiago de Compostela, 21 de setembro de 2023

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro
Daniel Pérez López





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 21/09/2023 17:09:12

Daniel Pérez López na data 21/09/2023 17:09:18

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 21/09/2023 17:09:27

Ramón Fernández Alfonzo na data 21/09/2023 17:09:34





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Carmela González Iglesias, Alexandra Fernández Gómez e Rosana Pérez Fernández** e do deputado **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, para que Vigo acolla a sede FAO para Rede Global de Portos Azuis.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 12 de xullo do pasado ano 2022, a Autoridade Portuaria de Vigo, Portos do Estado, a Secretaría Xeral de Pesca do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación do Goberno de España e mais a Consellaría do Mar da Xunta de Galiza, subscribían conxuntamente unha Declaración Institucional expresando o seu compromiso compartido para impulsar a economía azul para un futuro sustentábel. Nesa liña inseríase o obxectivo de que a cidade de Vigo, como referente portuario de nivel internacional nomeadamente nas actividades pesqueiras, acolla a Sede da Rede Global de Portos Azuis da Organización das Nacións Unidas para a Agricultura e a Alimentación (FAO). Esa declaración rubricaba os esforzos realizados desde outubro de 2019, cando no marco da Feira Conxemar a iniciativa se materializaba como unha proposta concreta.

No entanto, non se teñen acreditado por parte das diferentes administracións implicadas esforzos concretos, nin suficientes, nos últimos meses que permitan facer realidade que Vigo se configure, dotándose da Sede FAO, como verdadeiro referente mundial da estratexia de Crecemento Azul.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento Galego insta a Xunta de Galiza a:

- a) Demandar do Goberno de España a formalización da solicitude diante da FAO para que Vigo acolla a súa Sede da Rede Global de Portos Azuis.
- b) Trasladar a total vocación de colaboración por parte da Xunta de Galiza para lograr ese obxectivo.

Asemade, o Parlamento demanda de todas as administracións públicas implicadas, nomeadamente a Autoridade Portuaria de Vigo, Xunta de Galiza e Goberno de España, a máxima cooperación institucional nesta cuestión.”

Santiago de Compostela, 21 de setembro de 2023

Asdo.: **Carmela González Iglesias**

Alexandra Fernández Gómez

Rosana Pérez Fernández

Daniel Castro García

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Carmela González Iglesias na data 21/09/2023 17:20:35

Alexandra Fernández Gómez na data 21/09/2023 17:20:46

Rosana Pérez Fernández na data 21/09/2023 17:20:53

Daniel Castro García na data 21/09/2023 17:21:01

Ana Pontón Mondelo na data 21/09/2023 17:21:09





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)** solicita a seguinte **corrección de erros** na proposición non de lei para debate en Pleno con número de rexistro **60316**:

Na parte resolutive onde dí:

“O Parlamento Galego insta a Xunta de Galiza a:

- a) Demandar do Goberno de España a formalización da solicitude diante da FAO para que Vigo acolla a súa Sede da Rede Global de Portos Azuis.
- b) Trasladar a total vocación de colaboración por parte da Xunta de Galiza para lograr ese obxectivo.

Asemade, o Parlamento demanda de todas as administracións públicas implicadas, nomeadamente a Autoridade Portuaria de Vigo, Xunta de Galiza e Goberno de España, a máxima cooperación institucional nesta cuestión.”

Debe dicir:

“O Parlamento Galego insta a Xunta de Galiza a:

- a) Demandar do Goberno de España a formalización da solicitude diante da FAO para que Vigo acolla a súa Sede da Rede Global de Portos Azuis.
- b) Trasladar a total vocación de colaboración por parte da Xunta de Galiza para lograr ese obxectivo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

c) Demandar de todas as administracións públicas implicadas, nomeadamente a Autoridade Portuaria de Vigo, e a Goberno de España, a máxima cooperación institucional nesta cuestión.”

Santiago de Compostela, 22 de setembro de 2023

Asdo.: **Carmela González Iglesias**

Alexandra Fernández Gómez

Rosana Pérez Fernández

Daniel Castro García

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 22/09/2023 13:22:23

Carmela González Iglesias na data 22/09/2023 13:22:28

Alexandra Fernández Gómez na data 22/09/2023 13:22:35

Rosana Pérez Fernández na data 22/09/2023 13:22:43





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Castro García na data 22/09/2023 13:22:52





A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular** a través do seu **Portavoz**, de por iniciativa das deputadas e deputado, **Encarna Amigo Díaz, Alberto Pazos Couñago, Corina Porro Martínez, Noelia Pérez López, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Rosalía López Sánchez e Raquel Arias Rodríguez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

O só pelviano está formado por un conxunto de músculos, ligamentos e tecidos que se atopan na parte inferior da pelves, encargándose de soste determinados órganos coma a vexiga e o útero.

Cando o só pelviano debilítase ou vese danado, pode dar lugar a unha serie de problemas, como incontinencia urinaria, prolapsos de órganos pelvianos e disfunción sexual. Polo que para manter unha boa saúde e previr estes problemas é preciso coidar e fortalecer o só pelviano.

Todas estas problemáticas teñen grande impacto sobre a calidade de vida das mulleres, podendo limitar a súa liberdade, o xeito de relacionarse nas súas actividades sociais e reducir a súa autoestima.

En marzo do ano 2022 o Conselleiro de sanidade anunciou neste Parlamento que o Servizo Galego de Saúde comezaría a constitución das unidades multidisciplinares que





atenden as patoloxías de só pelviano. E, sete meses despois, en outubro de 2022, todas as áreas sanitarias xa contaban con cadansúa unidade.

Así o deixou reflectido o pasado mes de setembro o Director Xeral de Asistencia Sanitaria, informando que dende a constitución de ditas unidades ata o 31 de xullo realizaran máis 1.700 consultas.

Para facilitar o traballo dos distintos profesionais implicados o Servizo Galego de Saúde conta cunha guía de para a abordaxe de disfuncións do solo pelviano feminino. Este manual serve de guía para fixar criterios comúns, unificando pautas entre os profesionais implicados na atención, promoción e recuperación das disfuncións do solo pelviano feminino, que faciliten a toma de decisións en proporcionar unha atención uniforme no ámbito da atención primaria do Servizo Galego de Saúde.

Debido ós cambios e os avances que se teñen desenvolto neste campo da medicina, no que se están realizando investigacións continuas sobre esta patoloxía, é preciso facer unha revisión das diferentes guías para introducir as derradeira novidades sobre tratamento e abordaxe.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a actualizar a guía de abordaxe de disfuncións do solo pelviano feminino do Servizo Galego de Saúde co obxectivo de introducir os cambios precisos que permitan dar unha atención máis completa ás pacientes”.





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2023 17:51:34
Nº Rexistro: 60321
Data envío: 21/09/2023 17:51:34.888

Santiago de Compostela, 21 de setembro de 2023

Asinado dixitalmente por:

José Alberto Pazos Couñago na data 21/09/2023 17:03:18

María Encarnación Amigo Díaz na data 21/09/2023 17:03:36

María Corina Porro Martínez na data 21/09/2023 17:03:51

Noelia Pérez López na data 21/09/2023 17:04:05

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 21/09/2023 17:04:21

López Sánchez, Rosalía na data 21/09/2023 17:04:34

Raquel Arias Rodríguez na data 21/09/2023 17:04:47

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-1UsZIDY1d-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputado, **Encarna Amigo Díaz, Alberto Pazos Couñago, Corina Porro Martínez, Noelia Pérez López, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Rosalía López Sánchez e Raquel Arias Rodríguez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

A principios do mes de setembro o Director Xeral de Asistencia Sanitaria acudiu ó Parlamento de Galicia para dar resposta a unha pregunta deste grupo parlamentario en relación á creación e posta en marcha das unidades multidisciplinares de mama e solo pelviano.

Con esta intervención fomos testemuños dos avances que a Consellería de Sanidade leva realizados no ámbito dunha nova forma de atención multidisciplinar que se está consolidando no Sergas, como é a creación e posta en funcionamento de Unidades Funcionais Multidisciplinares.

A posta en marcha destas unidades puxeron de manifesto que, en determinadas patoloxías, é necesaria unha organización transversal para unha abordaxe máis adecuada que permita acordar e implantar protocolos de actuación integrados que





sumen o coñecemento desde diferentes perspectivas e especialidade, para así acadar un maior grado de eficacia e eficiencia na atención sanitaria á vez que se mellora a calidade asistencial e se da unha maior seguridade ós pacientes.

Actualmente en torno ó 20% da poboación adulta sofre dor crónico. En España, estímase que son oito millóns as persoas que o padecen, pero en Galicia, a incidencia é aínda maior debido o avellentamento da nosa poboación. Incluso a porcentaxe podería chegar a situarse nun 22%, sendo estas cifras as que manexa a Sociedade Galega da Dor e Coidados Paliativos (Sgador).

Na abordaxe da dor crónico, a idade xoga un papel protagonista, pero dende hai anos en Galicia a media de idade das persoas que o padecen descendeu notablemente. Antes as persoas que convivían ca dor eran maiores, mais agora a maioría das consultas son de persoas de 20 a 40 anos.

O tratamento da dor é un dos procesos que require a intervención de diferentes especialidades xa que traballan en estreita colaboración con outros especialistas médicos, como neurólogos e reumatólogos. Estas unidades deben ofrecer unha atención integral e multidisciplinar para aliviar a dor e mellorar a calidade de vida dos pacientes, á vez que pór en marcha actividades de carácter informativo, de docencia ou investigación.

É importante ter en conta que o tratamento da dor debe ser individualizado e adaptado ás necesidades e circunstancias de cada paciente. Polo que o manexo desta en medicina é un campo en constante evolución, no que se están realizando investigacións continuas para desenvolver os mellores enfoques para proporcionar ó paciente unha óptima calidade de vida e recuperalo da súa situación incapacitante por culpa da dor.





Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a pór en marcha unidades multidisciplinares da dor en todas as áreas sanitarias co obxectivo de lograr unha abordaxe máis integral que repercuta nunha atención máis completa ós pacientes”.

Santiago de Compostela, 21 de setembro de 2023

Asinado dixitalmente por:

José Alberto Pazos Couñago na data 21/09/2023 17:28:29

María Encarnación Amigo Díaz na data 21/09/2023 17:28:46

María Corina Porro Martínez na data 21/09/2023 17:29:02

Noelia Pérez López na data 21/09/2023 17:29:16

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 21/09/2023 17:29:31

López Sánchez, Rosalía na data 21/09/2023 17:29:45

Raquel Arias Rodríguez na data 21/09/2023 17:29:56





A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa das deputadas e deputado, **Encarna Amigo Díaz, Alberto Pazos Couñago, Corina Porro Martínez, Noelia Pérez López, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Rosalía López Sánchez e Raquel Arias Rodríguez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

A demencia é o resultado dunha enfermidade que dana cada vez máis ó cerebro ó longo do tempo, afectando os seus síntomas á función cerebral. Caracterízase pola perda progresiva da memoria, o pensamento, a orientación, a comprensión, o cálculo, a capacidade de aprendizaxe, a linguaxe e o xuízo.

A orixe dela pode ser causada por diversas condicións, sendo a enfermidade do Alzheimer a forma máis común. É importante destacar que a demencia non é unha parte normal do envellecemento, polo que non se rexe pola idade do paciente, senón que é unha condición médica que require atención e coidado adecuados.

Dende o noso Grupo somos conscientes das dificultades que xera a demencia e o rápido avance que pode ter nalgúns circunstancias.

Por iso creemos que o diagnóstico e o tratamento debe ser o máis rápido, estandarizando os coidados para estas persoas, reducindo a innecesaria variabilidade en cada Área Sanitaria e as iniquidades no acceso á atención, tendo en conta as necesidades de cada paciente.





Nos últimos anos vimos como dende a Consellería de Sanidade puxéronse en marcha numerosos PAI que engloban distintas patoloxías. Entre os actualmente existentes atopamos os de atención temperá; diabetes mellitus tipo 2; TDAH na infancia e na adolescencia en ámbitos educativos e sanitario; EPOC; atención á fibromialxia; ELA, Esclerosis múltiple, Enfermedade inflamatoria intestinal e os PAI de cancro (cervix, mama, pulmón, próstata e vexiga).

Estes procesos asistenciais integrado permitiron garantir unha atención sanitaria coordinada, centrada no paciente e baseada na integración de diferentes servizos e profesionais da saúde, contribuíndo a unha atención máis efectiva, segura e centrada no paciente.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a pór en marcha a creación dun PAI (proceso asistencial integrado) de demencia que permita prestar unha atención estandarizada ós coidados para estas persoas en Galicia”.

Santiago de Compostela, 21 de setembro de 2023

Asinado dixitalmente por:

José Alberto Pazos Couñago na data 21/09/2023 17:33:33

María Encarnación Amigo Díaz na data 21/09/2023 17:33:53

María Corina Porro Martínez na data 21/09/2023 17:34:07

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2023 17:53:38
Nº Rexistro: 60327
Data envío: 21/09/2023 17:53:38.497

Noelia Pérez López na data 21/09/2023 17:34:22

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 21/09/2023 17:34:37

López Sánchez, Rosalía na data 21/09/2023 17:34:50

Raquel Arias Rodríguez na data 21/09/2023 17:35:04

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-1UsZIDY1d-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Marisol Díaz Mouteira, Teresa Egerique Mosquera, Elena Suárez Sarmiento, José Luis Ferro Iglesias, Carlos Gómez Salgado, Felisa Rodríguez Carrera e Moisés Rodríguez Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

Arredor de 36.000 mozos galegos, estudantes de Formación profesional e Universitarios, fan prácticas en empresas cada ano, prácticas que lles permiten completar a adquisición das competencias profesionais propias da titulación que estudan, permíttelles exercitarse nun entorno real sendo claves, para a súa inserción laboral.

Pero estas prácticas poderían estar en risco por unha normativa estatal.

A partir do 1 de xaneiro de 2024, o alumnado que realice prácticas formativas deberá ser incluído no réxime da Seguridade Social, unha medida que non se cuestiona en si mesma, pero que presenta dificultades de aplicación nos prazos e nas formas.

O Grupo Parlamentario Popular coincide coa Xunta de Galicia e súmase á preocupación das universidades, das empresas e dos centros de FP polos prazos e polo novo sistema de cotización dos alumnos en prácticas, pedindo a reformulación da norma ou, o seu aprazamento, un ano, para facilitar a súa implantación.

As PEMES son maioría no tecido produtivo de Galicia e, a nova regulación tería un importante efecto disuasorio derivado da burocracia e costes que conlevaría, polo que poderían estar en risco as prácticas formativas en diferentes sectores.

As Universidades creen que se verán abocadas a asumir as cotizacións e non teñen información concreta sobre a fórmula de aplicar a medida.

Galicia, con outras CCAA, están a favor de que os alumnos coticen durante o período de prácticas por lles axudará laboralmente no futuro, pero para elo considera preciso





que o Goberno central tome unha serie de decisións que palíen os efectos negativos na aplicación.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta a que reitere ao Goberno de España ás peticións de que escoite ás partes implicadas e de que faga axustes na medida de cotizacións á Seguridade Social para o alumando de FP e universidades que realice prácticas en empresas considerando a necesidade de:

- 1.- Que se adíe un ano a posta en marcha da medida para facilitar a súa implantación.
- 2.- Que se bonifique o 100% das cotizacións.
- 3.- E que se habilite un sistema informático sinxelo e áxil para a xestión das altas e baixas do alumnado e que non recaía nos centros”.

Santiago de Compostela, 21 de setembro de 2023

Asinado dixitalmente por:

José Alberto Pazos Couñago na data 21/09/2023 17:44:45

María Sol Díaz Mouteira na data 21/09/2023 17:45:01

Teresa Egerique Mosquera na data 21/09/2023 17:45:16

María Elena Suárez Sarmiento na data 21/09/2023 17:45:31

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





**PARLAMENTO
DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2023 17:54:49
Nº Rexistro: 60331
Data envío: 21/09/2023 17:54:49.935

José Luis Ferro Iglesias na data 21/09/2023 17:45:49

Gómez Salgado, Carlos na data 21/09/2023 17:46:03

María Felisa Rodríguez Carrera na data 21/09/2023 17:46:17

Rodríguez Pérez, Moisés na data 21/09/2023 17:46:31

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-1UsZIDY1d-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Montserrat Prado Cores, Iria Carreira Pazos e Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre as medidas a tomar para prestar asistencia sanitaria residencial a persoas con alteracións condutuais de orixe psiquiátrica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Movemento Galego de Saúde Mental ven de facer público un comunicado no que mostra a súa preocupación polas denuncias que se están a producir pola derivación a residencias de maiores de persoas con alteracións condutuais de orixe psiquiátrica.

Din no seu comunicado que “son dúas graves cuestións de innegable proxección política e social se entrecruzan nos feitos e carencias que se veñen denunciando hai moitos anos, conforme foi discorrendo o peche dos manicomios en Galicia (aínda incompleto) en cumprimento de leis sanitarias, observancia de dereitos fundamentais, e materialización de plans de dimensión internacional promovidos pola OMS : o dereito das persoas afectadas na súa independencia persoal por mor de trastornos mentais a levar unha vida en sociedade (na que se garanta a súa saúde, seguridade e dereitos) xunto coas demais persoas (coa axeitada atención ás súas necesidades sanitarias e sociais específicas), e o dereito das persoas que viven en residencias a desenvolver a súa vida acorde coas súas preferencias e capacidades en condicións adecuadas de seguridade e atención.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Hoxe é lugar común recoñecer que o modelo residencial ten que mudar, pero medidas para facelo por quen está obrigada non se adoptan, mentres inquietantes novas informan de boicot á función da

Inspección dos centros residenciais dende a propia Administración Autonómica.

Esas carencias nas residencias, unidas ás da rede pública de atención á saúde mental (e dentro dela, moi en particular, as carencias na atención ás persoas que viven en institucións) están na orixe dos feitos que se denuncian agora e dos que se levan denunciando hai moitos anos.

Os plans de reubicación de pacientes psiquiátricos en réxime residencial seguen vixentes, transferindo as responsabilidades de atención e coidado dos mesmos dende o SERGAS a centros públicos ou concertados da Consellería de Política Social.

Pero a pesar da importancia desta cuestión non se coñece cantas son as persoas que se viron afectadas por estes plans e decisións, nin as alternativas consideradas nin o tipo de centros aos que se derivaron nin as súas dotacións e programas nin os plans de Inspección e os seus resultados nin os plans asistenciais da rede de Saúde Mental para estas persoas.

O MGSM considera que calquera análise ou proposta diante desta situación debe partir de que as persoas con trastornos psiquiátricos que se atopan en coidado residencial son as máis abandonadas, graves e desprotexidas historicamente das atendidas no campo da saúde mental. Os riscos aos que están expostas (abandono, maltrato, abuso, vulneración dos seus dereitos) son moi elevados. A súa capacidade de defensa dos seus dereitos é moi reducida cando non nula. A sociedade e as súas institucións teñen unha responsabilidade incrementada diante delas.”





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O BNG fai súas as reflexións que realiza o MGSM e asume as propostas que realiza, e por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a:

1.- Creación dunha comisión de investigación sobre a situación da atención residencial e a asistencia sanitaria a persoas con alteracións condutuais de orixe psiquiátrica

2.- Realización dunha auditoría pola Inspección Sanitaria par determinar cales son as condicións de atención e de coidado residencial destas persoas, xa que doentes diagnosticad@s e en tratamento polo SERGAS deben ter asegurados os seus dereitos asistenciais.

3.- Se atendan as propostas das representacións sindicais, d@s profesionais que traballan nas residencias respecto ás dotacións, funcionamentos, condicións residenciais, formación/cualificación das plantillas e condicións laborais para prestar asistencia sanitaria a persoas con alteracións condutuais de orixe psiquiátrica.”

Santiago de Compostela, 21 de setembro de 2023

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 21/09/2023 18:14:09

Iria Carreira Pazos na data 21/09/2023 18:14:16

María Montserrat Prado Cores na data 21/09/2023 18:14:27





Á Mesa do Parlamento

As deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz**, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte proposición non de lei para o seu debate **na Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior** polo trámite de **urxencia**

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola relevancia que, desde o punto de vista democrático e constitucional, tería a aprobación dunha Lei de amnistía ou de indulto xeral

Exposición de Motivos

O 15 de outubro de 1977 o Congreso dos Deputados aprobou a Lei de Amnistía de conformidade co principio de reconciliación nacional que guiou a nosa Transición á democracia. A amnistía era unha demanda social e unha necesaria e imprescindible impugnación do ordenamento xurídico da ditadura. Foi un dos instrumentos cos que se puxo punto final á represión que sufriu unha parte da sociedade española e un dos grandes acordos que consolidaron o noso camiño á democracia.

Durante a tramitación da Constitución de 1978 debateuse a cuestión da amnistía, de feito presentáronse dúas emendas para que as Cortes Xerais puidesen ter esa competencia. As emendas foron rexeitadas e, en sentido contrario, aprobouse o artigo 62 que prohibe indultos xerais. É dicir, o perdón -que si existe no noso ordenamento e que está regulado na Lei do Indulto-, debe ser sempre individualizado e nunca xeral.

Nunha democracia europea consolidada, como é a española de 2023, unha amnistía, ademais, atenta contra algúns dos principios básicos do Estado de Dereito como son a exclusividade do poder xudicial para vulgar e facer executar o xulgado, a igualdade na aplicación da lei e a seguridade xurídica. Nin o lexislador nin o poder executivo poden arrogarse a facultade de declarar inmune a un grupo de persoas, borrar os seus delitos e mesmo evitar que sexan xulgados como calquera outro cidadán.

En 2017 produciuse un intento de insurrección por parte dos poderes públicos de Cataluña contra a orde Constitucional, en ocasións, acompañados con feitos dunha violencia extrema. A reacción do Estado de Dereito foi a aplicación do artigo 155 da Constitución e a posta en marcha dos instrumentos penais contra os seus impulsores.

O Tribunal Supremo condenou aos seus principais líderes a penas de entre 9 e 13 anos por sedición e malversación (corrupción). Algúns dos seus principais responsables fuxiron ao estranxeiro. Desde entón, tratan de evitar a acción dos





Tribunais españois e europeos. Non foi o único que o fixo. O pasado 5 de setembro Puigdemont condicionou a gobernabilidade de España a, entre outras cuestións, a aprobación dunha Lei de Amnistía que favoreza, entre outros, aos procesados polo referendo ilegal de 2017.

Non é a primeira vez que se suxire esta cuestión. En 2021 rexistrouse unha iniciativa destas características no Congreso e os Letrados emitiron un informe contundente contrario á súa tramitación. Ademais, tanto Pedro Sánchez como ministros do seu Goberno, Juan Carlos Campo, Fernando Grande Marlaska e Carmen Calvo, entre outros moitos dirixentes socialistas, afirmaron no pasado a inconstitucionalidade dunha posible amnistía.

Os feitos xurídicos seguen igual, pero cambiaron as circunstancias políticas. Pedro Sánchez, nun intento desesperado por conservar a Presidencia do Goberno, abriuse a que se poida tramitar unha Proposición de Lei. Ademais de supoñer unha inconstitucionalidade flagrante, unha vez máis, preténdese utilizar un atallo para evitar os controis de legalidade do Consello Xeral do Poder Xudicial, a Fiscalía e o Consello de Estado.

O prezo da presidencia non sería só exculpar centenaes de delitos senón deslexitimar o Estado de Dereito, branquear e considerar a lexitimidade da sedición. En definitiva, un inasumible prezo político para calquera gobernante decente e que ante a falta dun rexeitamento explícito e contundente por parte do Goberno está a causar unha profunda conmoción social.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galicia acorda, como Resolución:

- 1.- Rexeitar calquera tipo de amnistía ou indulto xeneralizado para calquera grupo de cidadáns, calquera que sexa o seu delito.
- 2.- Considerar que o imperio da lei é a expresión da vontade popular, tal e como establece o preámbulo da Constitución, e compromete a todos os poderes ao seu cumprimento.
- 3.- Animar aos dous partidos maioritarios a buscar acordos de Estado que eviten que a sociedade española estea sometida ás condicións ilegais de partidos independentistas.





Santiago de Compostela, 22 de setembro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Alfonso Rueda Valenzuela na data 21/09/2023 18:48:30

José Alberto Pazos Couñago na data 21/09/2023 18:49:11

Paula Prado del Río na data 21/09/2023 18:49:51

Raquel Arias Rodríguez na data 21/09/2023 18:56:29

María Sol Díaz Mouteira na data 21/09/2023 18:57:11

Miguel Ángel Santalices Vieira na data 21/09/2023 19:03:18

María Encarnación Amigo Díaz na data 21/09/2023 19:06:46

José Antonio Armada Pérez na data 21/09/2023 19:06:50

José Manuel Balseiro Orol na data 21/09/2023 19:07:19

Moisés Blanco Paradelo na data 21/09/2023 19:07:22

Cachafeiro Anta, Belén na data 21/09/2023 19:07:46

Diego Calvo Pouso na data 21/09/2023 19:07:49

María Elena Candia López na data 21/09/2023 19:08:16

Ramón Carballo Páez na data 21/09/2023 19:08:18

Teresa Egerique Mosquera na data 21/09/2023 19:08:55

José Luis Ferro Iglesias na data 21/09/2023 19:08:57

Freire Vázquez, María Begoña na data 21/09/2023 19:09:52

Ana Belén García Vidal na data 21/09/2023 19:09:54

Gómez Salgado, Carlos na data 21/09/2023 19:10:22

Susana López Abella na data 21/09/2023 19:10:25

López Sánchez, Rosalía na data 21/09/2023 19:10:52

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Rubén Lorenzo Gómez na data 21/09/2023 19:10:55

Paula Mouzo Mas na data 21/09/2023 19:11:27

María Guadalupe Murillo Solís na data 21/09/2023 19:12:27

Pardo López, Adrián na data 21/09/2023 19:13:06

Noelia Pérez López na data 21/09/2023 19:13:31

Fernando Pérez Domínguez na data 21/09/2023 19:13:50

Carmen María Pomar Tojo na data 21/09/2023 19:14:19

María Corina Porro Martínez na data 21/09/2023 19:14:44

Prado Patiño, Jesús Miguel na data 21/09/2023 19:15:05

José Luis Regueiro Fernández na data 21/09/2023 19:15:16

María Felisa Rodríguez Carrera na data 21/09/2023 19:16:06

Rodríguez Pérez, Moisés na data 21/09/2023 19:16:41

Ángel Rodríguez Conde na data 21/09/2023 19:16:56

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 21/09/2023 19:17:00

María Belén Salido Maroño na data 21/09/2023 19:17:33

Manuel Santos Costa na data 21/09/2023 19:17:36

Cristina Sanz Arias na data 21/09/2023 19:18:00

María Elena Suárez Sarmiento na data 21/09/2023 19:18:25

Katherinie Varela Fernández na data 21/09/2023 19:18:30

Borja Vereza Fraiz na data 21/09/2023 19:18:57

Sandra Vilela Riveiro na data 21/09/2023 19:19:32



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, **Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey**, a través do portavoz e, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 1ª**.

A Lei 2/2023, do 20 de febreiro, reguladora da protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción introduce tanto no ámbito privado como no público novos e esixentes mecanismos, facendo efectiva a transposición de normativa europea para a protección dos chamados *whistleblowers*, é dicir, persoas que coñecen no seu ámbito de actividade feitos potencialmente constitutivos de infracción ou delito e queren denuncialos.

A citada lei aplícase, ademais no ámbito empresarial, a todas as administracións públicas e entidades instrumentais delas dependentes, establecendo un prazo de 3 meses para a adopción dos mecanismos nela previstos, moitos deles de ámbito autonómico.

Non é esaxerado dicir que esta lei marca un antes e un despois na loita contra a corrupción pero, nun estado complexo como o español, require medidas para desenvolve-la sinaladamente desde o ámbito autonómico.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que articule, dentro do seu ámbito de competencia e coherentemente coa normativa europea e estatal, os



instrumentos e modificacións normativas necesarios para dotar a Galicia dun verdadeiro sistema integral de protección das persoas denunciante de prácticas corruptas, ilícitas ou fraudulentas, con estritas garantías de confidencialidade e indemnidade laboral e persoal para todo denunciante.

Parlamento de Galicia, 14 de setembro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 14/09/2023 12:26:30

Paloma Castro Rey na data 14/09/2023 12:26:47

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 14/09/2023 12:27:01





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Cristina Fernández Davila, Luis Bará Torres, Daniel Castro García e Mercedes Queixas Zas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**, relativa ás demandas do Consello Escolar do IES de Soutomaior e do Concello de Soutomaior pola denegación do Programa de Diversificación Curricular e o arquivo do expediente aberto á orientadora do centro.

Exposición de motivos

O Consello Escolar do IES de Soutomaior, reunido o pasado día 12 de setembro, aprobou trasladar á Xefatura Territorial de Educación de Pontevedra un acordo unánime en relación coa denegación do Programa de Diversificación Curricular e o expediente incoado á orientadora do centro.

A comunidade escolar no seu conxunto considera que a actitude da inspección educativa é “desproporcionada, sesgada e inaceptábel” e sinala no escrito enviado á Xefatura Territorial que “De ningunha maneira podemos tolerar ameazas ou aperturas de expedientes ante profesionais que están buscando e defendendo que se atenda a diversidade do alumnado no IES de Soutomaior, e facéndoo ademais cunha profesionalidade e respecto polo noso alumnado que é recoñecida por toda a comunidade educativa”.

No acordo adoptado polo consello escolar sinálase tamén que “ademais destes problemas [de atención á diversidade] no IES de Soutomaior padecemos dende hai





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

tempo graves problemas de masificación, falta de espazos ou problemas co transporte e unha importante ratio de alumnado con dificultades (alumnado inmigrante, rural, circunstancias socioeconómicas)”.

E salientan o esforzo que está a realizar o conxunto da comunidade educativa e a falta de sensibilidade da administración educativa.

O Concello de Soutomaior tamén se dirixiu á consellaría de Educación apoiando as demandas do consello escolar e demandando unha saída negociada ao conflito creado.

Desde o BNG consideramos que se debe encauzar este conflito procurando unha solución negociada que teña en conta a realidade do centro e o bo facer da comunidade educativa, incluíndo a orientadora.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento insta a Xunta a atender as demandas do consello escolar do IES de Soutomaior e do concello de Soutomaior de maneira que:

-Se revise a denegación do PDC por facer unha interpretación restritiva da norma, xa que 3 alumnos rexeitados recibiron reforzos en 1º ou en 2º da ESO, e amosaron claras dificultades educativas, razóns polas que a xunta de avaliación e o Departamento de Orientación os propuxeron para este grupo.

-No caso de non facer unha interpretación que favoreza a creación do grupo se plantexe a excepcionalidade de grupos con ratio menor do establecido no artigo 10.1 da





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Orde do 26 de maio de 2023 ou o declarado polo propio conselleiro de Educación Román Rodríguez cando afirma: “Garanto que se vai seguir apoiando ao alumnado que máis o necesite para blindar a equidade independentemente de onde viva ou das súas condicións socio-económicas”.

-Se archive de maneira inmediata o expediente iniciado á orientadora do centro e se inicie unha nova vía de diálogo e colaboración en beneficio do conxunto do alumnado.”

Santiago de Compostela, 15 de setembro de 2023

Asdo.: **Cristina Fernández Davila**

Daniel Castro García

Mercedes Queixas Zas

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 15/09/2023 13:47:16

Cristina Fernández Davila na data 15/09/2023 13:47:20





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Castro García na data 15/09/2023 13:47:25

Xosé Luis Bará Torres na data 15/09/2023 13:47:33



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados, **Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Paloma Castro Rey, Julio Torrado Quintela e Pablo Arangüena Fernández**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 1ª**.

O slalom é unha disciplina olímpica do piragüismo cuxo obxectivo consiste en recorrer, no menor tempo posible e sen penalizacións, un recorrido en augas bravas cuxa dificultade técnica auméntase mediante portas de paso obrigado.

A partir do ano 2002 esta disciplina deportiva foise introducindo paulatinamente en Galicia a través das campañas de promoción da Real Federación Española de Piragüismo, sendo a nosa comunidade un dos lugares onde máis expansión tivo, sobre todo pola abundancia de escenarios naturais aptos para a súa práctica e a existencia dun gran tecido de clubs deportivos ligados á práctica de piragüismo.

Ata hai 10 anos só eran salientables como núcleos de práctica de slalom as comunidades autónomas de Cataluña e o País Vasco, onde se atopaban a práctica totalidade dos clubs e instalacións, e onde se desenvolvían as competicións.

Na actualidade, o slalom practícase en todas as autonomías do Estado, con competicións repartidas por toda a península, o que implicou un gran cambio na dinámica desta especialidade deportiva en cuanto á práctica, non así en canto ao potencial deportivo, que segue estando concentrado nos núcleos máis tradicionais.



A nivel internacional, España é unha potencia emerxente nesta modalidade olímpica, de feito, nos últimos xogos olímpicos a nosa delegación acadou os seus mellores resultados, cunha medalla de bronce en K1 Feminino de Maialem Chourraut, e dous postos de finalista no C1 Masculino (Ander Elosegui, 4º) e en K1 Masculino (Samuel Hernanz, 5º)

En Galicia o slalom en augas bravas é a modalidade de piragüismo que máis medrou nos últimos anos, e conta con dez clubs que participan tanto en competicións autonómicas (copas galegas) como en nacionais (copas de España).

O gran núcleo de práctica da modalidade na nosa comunidade está no sur da provincia de Pontevedra con seis clubs (Nigrán, Baiona, Tomiño, Tui, Salvaterra y Mondariz), ademais dos outros dous en Monforte (Lugo) e en Dumbría (A Coruña).

Actualmente existe un núcleo de traballo do equipo nacional (Seu d'Urgell) y dous núcleos de tecnificación nacional (Seu d'Urgell e País Vasco) que comparten sede cos dos programas autonómicos existentes (Cataluña e País Vasco) ademais do galego (CGTD Pontevedra) onde existe un grupo de traballo con un técnico e seis palistas dos que dous pertencen ao CDM Piraguismo Dumbría.

Na actualidade, só hai un campo de slalom de primeiro nivel na Seu d'Urgell, que acolleu os xogos Olímpicos de Barcelona, sendo sede habitual de copas do mundo e campeonatos europeos ou mundiais; ademais hai outras tres instalacións permanentes en Ponts e Sort, na provincia de Lleida, e outra en Zaragoza, que se atopa semiabandonado.



Un campo de slalom permanente é unha instalación que permite o entreno desta modalidade deportiva en perfectas condicións, e sendo o río Xallas, no seu tramo aos pes da central hidroeléctrica en Dumbría, un emprazamento idóneo para unha instalación destas características.

Dende o Grupo Socialista defendemos a conservación dos ríos e a súa biodiversidade pero tamén que isto ten que ser compatible coa práctica de deportes acuáticos como se está a facer en moitos lugares de España e Europa.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en aprobación:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno da Xunta á elaboración dun canal de slalom para piragüismo no termo municipal de Dumbría consensuado coa Federación Galega de Piragüismo.

Parlamento de Galicia, 15 de setembro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 15/09/2023 14:59:12

Paloma Castro Rey na data 15/09/2023 14:59:27

Julio Torrado Quintela na data 15/09/2023 14:59:38

Pablo Arangüena Fernández na data 15/09/2023 14:59:50

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 15/09/2023 15:00:05





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputado **Cristina Fernández Davila, Montserrat Prado Cores, Mercedes Queixas Zas e Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**, sobre a situación da atención á diversidade no ámbito educativo e o futuro dos equipos de orientación nos centros escolares.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Orde do 8 de setembro de 2021 que regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes en Galicia, establece que a diversidade é unha realidade social e a resposta educativa a esa diversidade debe concretarse, entre outras medidas, na oferta de recursos e medidas educativas que contribúa á participación de xeito autónomo, nunha sociedade democrática.

Esta orde regula unha ferramenta básica para lograr os seus obxectivos, os Departamentos de Orientación dentro dos centros educativos, que serán os asesores do alumnado, profesorado e familias e atenderán a orientación como unha actuación profesional destinada a toda a comunidade educativa para conseguir unha inclusión efectiva de todo o alumnado, con independencia da súa diversidade e que irá acompañada dos recursos materiais e humanos e que desenvólvese no seu capítulo V, onde fai referencia a todas as persoas profesionais involucradas neste proceso.

Estes últimos anos á comunidade educativa das Comarcas Condado e Paradanta (centros tan diversos como o CEIP Nosa Sra. Dos Remedios, o CEIP Feliciano Barrera



de Guláns, ou CEIP Fermín Bouza Brey, todos en Ponteareas, ou o CEIP Nosa Sra. De Lourdes en Mondariz Balneario e outros da comarca) manifestan o aumento considerable dos casos de alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (no curso 2023-24, aproximadamente o 30% do alumnado dos centros será NEAE). Isto sempre conleva a petición por parte das direccións dos centros escolares de máis efectivos docentes e especializados nos departamentos de Orientación (Audición e Linguaxe, Pedagogía Terapéutica, persoal aux. Coidador...), para manter a calidade educativa e unha atención axeitada para todo o alumnado, incluíndo as necesidades específicas e obxectivos marcados para o alumnado NEAE.

Calquera alumno ou alumna NEAE precisa de máis de 2 horas á semana de atención específica para que esta sexa de calidade e poidan avanzar a nivel educativo e integral. Cos efectivos de especialistas actuais dentro dos departamentos de Orientación, non é factible que esta premisa se cumpra.

Ademais, nos últimos cursos están matriculándose nos centros escolares alumnado de 3 anos con retrasos na linguaxe debido á exposición excesiva a tabletas e móbiles, os canguros dixitais. Igual que medra o número de alumnado TEA, como avala o Informe realizado este mesmo ano pola Confederación Autismo España, ou tratan a alumnado con sospeita de Dislexias en tanto non están debidamente diagnosticados, xa que non se derivan estes casos directamente a Neuroloxía.

A comunidade educativa precisa unha maior implicación da Consellería con competencias en Educación para que asuma as súas funcións para garantir a todo o alumnado, para o NEAE tamén, unha atención educativa de calidade tendo en conta as características e capacidades de cada alumna e alumno. Para iso deben resolver a falta de recursos persoais nos equipos de Orientación en todas as súas especialidades. Cuestión na que están de acordo a inmensa maioría dos CEIP e IES de Ponteareas e a Comarca Condado-Paradanta.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Neste intre estes equipos están desbordados debido ao alto número de alumnado NEAE matriculado, cada un cunha atención individualizada e un programa personalizado e documentado. Isto orixina unha burocratización extraordinaria e paralizadora que consume moito tempo, tempo que non se usa para aplicación efectiva de programas e plans para o alumnado. Polo tanto debe existir un protocolo entre os distintos sectores afectados neste proceso para detectar, diagnosticar e aplicar medidas ao alumnado NEAE nas súas distintas realidades.

Nos últimos meses, profesionais do sector, tanto traballadoras e traballadores do ámbito das residencias, como traballadoras sociais e outros perfís profesionais dos servizos sociais comunitarios, alertábanos dos ingresos de enfermos de psiquiatría menores de 65 anos nestes centros, especialmente xente nova ou adulta con drogodependencia.

O que debiera ser unha excepción, estase a converter en algo habitual, segundo o comunicado da AGISS de cada 10 ingresos 3 corresponden a persoas con patoloxías psiquiátricas, debido á falta de recursos específicos para atender este tipo de casuísticas. Non obstante, dende o Goberno galego,



en concreto a Secretaría Xeral Técnica de Política Social, negouse a aportar os datos concretos en canto ao número de persoas menores de 65 anos con patoloxías psiquiátricas residentes en centros de atención residencial para maiores. Ademais de ser unha obriga, o Goberno galego ten que aportar esa información de xeito inmediato para calibrar a dimensión da gravidade da situación.

As persoas maiores que viven nas residencias galegas (máis do 60 % con algún tipo de demencia) teñen que convivir na actualidade, nalgúns casos ata con 25 % de prazas ocupadas con doentes de psiquiatría, onde dita retroalimentación de ambas casuísticas para nada é recomendable por parte das persoas expertas, tendo en conta a concepción actual das residencias na dotación de recursos e modelo de atención.

Así mesmo a Federación REDE, de familias e as usuarias das residencias de persoas maiores e persoas con discapacidade, sumáronse publicamente ás peticións do Movemento Galego da Saúde Mental, na cal a través dun comunicado, alertaba desta situación indicando que “o cumprimento dos fins e obrigas das súas institucións, debe dirixir a súa atención cara esta cuestión. Non debe aceptar a solución que permitiu soster escondido este tema durante todo este tempo. Non foi como se pode ver agora nin é hoxe tampouco unha solución a de transferir á iniciativa privada (sexa asociativa ou sexa empresarial) a baixo prezo a protección dos dereitos das persoas afectadas por graves padecementos psíquicos”.

Por todo elo é evidente que a ausencia de planificación e falta de recursos, o descoñecemento sobre o que deba ser un centro de atención residencial por parte do goberno galego, está lastrando o benestar das persoas maiores e a calidade de atención para as persoas con patoloxía psiquiátrica.



O caos asistencial que están a sufrir algúns centros de atención residencial para persoas maiores deriva na desmotivación, problemas de convivencia, incompatibilidade de protocolos de coidados, efectos na saúde mental do propio persoal que vén desgastado tras ser o epicentro dunha pandemia sen precedentes.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego, a través da Consellería de Política Social, insta a Xunta de Galicia a elaborar unha auditoría sobre os ingresos de persoas menores de 65 anos con patoloxías psiquiátricas (drogodependencias, trastornos psicóticos, etc) nos centros de atención residencias para persoas maiores de 65 anos. No que se traslade o informe no que se detalle o número de persoas menores de 65 con problemas de saúde mental en cada residencia galega e o tipo de patoloxía (sen datos persoais que as identifiquen).

Santiago de Compostela, 20 de setembro do 2023





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2023 11:36:34
Nº Rexistro: 60196
Data envío: 21/09/2023 11:36:34.569

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 21/09/2023 11:33:05

Julio Torrado Quintela na data 21/09/2023 11:33:16

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 21/09/2023 11:33:25

CSV: BOPGDSPG-1UsZIDY1d-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**
218718

@PSdeG



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e dos seus deputados **Paloma Castro Rey, Julio Torrado Quintela e Pablo Arangüena Fernández**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O fiscal xefe de Pontevedra alertou nunha entrevista radiofónica a pasada fin de semana da preocupante situación que está a vivir o narcotráfico en Galicia demostrando con cifras o crecemento sostido da actividade.

Entre as medidas necesarias para mellorar a loita contra esta actividade delictiva, o fiscal xefe sinala a necesidade de actualizar os mecanismos cos que se conta na actualidade, unha dotación maior de persoal, actualizar os medios técnicos de investigación, así como os diferentes medios tecnolóxicos dos que dispoñen.

Por outra banda incidiu no valor da sensibilización social sobre a importancia do narcotráfico, xa que o problema do consumo crónico de sustancias estupefacientes está intimamente relacionado con diferentes fenomenoloxías criminais.

Dende o Grupo Socialista entendemos que o Goberno galego ten que mellorar a colaboración institucional co Goberno de España nesta loita e incrementar a partida orzamentaria destinada a este mesmo fin, co obxectivo de mellorar a sensibilización da sociedade fronte ao narcotráfico xunto á prevención de drogodependencia.



Por outra banda, hai xa 2 anos aprobouse no Pleno do Parlamento de Galicia unha proposición non de lei presentada polo Grupo Socialista na que reclamabamos un Plan galego de saúde mental, no que se contemplaban, entre outras medidas, a asunción por parte do goberno da Xunta de Galicia das Unidades de Atención á Drogodependencia que quedaban dependentes dos concellos.

Cumprindo así o previsto na Lei Xeral de Sanidade, que establece que son os departamentos de saúde das comunidades autónomas (Sergas) os que exclusivamente teñen as competencias da atención sanitaria das diferentes enfermidades.

A maiores disto, aprobouse en Comisión parlamentaria unha proposición non de lei presentada tamén a iniciativa do Grupo Socialista, que incidía nesta necesidade de asunción desta competencia por parte do Sergas, centrándose na unidade do Concello de Pontevedra, sendo esta tamén aprobada por unanimidade.

Transcorrido todo este tempo, o goberno da Xunta de Galicia está a demostrar que non ten ningunha vontade de asunción desta competencia, xa que non está a cumprir co pactado, non respondendo aos requirimentos da Fegamp nin ao mandato parlamentario.

Dende o Grupo Socialista esiximos a este goberno que asuma as competencias que lle corresponden en materia de sanidade e iniciar con urxencia, debido a situación na que se atopan e aos incumprimentos unilaterais por parte da Xunta de Galicia, o proceso de xestión e financiamento íntegra das Unidades de Atención á Drogodependencia, coa asunción de todo o seu persoal.



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Mellorar a colaboración institucional na loita contra o narcotráfico mediante a creación dunha mesa de traballo destinada a este fin.
2. Incrementar a partida orzamentaria destinada á loita contra o narcotráfico co fin de mellorar o desenvolvemento de programas, campañas e accións de información e sensibilización da sociedade fronte ao narcotráfico xunto a prevención de drogodependencia dirixida á sociedade galega en especial naquelas zonas que presentan maiores índices de risco e incidencia do tráfico e consumo de drogas.
3. Asumir as competencias que lle corresponden en materia de sanidade e iniciar con urxencia, debido a situación na que se atopan e a os incumprimentos, o proceso de xestión e financiamento íntegra das Unidades de Atención á Drogodependencia, coa asunción de todo o seu persoal.

Santiago de Compostela, 18 de setembro do 2023

Asinado dixitalmente por:





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2023 11:53:45
Nº Rexistro: 60210
Data envío: 21/09/2023 11:53:45.804

Paloma Castro Rey na data 21/09/2023 11:49:00

Julio Torrado Quintela na data 21/09/2023 11:49:09

Pablo Arangüena Fernández na data 21/09/2023 11:49:18

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 21/09/2023 11:49:31

CSV: BOPGDSPG-1UsZIDY1d-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
218722

@PSdeG





Á Mesa do Parlamento

As deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Comisión 1ª ; Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

Exposición de Motivos:

A igualdade entre os españois é un dos principios que informan o noso ordenamento democrático e uns dos piares sobre os que se asenta a nosa convivencia.

De feito, hai 45 anos, acordamos unha Constitución pola que nos convertemos en cidadáns libres e iguais. O texto constitucional supuxo un acordo histórico, referendado pola inmensa maioría da sociedade, que buscaba poñer fin a tres séculos de división e enfrontamento.

O artigo 14 da nosa Carta Magna estableceu como o primeiro dos dereitos e liberdades que “Os españois son iguais ante a lei, sen que poida prevalecer discriminación algunha por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social”.

Do mesmo xeito o artigo 4 do Estatuto de Autonomía de Galicia, establece no seu apartado 2, que “Correspóndelles ós poderes públicos de Galicia promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas, remover os atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os galegos na vida política, económica, cultural e social”.

Ao longo do desenvolvemento do proceso autonómico os diferentes territorios foron converxendo nuns niveis de autogoberno que fixo de España un modelo de descentralización e un moderno Estado social e de Dereito, grazas á tarefa que desempeñan todas as institucións do Estado, tanto o Goberno central como das comunidades autónomas, os concellos, as deputacións, os consells e cabidos insulares.

Tamén, ao longo destas décadas, o Tribunal Constitucional foi o garante de que a lexislación e, de modo singular, os Estatutos de Autonomía, estean enmarcados sempre de acordo coas previsións da nosa Carta Magna.

Este desenvolvemento político, xurídico e administrativo viuse enriquecido coa nosa participación na Unión Europea, un modelo de solidariedade entre pobos e territorios.



Toda esta bagaxe vese ameazada hoxe por proxectos que buscan romper a igualdade e solidariedade entre os españois, así como por propostas de mutación constitucional que promoven consagrar a desigualdade e o privilexio entre territorios e cidadáns. Unha desigualdade que se ve acentuada no día a día dos españois polas tensións económicas, tecnolóxicas e demográficas. Hoxe, a igualdade está máis ameazada que nunca.

É polo que, é necesario afrontar con decisión cuestións que dividen aos territorios como é a referente á auga, os retos dun Estado de benestar diante dunha realidade social en fonda transformación e a necesidade de consolidar os fundamentos da nosa economía. Ademais, a rexeneración institucional e alcanzar un novo pacto territorial que, entre outras cuestións, complete o previsto na Constitución, supoñen obxectivos inaprazables.

Atopámonos ademais diante un novo desafío histórico no que unha minoría populista e radical pretende impoñer a ruptura da igualdade entre os españois. En consecuencia desde Galicia tamén debemos rexeitar con total claridade calquera proxecto que trate de romper a igualdade ou de recoñecer privilexios a cidadáns ou territorios en calquera parte de España e que atente contra o disposto pola Constitución española e no noso Estatuto de Autonomía.

Unha vez máis os españois debemos dar o mellor de nós mesmos. Do mesmo xeito que sucedeu en 1978, con xenerosidade e altura de miras.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

1º.- O Parlamento de Galicia acorda como Resolución:

- a).- Recoñecer que España é unha nación de cidadáns libres e iguais en dereitos e obrigacións.
- b).- Rexeitar calquera proxecto que trate de romper a igualdade ou de recoñecer privilexios a cidadáns ou territorios en calquera parte de España e que atente contra o disposto pola Constitución española.
- c).- Propoñer un gran acordo nacional que afronte os principais desafíos que temos: a rexeneración institucional, o Estado de Benestar, os fundamentos da nosa economía, un pacto polas familias, un pacto pola auga e un pacto territorial.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





2º.- O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que adopte as seguintes medidas:

1º.- Propoña un modelo de financiamento Autonómico que garanta os principios de igualdade e solidariedade e que sexa froito do acordo entre todos. E, nesa mesma liña, evite calquera privilexio unilateral á marxe do acordo entre todas as comunidades autónomas.

2º.- Garanta un marco de financiamento de concellos, deputacións, consells e cabidos baseado na suficiencia, a solidariedade e a equidade.

Santiago de Compostela, 21 de setembro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Alfonso Rueda Valenzuela na data 21/09/2023 12:12:33

José Alberto Pazos Couñago na data 21/09/2023 12:13:14

Paula Prado del Río na data 21/09/2023 12:13:27

María Sol Díaz Mouteira na data 21/09/2023 12:13:41

Raquel Arias Rodríguez na data 21/09/2023 12:13:56

Miguel Ángel Santalices Vieira na data 21/09/2023 12:14:10

María Encarnación Amigo Díaz na data 21/09/2023 12:14:49

José Antonio Armada Pérez na data 21/09/2023 12:15:07

José Manuel Balseiro Orol na data 21/09/2023 12:15:23

Moisés Blanco Paradelo na data 21/09/2023 12:16:07

Cachafeiro Anta, Belén na data 21/09/2023 12:16:36

Diego Calvo Pouso na data 21/09/2023 12:16:55

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





María Elena Candia López na data 21/09/2023 12:19:06

Ramón Carballo Páez na data 21/09/2023 12:19:50

Teresa Egerique Mosquera na data 21/09/2023 12:20:20

José Luis Ferro Iglesias na data 21/09/2023 12:20:46

Freire Vázquez, María Begoña na data 21/09/2023 12:21:08

Ana Belén García Vidal na data 21/09/2023 12:21:26

Gómez Salgado, Carlos na data 21/09/2023 12:21:45

Susana López Abella na data 21/09/2023 12:22:04

López Sánchez, Rosalía na data 21/09/2023 12:22:25

Rubén Lorenzo Gómez na data 21/09/2023 12:22:41

Paula Mouzo Mas na data 21/09/2023 12:23:01

María Guadalupe Murillo Solís na data 21/09/2023 12:23:16

Pardo López, Adrián na data 21/09/2023 12:23:33

Noelia Pérez López na data 21/09/2023 12:23:52

Fernando Pérez Domínguez na data 21/09/2023 12:24:24

Carmen María Pomar Tojo na data 21/09/2023 12:24:44

María Corina Porro Martínez na data 21/09/2023 12:25:08

Prado Patiño, Jesús Miguel na data 21/09/2023 12:25:24

José Luis Regueiro Fernández na data 21/09/2023 12:25:38

María Felisa Rodríguez Carrera na data 21/09/2023 12:25:50

Rodríguez Pérez, Moisés na data 21/09/2023 12:26:04

Ángel Rodríguez Conde na data 21/09/2023 12:26:41





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2023 12:39:21
Nº Rexistro: 60216
Data envío: 21/09/2023 12:39:21.101

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 21/09/2023 12:26:56

María Belén Salido Maroño na data 21/09/2023 12:27:17

Manuel Santos Costa na data 21/09/2023 12:27:48

Cristina Sanz Arias na data 21/09/2023 12:28:10

María Elena Suárez Sarmiento na data 21/09/2023 12:28:27

Katherinie Varela Fernández na data 21/09/2023 12:28:43

Borja Vereza Fraiz na data 21/09/2023 12:28:57

Sandra Vilela Riveiro na data 21/09/2023 12:29:13

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-1UsZIDY1d-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Mercedes Queixas Zas** e do deputado **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª**, sobre o voto en contra do Partido Popular ao avance histórico no recoñecemento e uso do galego nas institucións a nivel estatal e europeo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Partido Popular acaba de levantar un novo veto contra o galego ao se reafirmar na súa oposición ao paso adiante que supón o seu uso nas intervencións nas Cortes do estado.

Votar en contra de que a nosa lingua propia e oficial poida ser empregada na tribuna do Congreso con normalidade e, por fin, sen chamadas á orde, como xa ten acontecido con deputados do BNG, implica avanzar na resolución dunha anomalía democrática e recoñecer de facto o Estado plurilingüe e plurinacional que a maioría da cidadanía vive con naturalidade, tolerancia e respecto.

O actual presidente da Xunta, Alfonso Rueda, xunto ao que foi presidente da Xunta durante trece anos (2009- 2022), Alberto Núñez Feijóo, defenden co seu voto en contra que o galego non é unha lingua ao mesmo nivel que calquera das outras linguas oficiais do Estado español e que non merece avanzar na consecución da igualdade e na garantía de dereitos lingüísticos para os seus falantes.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A vocación limitadora, reduccionista e excluín-te do galego de ambos os dous oponse á alegría e orgullo da maioría da sociedade galega, galegofalante ou non, mesmo votantes do PP, porque entenden que o que é bo para o galego é bo para a sociedade galega. Tamén porque non entenden que mal lle fixo o galego aos señores Rueda e Feijóo, que lles impide comprometerse cun futuro en positivo para a lingua galega.

Era esta unha oportunidade para o PP mudar o acoso ao que leva sometendo a nosa lingua desde 2009, empregando a capacidade de legislar para prohibilo na escola nunha parte das materias por primeira vez desde a recuperación da democracia, quebrando a cohesión social e os consensos previos sobre o proceso de normalización lingüística.

Mais, en alianza co discurso reaccionario, negacionista e antigalego ultra de VOX, renunciou a facer parte deste momento histórico votando neste Parlamento e mais no Congreso en contra deste avance para o galego.

Para o BNG é un orgullo ser parte deste logro histórico no que o Bloque Nacionalista Galega se implicou desde hai décadas, defendendo e traballando para facer posíbel o uso das linguas oficiais sen ningunha limitación.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento insta a Xunta a apoiar o uso do galego en todas as institucións a nivel estatal e europeo.”





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 13 de xullo de 2023

Asdo.: Mercedes Queixas Zas

Daniel Castro García

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 21/09/2023 12:56:47

Daniel Castro García na data 21/09/2023 12:57:03

Ana Pontón Mondelo na data 21/09/2023 12:57:18



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa dos deputados e deputadas **Katherinie Varela Fernández, José Manuel Balseiro Orol, Carmen Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, José Luis Ferro Iglesias, Begoña Freire López, Belén Salido Maroño e Rubén Lorenzo Gómez** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión 2ª Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.

Exposición de motivos:

O denominado Porto Seco de Monforte, infraestrutura loxística vinculada ao ferrocarril foi impulsada a principios de século como iniciativa de colaboración entre as distintas administracións -autonómica, estatal e local- co obxecto de estimular o desenvolvemento económico de Monforte e da súa comarca.

Unha vez finalizados os traballos administrativos e as obras de urbanización básicas, cómpre completar as conexións deste polígono coas principais estradas da contorna, en particular, a Nacional 120 e a Lu 933

De feito, este paso converteuse nunha prioridade para a Xunta de Galicia, de modo que en Novembro de 2010 deseñou e aprobou o proxecto de construción da conexión do Porto Seco a desenvolver en dúas fases.

A primeira fase corresponde co subtramo LU-933 – N-120, de uns 1.100 metros de lonxitude. Neste subtramo a solución aprobada inicialmente pola Xunta de Galicia era incompatible coa seleccionada polo Ministerio de Fomento no proxecto da Autovía A-76. Por esta razón, acordouse a redacción dun novo proxecto de trazado e impacto ambiental que definise unha situación compatible coa A-76. Ademais, mantivéronse diversos contactos coa Demarcación de Estrada do Estado en Galicia co fin de fixar os criterios para que a dita solución fose autorizable.

Lamentablemente a día de hoxe, existen atrancos que impiden avanzar no expediente. Todos eles teñen en común posicións inmovilistas por parte de organismos dependentes do Goberno de España.

Por unha banda, Adif condicionou a súa autorización a que a Xunta de Galicia asumise o custo de suprimir un paso a nivel, que nada ten que ver coa actuación. Pola outra, a Confederación Hidrográfica do Miño Sil propón un redeseño do proxecto xa aprobado,





e incluso a Demarcación de Estradas do Estado comezou a amosar dúbidas sobre a solución consensuada previamente.

En resumo, todo parece indicar que o Goberno de coalición que preside Pedro Sánchez, co apoio na súa investidura do BNG, non lles interesa que o Goberno galego continúe executando este proxecto de tanta importancia para esta cidade e a súa comarca.

Polo exposto, O Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que facilite o desbloqueo das actuacións que a administración autonómica ten previsto executar no Porto Seco de Monforte e dea as instrucións necesarias aos organismos estatais -en particular Adif, a Confederación Hidrográfica e a Demarcación de Estradas do Estado- para que autoricen, á maior brevidade, a execución das obras de conexión desta infraestrutura loxística coas estradas N-120 e LU-933”.

Santiago de Compostela, 21 de setembro 2023.

Asinado dixitalmente por:

José Alberto Pazos Couñago na data 21/09/2023 13:12:18

Katherinie Varela Fernández na data 21/09/2023 13:12:49

José Manuel Balseiro Orol na data 21/09/2023 13:12:58

Carmen María Pomar Tojo na data 21/09/2023 13:13:09

Ramón Carballo Páez na data 21/09/2023 13:13:34

José Luis Ferro Iglesias na data 21/09/2023 13:13:57

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Freire Vázquez, María Begoña na data 21/09/2023 13:14:13

Rubén Lorenzo Gómez na data 21/09/2023 13:14:35

María Belén Salido Maroño na data 21/09/2023 13:14:57

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **Carmen Rodríguez Dacosta e Martín Seco García**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 19 de setembro era rexistrado no Parlamento de Galicia o informe sobre o impacto dos cultivos forestais con especies de crecemento rápido no patrimonio natural de Galicia que se presentou no Consello da Cultura Galega.

As conclusións do citado informe son entre outras e citadas de forma literal:

“Por unha parte, é esta a principal conclusión deste informe, a perda desa presenza material e inmaterial dos elementos que constitúen a paisaxe galega que supón unha transformación desa paisaxe na que as plantacións forestais tomaron un protagonismo determinante sobre o monte, os pastos e as terras de cultivo do sistema agrario, particularmente as realizadas con especies forestais de crecemento rápido, entre as que o eucalipto está a ter unha expansión sen apenas restricións e que non parece reducir o seu ritmo...

Unha transformación que responde a procesos de substitución de usos e actividades no territorio caracterizados por unha ausencia de planificación, de ordenación, de avaliación, de diagnose e de corrección e recondución, na que os valores naturais, culturais e sociais do territorio son marxidados fronte a intereses económicos aos que se lles recoñece un papel no desenvolvemento



territorial, na fixación de poboación no rural e na súa dinamización económica, que non están demostrados e terían un alcance dubidoso....

A Lei de recuperación da terra agraria de Galicia do ano 2021 retoma dez anos despois a obriga de cartografar e catalogar os solos agropecuarios e forestais, sen establecer prazos, e o Plan Forestal de Galicia establece o ano 2030 para contar cos Plans de Ordenación dos Recursos Forestais...

No resto do territorio, a protección da paisaxe déixase en mans dos plans de ordenación forestal, no horizonte do 2030 segundo o Plan Forestal, e na medida en que as declaracións de intencións que recollen as determinacións se incorporen neses instrumentos. Tamén na paisaxe o punto de partida e referencia será o do tempo en que eses instrumentos se elaboren, coa perda de valores que o transcurso dunha década máis sen ordenación presaxia. Hai que engadir tamén que a paisaxe é cultura, construída pola imbricación dos sistemas socioeconómico e ecolóxico, pola sociedade. No mosaico agroforestal, na súa complexidade e diversidade recoñécense os seus valores.

O despoboamento, o abandono da actividade agraria, a agricultura intensiva e o monocultivo forestal son procesos que conducen á perda deses valores. A xestión forestal baseada na produtividade, no crecemento e na cantidade sen calidade está a destruír esa diversidade e complexidade que caracterizan as paisaxes de Galicia.

Por todo o dito, é preciso entender o proceso de construción desta paisaxe e as súas transformacións ao longo do tempo a través dun estudo detallado das formas e elementos que a compoñen e valorizar o patrimonio cultural produto da acción campesiña.



Tamén, estudar a antigüidade da paisaxe de monte en Galicia a través das estruturas e outros vestixios ligados aos diferentes usos do solo e á ordenación da terra, utilizando metodoloxías arqueolóxicas e etnográficas.

A ausencia de instrumentos de planificación territorial que identifiquen os valores e elementos patrimoniais do territorio, como sucede no ámbito forestal, e que establezan as medidas protectoras e correctoras para a protección deses elementos e valores fai que a protección do patrimonio se confíe a un proceso que depende, no fundamental, do estudo e emisión de informes particularizados para cada suposto de afección. As medidas e modificacións normativas non van na liña de corrixir estas carencias senón que, considerando eses procedementos particularizados trámites burocráticos, se c entran no obxectivo de conseguir un escenario normativo simplificado, favorable e áxil para a actividade forestal, como recollen os obxectivos da revisión do Plan Forestal.

O monte galego está moi lonxe dese obxectivo que require un desenvolvemento respectuoso co medio natural, coa paisaxe e co patrimonio cultural , e que implicaría atender tamén ás funcións ecolóxicas, conservación da biodiversidade, protección do ciclo hidrolóxico, prevención dos incendios e loita contra o cambio climático , e ás funcións sociais ligadas á calidade de vida, ademais das produtivas.

O Plan Forestal continúa cun criterio produtivista do monte galego que prima sobre o resto das súas funcións e non se deseñan políticas co obxectivo de recuperar o monte nas súas múltiples vertentes, na súa diversidade de espazos ecolóxicos, usos do solo e formas de produción agraria. É dicir, tendo en conta o comentado tanto para o patrimonio natural como cultural que conforma a nosa paisaxe, debe incrementarse substancialmente o esforzo de identificación e catalogación dos elementos que os constitúen. ...”



O Grupo Parlamentario Socialista presentou diversas iniciativas que coinciden coa exposición realizada no informe e sobre o incumprimento do Goberno galego de forma sistemática do ditame da Comisión especial non permanente de estudo e análise das reformas da política forestal, de prevención e extinción de incendios forestais e do plan forestal de Galicia, así como entre outras as iniciativas para que se asumira polo Goberno galego o compromiso temporizado de elaboración dos PORF de todos os distritos no período 2019-2024, dándolles prioridade a aqueles máis afectados polos incendios forestais.

Por elo, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que, en vista do informe sobre impacto dos cultivos forestais con especies de crecemento rápido no patrimonio natural de Galicia, adopte de maneira inmediata as medidas necesarias para cumprir cos obxectivos e recomendacións marcados polo Consello da Cultura Galega e informe de todas esas medidas a este Parlamento no prazo de tres meses.

Santiago de Compostela, 20 de setembro do 2023

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 21/09/2023 12:19:20





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2023 13:35:25
Nº Rexistro: 60248
Data envío: 21/09/2023 13:35:25.794

Martín Seco García na data 21/09/2023 12:19:29

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 21/09/2023 12:19:42

CSV: BOPGDSPG-1UsZIDY1d-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
218738

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Iria Carreira Pazos** e **Cristina Fernández Davila**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª**, sobre a situación do CEIP Sigüeiro en Oroso.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O CEIP Plurilingüe Sigüeiro, no concello de Oroso, é un centro inaugurado en 1979 e que acumula xa varias reformas e ampliacións durante estas catro décadas para adaptarse á demografía deste concello, cun importante crecemento poboacional. Actualmente conta cunhas 400 matrículas de crianzas de Oroso, tanto das parroquias máis rurais coma de Sigüeiro.

A pesar de certas melloras, o edificio conta a días de hoxe cunha serie de eivas e carencias de carácter estrutural, como poden ser a renovación da cuberta que presenta filtracións, ventás que non illan de xeito adecuado, portas en mal estado, renovacións de caldeiras ou a colocación dun ascensor para garantir a accesibilidade de todas as persoas que utilizan estes centros.

Estas carencias inciden directamente sobre alumnado e persoal do centro, ao non garantir unhas condicións dignas para a actividade docente, como pode ser unha temperatura axeitada ou espazos cubertos que non permitan o paso das chuvias.

A inclusión do CEIP Sigüeiro no Plan de Nova Arquitectura Pedagóxica para a realización destas actuacións foi solicitada en numerosas ocasións e ante diversas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

instancias, tamén a través de emendas presentadas polo Bloque Nacionalista Galego aos Orzamentos da Xunta de Galiza que foron desatendidas e votadas en contra polo Partido Popular.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a incluír o CEIP Sigüeiro no Plan de Nova Arquitectura Pedagóxica para a realización, cando menos das seguintes actuacións: cambio da cuberta, renovación de caldeiras, substitución de fiestras e portas en mal estado e colocación dun ascensor para garantir a accesibilidade.”

Santiago de Compostela, 21 de setembro de 2023

Asdo.: Iria Carreira Pazos

Cristina Fernández Davila

Deputadas do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Carreira Pazos na data 21/09/2023 13:32:54

Cristina Fernández Davila na data 21/09/2023 13:33:05

Ana Pontón Mondelo na data 21/09/2023 13:33:11





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Iria Carreira Pazos, Montserrat Prado Cores e Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, sobre a situación da Hospitalización a Domicilio.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

A Hospitalización a Domicilio é unha opción o tratamento de pacientes que está gañando un maior desenvolvemento nos últimos anos e que supón unha mellora en moitos puntos a respecto da hospitalización tradicional. Permitir que as pacientes se atopen no seu domicilio e ambiente habitual, mellora a autonomía das pacientes ao tempo que se incrementa a súa calidade de vida e se humaniza o proceso asistencial.

Non obstante, esta opción require dunhas características que non permiten que sexa aproveitada por toda a poboación. Ademais da propia patoloxía e condicións de cada paciente e de aceptar este modelo de hospitalización, é preciso unha rede de apoio con persoas que asuman o seu coidado máis directo mais tamén outros coidados máis especializados coma a realización de curas ou a administración de medicación. Tamén son precisos os medios materiais, cunha vivenda que reúna as condicións e cunha liña de teléfono accesible.

A pesar destas limitacións, a hospitalización a domicilio é unha opción demandada por moitas pacientes, en todas as áreas sanitarias, mais atopando con restricións no acceso que van moito máis aló das intrínsecas deste modelo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A Estratexia HADO 2019-2023 recolle no seu eixo 4 o obxectivo de acadar a cobertura de toda a poboación de referencia, mais isto dista de ser real. Son moitos os concellos, os que se atopan máis afastados dos hospitais de referencia, que a día de hoxe non contan con servizo de hospitalización a domicilio, xerando unha inequidade entre as pacientes baseada unicamente no seu lugar de residencia.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar do BNG formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1º.- Garantir a cobertura de toda a poboación a través da Hospitalización a Domicilio antes do remate da presente lexislatura.

2º.- Dotar aos servizos de Hospitalización a Domicilio dos recursos humanos e materiais precisos para poder garantir o funcionamento do servizo.”

Santiago de Compostela, 21 de setembro de 2023

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 21/09/2023 13:37:28

María Montserrat Prado Cores na data 21/09/2023 13:37:32

Olalla Rodil Fernández na data 21/09/2023 13:37:44





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Alexandra Fernández Gómez** e dos deputados **Luis Bará Torres** e **Paulo Ríos Santomé**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, sobre as medidas para promover a emancipación xuvenil.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo o informe elaborado polo *Observatorio de Emancipación del Consejo de la Juventud de España* as posibilidades de emancipación dos galegos e galegas están minguando ano a ano. No seu informe relativo ao segundo semestre de 2022 sinala que as baixas taxas de emancipación seguen enquistadas nun 15%, mais alerta dun empeoramento e unha degradación das condicións que permiten á mocidade lograr a súa autonomía e independencia para costear unha vivenda.

Dende o punto de vista laboral, no ano 2022 a incorporación das persoas xoves ao mercado de traballo caeu en Galiza, ao contrario do que sucedeu no conxunto do estado. Tamén aumentaron as persoas novas que estudaban e traballaban a un tempo, así como as sobrecualificadas nos seus postos de traballo. Ademais deste pésimo horizonte laboral, os mozos enfróntanse a un mercado da vivenda con prezos desorbitados o que fai con que para alugar unha vivenda teñan que destinar de media o 60,5% do seu salario e para poder pagar unha vivenda teña que ter aforrado o importe equivalente a 2,9 anos de salario.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Tampouco a Administración Pública está pondo da súa parte para solventar esta situación. En primeiro lugar a promoción de vivenda pública e de vivenda protexida continúa baixo mínimos, con apenas 22 vivendas de promoción públicas iniciadas nos últimos 8 anos. En segundo lugar, non existe ningunha política específica por parte da Xunta de Galiza para tratar de minimizar os prezos do mercado libre, nin pola vía do aumento da oferta residencial (redución dos usos turísticos, mobilización da vivenda baleira,...), nin pola vía da limitación de prezos en casos puntuais. En terceiro lugar, pola negativa da Administración galega a dotarse de novas medidas que axuden a paliar no curto prazo esta crise de emancipación, medidas como as axudas á emancipación para a xente moza.

Sobre este último destaca a actitude da Xunta de Galiza, que dunha banda se nega a desenvolver políticas propias e, da outra, boicotea e frea incluso as que veñen marcadas polo goberno estatal. Así, as axudas ao Programa de bono alugueiro mocidade para a emancipación do ano 2022 foron convocadas con retraso e a súa resolución demorou máis do estipulado. Ademais a súa xestión está chea de incoherencias, que impiden saber cal foi a execución real acadada. Segundo a resposta escrita dada a este grupo parlamentario en febreiro deste ano, o número de solicitudes con proposta de concesión a esa data foi de apenas 1.700. Mentres que unhas semanas antes, en xaneiro dese mesmo ano, a conselleira aseguraba no Parlamento que se concederan 4.094 axudas, executando os 22,8 millóns de euros.

En calquera caso a cifra final non superará a previsión inicial de outorgar a axuda a aproximadamente 4.000 solicitantes. Unha cifra que a propia Xunta cualificaba de insuficiente.

A impostura da Consellería neste asunto é evidente: cualifican de insuficiente as medidas do goberno central ao tempo que as boicotean. Este *modus operandi* non é





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

novo, xa que na anterior convocatoria de axudas ao aluguer a menores de 35 anos, apenas deron 286 axudas, namentres deixaban o 36% desa partida sen executar. Neste caso veñen criticando de insuficiente o Programa de bono alugueiro mocidade, sen que se puxesen medidas nin fondos complementarios por parte da Xunta de Galiza.

Este ano 2023 volve a evidenciarse a política de boicot a este programa de axudas, cando a data de setembro segue sen convocarse a nova anualidade. O ano anterior empregouse como escusa para o retraso na convocatoria a tardanza do goberno central na transferencia dos fondos ás comunidades, pero descoñecemos neste ano os motivos polos que seguen sen realizarse esa convocatoria.

Ademais este grupo parlamentario xa ten trasladado a esta cámara o problema que xera o feito de que este Programa de bono alugueiro mocidade exclúa a realidade dos pisos compartidos, de forma que moitos mozos e mozas que están nesta situación non poden solicitar estas axudas. Por tanto, exclúese de recibir esta axuda precisamente a quen normalmente soporta unha situación de maior precariedade. Esta situación debe ser atendida e corrixida na nova convocatoria.

A gravidade da situación da emancipación en Galiza esixe medidas inmediatas, tanto no curto prazo como no medio e longo prazo. É urxente dar á mocidade un horizonte de oportunidade para desenvolver os seus proxectos vitais.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento de Galiza insta ao goberno galego a:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1. Elaborar un **Plan para a emancipación dos mozos e mozas que viven en Galiza** que teña como obxectivo reducir significativamente as taxas de emancipación e que inclúa, polo menos, as seguintes medidas:
 - Aumentar a **oferta de vivenda pública e de vivenda protexida** de promoción privada, ambas en réxime de aluguer, e incrementar os seus **cupos** dirixidos á xente moza.
 - Aumentar a oferta pública de **aloxamentos dotacionais específicos** para a mocidade e para o estudantado, que permita solucións habitacionais de pequeno tamaño durante un período máximo de 5 anos.
 - Promover **novas tipoloxías de vivenda colectiva públicas** especificamente deseñadas para as formas de vida e necesidades da mocidade (novos patróns de relación vivenda-traballo-lecer-servizos).
 - Impulsar un programa de **mediación e mobilización de vivenda baleira** co fin de lograr a posta en aluguer a prezos limitados para a xente moza.
 - Promover **novas modalidades de contrato** como a rehabilitación por renda, o cohousing, o coliving ou a cesión de uso, especialmente dirixidos á xente moza.
 - Impulsar un conxunto de medidas que permitan frear e **reducir os prezos da vivenda no mercado libre**, aumentando así a súa accesibilidade.
 - **Ampliar** no curto prazo as **axudas** destinadas ao pago do aluguer a xente moza, cos seguintes criterios:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- **Convocatoria** inmediata do *Programa de bono alugueiro mocidade* do Estado e cumprimento escrupuloso dos seus prazos de ditame e notificación das resolucións.
 - **Execución** do 100% dos fondos estatais destinados á vivenda.
 - **Ampliación da cobertura** do *Programa de bono alugueiro mocidade*, con inxección de fondos propios que permitan ampliar o número de potenciais beneficiarios, así como adecuar as contías á realidade do mercado inmobiliario.
 - **Adecuación** do *Programa de bono alugueiro mocidade* á realidade dos **pisos compartidos**, pasando a considerar que no suposto de contratos de arrendamento de vivendas con varias persoas arrendatarias e convivintes sen relación de parentesco, o límite máximo de importe de prezo do alugueiro sexa proporcional a dito número de persoas.
 - Despregue dun **programa propio de emancipación da Xunta**, que de forma complementaria dea cobertura aos mozos e mozas con poucos recursos que quedan excluídos do *Programa de bono alugueiro mocidade*, como son a mocidade que se despraza por motivos de estudo sen contrato laboral.
2. Ofrecer dende o IGVS unha **oficina de información e orientación** á emancipación, ofrecendo atención individualizada e adecuada segundo as franxas de idade, o xénero ou a situación socioeconómica.
3. **Analizar e diagnosticar dende o Observatorio da Vivenda de Galiza o fenómeno da emancipación**, mediante a obtención e tratamento de datos propios.”





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 21 de setembro de 2023

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Paulo Ríos Santomé

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 21/09/2023 11:25:59

Paulo Ríos Santomé na data 21/09/2023 11:26:08

Xosé Luis Bará Torres na data 21/09/2023 11:26:16





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Iria Carreira Pazos, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, sobre a situación de persoas con trastornos psiquiátricos en centros residenciais.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde hai tempo o persoal das residencias de maiores e tamén os servizos de inspección de Política Social veñen advertindo das situacións que se están a dar nas residencias de maiores por novos perfís de usuarias para os que non dispoñen nin de formación nin de recursos materiais axustados ás súas necesidades, principalmente persoas con enfermidades psiquiátricas.

Neste contexto, en 2023 o propio Goberno do Partido Popular modificou a normativa vixente para restrinxir esas derivacións. Así, na denominada Lei de acompañamento aos Orzamentos de 2023 modificou o Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia ao considerar que “as residencias de maiores non semellan ser a resposta asistencial máis axeitada ás necesidades residenciais de adultos non maiores con problemas de saúde mental e que son derivados do servizo de saúde despois de ter recibido unha atención sanitaria inicial ou de urxencia nos centros sanitarios”.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Segundo os datos publicados polo xornal Faro de Vigo en Galiza hai 1.097 persoas usuarias a través da emerxencia social, é dicir, que acceden por unha vía rápida perante situacións de risco, unha cifra que supera 127 persoas ás rexistradas en 2021. Segundo o mesmo xornal, nos últimos anos este número non deixou de medrar, así desde 2016 rexistráronse 6.450 casos, máis de 2.500 nos últimos dous anos.

Esta situación ten sido albo de numerosas denuncias por parte de todos os sectores implicados. O persoal vense manifestando pola escaseza de medios humanos e materiais, así como pola ausencia de protocolos e, por exemplo, actividades para atender a estes usuarios, por non seren estes centros os indicados para este perfil. Mais tamén existen denuncias por parte das persoas maiores usuarias dos centros residenciais e polas persoas con trastornos psiquiátricos que están a sufrir estes traslados. Nesta liña, tamén vén de pronunciarse o Movemento Galego de Saúde Mental, denunciando a vulneración dos seus dereitos que supón o internamento de persoas cun trastorno psiquiátrico nuns centros que non se adaptan en ningún punto ás súas necesidades e expectativas.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate na comisión 5ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1º.- Garantir a dotación das residencias de maiores galegas que contén con máis de 25 prazas con unidades de rehabilitación e psicoxeriatria dirixidas a atender as persoas usuarias afectadas por procesos de deterioro cognitivo, patoloxías e/ou discapacidade intelectual, que presenten trastornos do comportamento. Estas unidades





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

deberán contar con persoal específico con formación concreta en materia de xerontoloxía e patoloxías neurodexenerativas.

2º.- Crear centros extrahospitalarios de carácter residencial (diúrno e/ou 24h) e atención integral para persoas con enfermidades psiquiátricas que non dispoñan de rede de apoio familiar ou que, polas súas características, precisen dun servizo público destas características. Estes centros serán deseñados seguindo as pautas e recomendacións profesionais do ámbito sociosanitario, co obxectivo de garantir unha atención da máxima calidade. ”

Santiago de Compostela, 21 de setembro de 2023

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 21/09/2023 15:43:54

María Montserrat Prado Cores na data 21/09/2023 15:44:07





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 21/09/2023 15:44:15





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Luis Bará Torres** e **Paulo Ríos Santomé** e da deputada **Alexandra Fernández Gómez**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, sobre o incumprimento das actuacións incluídas no Plan Move.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O goberno da Xunta aprobou no ano 2010 o coñecido como Plan Move (Plan de Mobilidade e Ordenación Viaria Estratéxica 2009-2015), no que se previa unha programación estratéxica de investimentos e actuación na rede viaria.

Este plan previa diferentes tipos de actuación: en vías de alta capacidade, en vías estruturantes, en vías complementarias, en ámbito urbano, de seguridade viaria... Tamén incluía previsión de investimentos de cada unha das actuacións así como o calendario de execución das mesmas.

Transcorridos 13 anos desde a aprobación do Plan, unha boa parte das actuación previstas non están executadas e outras están en fase de proxecto ou en execución. Cómpre ter en conta que a maior parte das actuacións deberían estar rematadas no ano 2015.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“O Parlamento insta a Xunta a:

1) Presentar no parlamento, no cuarto trimestre de 2023, un informe do grao de execución e cumprimento do Plan Move, co detalle de cada unha das actuacións estratéxicas programadas, o seu grao de execución e as previsións ao respecto.

2) Elaborar e aprobar, logo dun amplo proceso de participación pública, unha nova planificación estratéxica de ampliación e modernización da rede viaria, definindo claramente as prioridades, o calendario de execución e as previsións orzamentarias.”

Santiago de Compostela, 21 de setembro de 2023

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**

Alexandra Fernández Gómez

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 21/09/2023 16:09:13

Alexandra Fernández Gómez na data 21/09/2023 16:09:23

Xosé Luis Bará Torres na data 21/09/2023 16:09:35



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, e do seu deputado, **Noa Díaz Varela, Noelia Otero Lago, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5ª**.

As mulleres e as nenas representan o 71 % das vítimas de trata de todo o mundo, sendo a explotación sexual a forma máis común (8 de cada 10 casos). Segundo a Fundación Scelles, citada nun estudo do Servicio de Investigación do Parlamento Europeo, a prostitución afecta a entre 40 y 42 millóns de persoas, das cales o 90 % depende dun proxeneta e o 75 % ten entre 13 e 25 anos.

Por iso prostitución e trata non se poden disociar. Son dúas caras dunha mesma realidade, que no Estado presenta datos absolutamente inasumibles: España é o Estado europeo con maior demanda de prostitución e o terceiro do mundo; case o 40 % dos homes españois pagaron nalgunha ocasión por manter relacións sexuais, e é tamén un dos principais destinos de tráfico de mulleres no mundo para prostituílas.

Segundo os datos recollidos no Balance Estatístico 2022 sobre Trata e Explotación de Seres humanos en España elaborado polo Centro de Intelixencia contra o Terrorismo eo Crime Organizado (CITCO), no ano 2022 foron liberadas pola Policía Nacional e pola Garda Civil 129 vítimas de redes de trata de seres humanos para a súa explotación sexual -catro delas menores de idade-, e no caso das vítimas rescatadas de situacións de explotación sexual, sen a concorrencia de redes de trata de persoas, o número elévase a 435 (10 menores).



Por iso non podemos mirar cara a outro lado e debemos impulsar as medidas necesarias para rematar coa trata, con especial énfase na que ten fins de explotación sexual, que é a que afecta maioritariamente ás mulleres. A liberdade e a igualdade son incompatibles coa prostitución, unha das formas máis miserables nas que se manifesta a violencia contra as mulleres que está relacionada coa marxinação, a dificultade económica e a cultura sexista e patriarcal.

O pasado xoves 14 de setembro o Parlamento Europeo aprobou unha resolución para loitar contra a prostitución na UE, na que se reclama que se descriminalice este colectivo e avoga por penalizar e sancionar a explotación e os clientes que soliciten, acepten ou obteñan un acto sexual dunha persoa a cambio dunha remuneración, promesa, subministración dun beneficio en especie ou promesa de beneficio, en liña co modelo dos países nórdicos.

A finais do ano 2022 o Goberno galego presentaba o I Plan galego contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual 2022-2024, unha estratexia necesaria para traballar dende Galicia na súa erradicación. O plan recolle toda unha serie de medidas agrupadas en cinco áreas estratéxicas para avanzar na prevención e sensibilización social; na detección, identificación e protección das vítimas; no fortalecemento dos recursos de atención; na investigación e na mellora da coordinación interinstitucional.

Mais é necesario tamén ir poñendo o foco, no marco das competencias autonómicas, na actuación fronte aos proxenetas e prostituidores e estudar cal é o marco legal posible para perseguilos, tal e como xa están facendo noutros territorios. Loxicamente, para isto é preciso obter canto antes un mapa da situación da prostitución en Galicia, algo que establece o Plan galego pero que descoñecemos se xa existe.



Por todo isto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Presentar no Parlamento de Galicia antes de que remate o actual período de sesións un informe de seguimento da execución do I Plan Galego contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual 2022-2024.
2. Presentar no Parlamento de Galicia antes de que remate o actual período de sesións un informe con datos e estatísticas actualizadas sobre a magnitude da trata con fins de explotación sexual e a prostitución en Galicia.
3. Poñer en marcha actuacións para perseguir as accións de proxenetas e tratantes de seres humanos con fins de explotación sexual que permitan desincentivar a demanda e compra de prostitución, dentro do marco legal e en colaboración con outras administracións. Nomeadamente:
 - a) Revisar as licencias administrativas concedidas polas administracións galegas para garantir o cumprimento efectivo da normativa vixente en relación a actividades desenvolvidas en determinados locais e espazos co fin de evitar que neles se promova ou desenvolva a explotación sexual.
 - b) Impulsar as modificacións lexislativas autonómicas necesarias para traballar por unha Galicia libre de prostitución, garantindo sempre a protección das mulleres prostituídas.
4. Pór en marcha de maneira inmediata mecanismos de participación para que a sociedade civil poida denunciar as plataformas en liña ou calquera aplicativo tecnolóxico ou rede social que favoreza ou promova a prostitución.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2023 16:39:20
Nº Rexistro: 60283
Data envío: 21/09/2023 16:39:20.466

Parlamento de Galicia, 21 de setembro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 21/09/2023 13:46:30

Noelia Otero Lago na data 21/09/2023 13:46:45

Julio Torrado Quintela na data 21/09/2023 13:46:55

Marina Ortega Otero na data 21/09/2023 13:47:06

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 21/09/2023 13:47:18

CSV: BOPGDSPG-1UsZIDY1d-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**
218760

@PSdeG



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, **Patricia Otero Rodríguez, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5ª**.

A práctica habitual da Consellería de Sanidade durante os últimos anos cando se xubila o persoal médico dos centro de saúde, nomeadamente dos que radican no rural, é non cubrir esas vacantes. Estamos a ver como esta situación descrita se repite en moitos dos concellos de Galicia. Agora, por desgraza, esta ameaza pode converterse nunha triste realidade no centro de saúde de Láncara.

Actualmente o centro de saúde de Láncara, sito na Pobra de San Xiao, conta con tres facultativos. Dous deles teñen 67 e 68 anos respectivamente e o terceiro xubírase con 70 anos o vindeiro día 25 de setembro.

Contar cun facultativo menos suporía un gran paso para atrás para Láncara. Non cubrir a praza deste médico implicaría que os médicos que quedan no centro de saúde pasen a ter unha carga asistencial de máis do 50 % cada un ao ter que repartirse as 1.000 cartillas que xestiona o doutor que se xubila proximamente. Repercutindo isto, innegablemente na calidade asistencial do servizo, a pesar de toda a vontade que lle poidan poñer os dous profesionais que quedan no centro.

Tendo en conta o grao de envellecemento da veciñanza de Láncara, a súa dispersión xeográfica, o silencio da Consellería de Sanidade ante a carta enviada polo rexedor e tamén pola forma de actuar do Goberno galego e a non



cobertura de vacantes dos médicos que se xubilan nos centros de saúde, sobre todo no rural o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que cubra, no prazo máis breve de tempo, a vacante de médico de familia do Centro de Saúde da Pobra de San Xiao no concello de Láncara, para que teña a capacidade asistencial que ten asignada.

Pazo do Parlamento, 21 de setembro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 21/09/2023 16:21:22

Julio Torrado Quintela na data 21/09/2023 16:21:35

Marina Ortega Otero na data 21/09/2023 16:21:46

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 21/09/2023 16:22:04





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Carmela González Iglesias** e dos deputados **Ramón Fernández Alfonso** e **Daniel Pérez López**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 6ª**, sobre a sinistralidade laboral no sector naval da Ría de Vigo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O día 20 de setembro faleceu un traballador no estaleiro Armón logo de quedar atrapado nun guindastre. Este accidente laboral prodúcese apenas 11 meses despois de falecemento doutro traballador no estaleiro Cardama esmagado por un bloque de aceiro de grandes dimensións.

Estes dous accidentes laborais en menos de un ano son consecuencia das condicións laborais e das políticas de prevención da sinistralidade laboral da Xunta de Galiza e da Inspección de Traballo.

As organizacións sindicais levan tempo demandando que as administracións competentes tomen medidas ante as numerosas denuncias que se veñen producindo ante o novo modelo de traballo no sector sen ningún control sobre as condicións de traballo.

A precarización do sector con medidas como a implantación da xornada partida, a redución de cadros de persoal, con ritmos de traballo elevados e favorecendo a subcontratación, permitindo incluso segundas e terceiras liñas de subcontratación, dificulta gravemente a coordinación da aplicación de medidas de prevención de accidentes.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A falta de políticas e inversións en materia de prevención laboral provoca numerosos accidentes e as administracións responsables nesta materia, Xunta de Galiza e Inspección de Traballo, deben esixir á industria naval na Ría de Vigo que cumpra coas súas obrigas para evitar o risco de accidentes no sector.

As organizacións sindicais levan anos solicitando a xuntanza da Mesa do Naval co fin de abordar o futuro do sector naval de Vigo, entre outras medidas no que se refire á prevención laboral.

Tendo en conta que este é un sector de alto risco son precisas medidas preventivas que eviten novos accidentes e novas mortes, polo que a Xunta de Galiza e a Inspección de Traballo deben deixar de fuxir das súas responsabilidades e actuar antes as denuncias presentadas facendo cumprir a legalidade en materia de prevención laboral no sector naval na Ría de Vigo.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 6ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1º) Actuar antes as denuncias presentadas contra o incumprimento da lexislación en materia de prevención laboral no sector naval na Ría de Vigo.

2º) Convocar no inmediato a Mesa do Naval para abordar o futuro do sector na Ría de Vigo, a crecente precariedade laboral e, nomeadamente, a grave sinistralidade laboral que se rexistra.”

Santiago de Compostela, 21 de setembro de 2023





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Carmela González Iglesias**

Daniel Pérez López

Ramón Fernández Alfonzo

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Carmela González Iglesias na data 21/09/2023 16:33:09

Daniel Pérez López na data 21/09/2023 16:33:18

Ramón Fernández Alfonzo na data 21/09/2023 16:33:33

Ana Pontón Mondelo na data 21/09/2023 16:33:44





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Ramón Fernández Alfonzo, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Daniel Pérez López**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 6ª**, sobre a situación da empresa IROSA-SAMACA.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O día 19 de setembro produciuse un despexo xudicial na empresa IROSA-SAMACA situada no Concello de Carballeda de Valdeorras.

Esta empresa, unha louseira que acumula un histórico de dificultades, levaba (segundo a información publicada en prensa) desde o ano 2014 sen aboar o alugueiro á propiedade dos terreos nos que asenta a súa actividade, tanto extractiva como administrativa e loxística, un monte veciñal en man común na parroquia do Trigal.

A empresa emprega 246 persoas dun xeito directo e son moitos máis os empregos inducidos que xera coa súa actividade, persoas que desde o día 19 ven perigar o seu posto de traballo e o futuro de toda unha comarca que sufriría un forte impacto de non resolverse esta nova crise empresarial no sector industrial galego.

As mostras de apoio populares e mesmo por parte das forzas políticas comarcais, que xa se teñen manifestado unánimemente sobre a necesidade de preservar os postos de traballo, contrastan co silencio da Xunta de Galiza, goberno titular das competencias en materia de minería e industria, así como autoridade laboral.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Un silencio da Xunta absolutamente irresponsábel diante dunha problemática que pode agravarse por momentos se temos en consideración que calquer demora no reinicio da actividade vai ter graves consecuencias económicas para a empresa en penalizacións por incumprimentos cos clientes e tamén polas dificultades e custos de paralizar e reorganizar a loxística dunha empresa que traballa en boa medida para o mercado internacional.

E que salienta aínda máis tendo en conta que o seu papel como mediadora nesta crise é absolutamente fundamental, tanto no seu papel de goberno competente, como polo feito de ser a única administración que pode botar luz sobre a situación real da propiedade dos terreos motivo dos litixios, máis aló de feito tamén importante de ser acreedora da empresa á que prestou apoio financeiro no pasado.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 6ª:

“O Parlamento de Galiza insta á Xunta a constituír de urxencia unha mesa de negociación con representación da propiedade da empresa, da parte social, da comunidade de montes e da propia Xunta Galiza, coa fin de reiniciar de inmediato a actividade e manter o emprego da empresa IROSA-SAMACA.”

Santiago de Compostela, 21 de setembro de 2023

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro
Daniel Pérez López





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonso na data 21/09/2023 17:04:45

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 21/09/2023 17:05:01

Daniel Pérez López na data 21/09/2023 17:05:13

Ana Pontón Mondelo na data 21/09/2023 17:05:24





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Carmela González Iglesias, Alexandra Fernández Gómez e Rosana Pérez Fernández** e do deputado **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 8ª**, para que Vigo acolla a sede FAO para Rede Global de Portos Azuis.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 12 de xullo do pasado ano 2022, a Autoridade Portuaria de Vigo, Portos do Estado, a Secretaría Xeral de Pesca do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación do Goberno de España e mais a Consellaría do Mar da Xunta de Galiza, subscribían conxuntamente unha Declaración Institucional expresando o seu compromiso compartido para impulsar a economía azul para un futuro sustentábel. Nesa liña inseríase o obxectivo de que a cidade de Vigo, como referente portuario de nivel internacional nomeadamente nas actividades pesqueiras, acolla a Sede da Rede Global de Portos Azuis da Organización das Nacións Unidas para a Agricultura e a Alimentación (FAO). Esa declaración rubricaba os esforzos realizados desde outubro de 2019, cando no marco da Feira Conxemar a iniciativa se materializaba como unha proposta concreta.

No entanto, non se teñen acreditado por parte das diferentes administracións implicadas esforzos concretos, nin suficientes, nos últimos meses que permitan facer realidade que Vigo se configure, dotándose da Sede FAO, como verdadeiro referente mundial da estratexia de Crecemento Azul.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 8ª:

“O Parlamento Galego insta a Xunta de Galiza a:

- a) Demandar do Goberno de España a formalización da solicitude diante da FAO para que Vigo acolla a súa Sede da Rede Global de Portos Azuis.
- b) Trasladar a total vocación de colaboración por parte da Xunta de Galiza para lograr ese obxectivo.

Asemade, o Parlamento demanda de todas as administracións públicas implicadas, nomeadamente a Autoridade Portuaria de Vigo, Xunta de Galiza e Goberno de España, a máxima cooperación institucional nesta cuestión.”

Santiago de Compostela, 21 de setembro de 2023

Asdo.: **Carmela González Iglesias**

Alexandra Fernández Gómez

Rosana Pérez Fernández

Daniel Castro García

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 21/09/2023 17:22:24

Carmela González Iglesias na data 21/09/2023 17:22:27

Alexandra Fernández Gómez na data 21/09/2023 17:22:37

Rosana Pérez Fernández na data 21/09/2023 17:22:49

Daniel Castro García na data 21/09/2023 17:22:59





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)** solicita a seguinte **corrección de erros** na proposición non de lei para debate na Comisión 8ª con número de rexistro **60315**:

Na parte resolutiva onde dí:

“O Parlamento Galego insta a Xunta de Galiza a:

- a) Demandar do Goberno de España a formalización da solicitude diante da FAO para que Vigo acolla a súa Sede da Rede Global de Portos Azuis.
- b) Trasladar a total vocación de colaboración por parte da Xunta de Galiza para lograr ese obxectivo.

Asemade, o Parlamento demanda de todas as administracións públicas implicadas, nomeadamente a Autoridade Portuaria de Vigo, Xunta de Galiza e Goberno de España, a máxima cooperación institucional nesta cuestión.”

Debe dicir:

“O Parlamento Galego insta a Xunta de Galiza a:

- a) Demandar do Goberno de España a formalización da solicitude diante da FAO para que Vigo acolla a súa Sede da Rede Global de Portos Azuis.
- b) Trasladar a total vocación de colaboración por parte da Xunta de Galiza para lograr ese obxectivo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

c) Demandar de todas as administracións públicas implicadas, nomeadamente a Autoridade Portuaria de Vigo, e a Goberno de España, a máxima cooperación institucional nesta cuestión.”

Santiago de Compostela, 22 de setembro de 2023

Asdo.: **Carmela González Iglesias**

Alexandra Fernández Gómez

Rosana Pérez Fernández

Daniel Castro García

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Carmela González Iglesias na data 22/09/2023 13:20:45

Alexandra Fernández Gómez na data 22/09/2023 13:20:52

Daniel Castro García na data 22/09/2023 13:20:58

Rosana Pérez Fernández na data 22/09/2023 13:21:12





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 22/09/2023 13:21:19





A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular** a través do seu **Portavoz**, de por iniciativa das deputadas e deputado, **Encarna Amigo Díaz, Alberto Pazos Couñago, Corina Porro Martínez, Noelia Pérez López, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Rosalía López Sánchez e Raquel Arias Rodríguez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

O só pelviano está formado por un conxunto de músculos, ligamentos e tecidos que se atopan na parte inferior da pelves, encargándose de soste determinados órganos coma a vexiga e o útero.

Cando o só pelviano debilítase ou vese danado, pode dar lugar a unha serie de problemas, como incontinencia urinaria, prolapsos de órganos pelvianos e disfunción sexual. Polo que para manter unha boa saúde e previr estes problemas é preciso coidar e fortalecer o só pelviano.

Todas estas problemáticas teñen grande impacto sobre a calidade de vida das mulleres, podendo limitar a súa liberdade, o xeito de relacionarse nas súas actividades sociais e reducir a súa autoestima.

En marzo do ano 2022 o Conselleiro de sanidade anunciou neste Parlamento que o Servizo Galego de Saúde comezaría a constitución das unidades multidisciplinares que





atenden as patoloxías de só pelviano. E, sete meses despois, en outubro de 2022, todas as áreas sanitarias xa contaban con cadansúa unidade.

Así o deixou reflectido o pasado mes de setembro o Director Xeral de Asistencia Sanitaria, informando que dende a constitución de ditas unidades ata o 31 de xullo realizaran máis 1.700 consultas.

Para facilitar o traballo dos distintos profesionais implicados o Servizo Galego de Saúde conta cunha guía de para a abordaxe de disfuncións do solo pelviano feminino. Este manual serve de guía para fixar criterios comúns, unificando pautas entre os profesionais implicados na atención, promoción e recuperación das disfuncións do solo pelviano feminino, que faciliten a toma de decisións en proporcionar unha atención uniforme no ámbito da atención primaria do Servizo Galego de Saúde.

Debido ós cambios e os avances que se teñen desenvolto neste campo da medicina, no que se están realizando investigacións continuas sobre esta patoloxía, é preciso facer unha revisión das diferentes guías para introducir as derradeira novidades sobre tratamento e abordaxe.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a actualizar a guía de abordaxe de disfuncións do solo pelviano feminino do Servizo Galego de Saúde co obxectivo de introducir os cambios precisos que permitan dar unha atención máis completa ás pacientes”.





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2023 17:51:21
Nº Rexistro: 60320
Data envío: 21/09/2023 17:51:21.857

Santiago de Compostela, 21 de setembro de 2023

Asinado dixitalmente por:

José Alberto Pazos Couñago na data 21/09/2023 17:01:01

María Encarnación Amigo Díaz na data 21/09/2023 17:01:23

María Corina Porro Martínez na data 21/09/2023 17:01:39

Noelia Pérez López na data 21/09/2023 17:01:54

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 21/09/2023 17:02:09

López Sánchez, Rosalía na data 21/09/2023 17:02:23

Raquel Arias Rodríguez na data 21/09/2023 17:02:36

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-1UsZIDY1d-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa das deputadas e deputado, **Encarna Amigo Díaz, Alberto Pazos Couñago, Corina Porro Martínez, Noelia Pérez López, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Rosalía López Sánchez e Raquel Arias Rodríguez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

A principios do mes de setembro o Director Xeral de Asistencia Sanitaria acudiu ó Parlamento de Galicia para dar resposta a unha pregunta deste grupo parlamentario en relación á creación e posta en marcha das unidades multidisciplinares de mama e solo pelviano.

Con esta intervención fomos testemuños dos avances que a Consellería de Sanidade leva realizados no ámbito dunha nova forma de atención multidisciplinar que se está consolidando no Sergas, como é a creación e posta en funcionamento de Unidades Funcionais Multidisciplinares.

A posta en marcha destas unidades puxeron de manifesto que, en determinadas patoloxías, é necesaria unha organización transversal para unha abordaxe máis





adecuada que permita acordar e implantar protocolos de actuación integrados que sumen o coñecemento desde diferentes perspectivas e especialidade, para así acadar un maior grado de eficacia e eficiencia na atención sanitaria á vez que se mellora a calidade asistencial e se da unha maior seguridade ós pacientes.

Actualmente en torno ó 20% da poboación adulta sofre dor crónico. En España, estímase que son oito millóns as persoas que o padecen, pero en Galicia, a incidencia é aínda maior debido o avellentamento da nosa poboación. Incluso a porcentaxe podería chegar a situarse nun 22%, sendo estas cifras as que manexa a Sociedade Galega da Dor e Coidados Paliativos (Sgador).

Na abordaxe da dor crónico, a idade xoga un papel protagonista, pero dende hai anos en Galicia a media de idade das persoas que o padecen descendeu notablemente. Antes as persoas que convivían ca dor eran maiores, mais agora a maioría das consultas son de persoas de 20 a 40 anos.

O tratamento da dor é un dos procesos que require a intervención de diferentes especialidades xa que traballan en estreita colaboración con outros especialistas médicos, como neurólogos e reumatólogos. Estas unidades deben ofrecer unha atención integral e multidisciplinar para aliviar a dor e mellorar a calidade de vida dos pacientes, á vez que pór en marcha actividades de carácter informativo, de docencia ou investigación.

É importante ter en conta que o tratamento da dor debe ser individualizado e adaptado ás necesidades e circunstancias de cada paciente. Polo que o manexo desta en medicina é un campo en constante evolución, no que se están realizando investigacións continuas para desenvolver os mellores enfoques para proporcionar ó





paciente unha óptima calidade de vida e recuperalo da súa situación incapacitante por culpa da dor.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a pór en marcha unidades multidisciplinares da dor en todas as áreas sanitarias co obxectivo de lograr unha abordaxe máis integral que repercuta nunha atención máis completa ós pacientes”.

Santiago de Compostela, 21 de setembro de 2023

Asinado dixitalmente por:

José Alberto Pazos Couñago na data 21/09/2023 17:23:08

María Encarnación Amigo Díaz na data 21/09/2023 17:23:23

María Corina Porro Martínez na data 21/09/2023 17:24:44

Noelia Pérez López na data 21/09/2023 17:25:01

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 21/09/2023 17:25:16

López Sánchez, Rosalía na data 21/09/2023 17:25:31

Raquel Arias Rodríguez na data 21/09/2023 17:25:44





A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa das deputadas e deputado, **Encarna Amigo Díaz, Alberto Pazos Couñago, Corina Porro Martínez, Noelia Pérez López, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Rosalía López Sánchez e Raquel Arias Rodríguez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

A demencia é o resultado dunha enfermidade que dana cada vez máis ó cerebro ó longo do tempo, afectando os seus síntomas á función cerebral. Caracterízase pola perda progresiva da memoria, o pensamento, a orientación, a comprensión, o cálculo, a capacidade de aprendizaxe, a linguaxe e o xuízo.

A orixe dela pode ser causada por diversas condicións, sendo a enfermidade do Alzheimer a forma máis común. É importante destacar que a demencia non é unha parte normal do envellecemento, polo que non se rexe pola idade do paciente, senón que é unha condición médica que require atención e coidado adecuados.

Dende o noso Grupo somos conscientes das dificultades que xera a demencia e o rápido avance que pode ter nalgúns casos.

Por iso creemos que o diagnóstico e o tratamento debe ser o máis rápido, estandarizando os coidados para estas persoas, reducindo a innecesaria variabilidade en cada Área Sanitaria e as iniquidades no acceso á atención, tendo en conta as necesidades de cada paciente.





Nos últimos anos vimos como dende a Consellería de Sanidade puxéronse en marcha numerosos PAI que engloban distintas patoloxías. Entre os actualmente existentes atopamos os de atención temperá; diabetes mellitus tipo 2; TDAH na infancia e na adolescencia en ámbitos educativos e sanitario; EPOC; atención á fibromialxia; ELA, Esclerosis múltiple, Enfermedade inflamatoria intestinal e os PAI de cancro (cervix, mama, pulmón, próstata e vexiga).

Estes procesos asistenciais integrado permitiron garantir unha atención sanitaria coordinada, centrada no paciente e baseada na integración de diferentes servizos e profesionais da saúde, contribuíndo a unha atención máis efectiva, segura e centrada no paciente.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a pór en marcha a creación dun PAI (proceso asistencial integrado) de demencia que permita prestar unha atención estandarizada ós coidados para estas persoas en Galicia”.

Santiago de Compostela, 21 de setembro de 2023

Asinado dixitalmente por:

José Alberto Pazos Couñago na data 21/09/2023 17:31:22

María Encarnación Amigo Díaz na data 21/09/2023 17:31:38

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





**PARLAMENTO
DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2023 17:53:24
Nº Rexistro: 60326
Data envío: 21/09/2023 17:53:24.825

María Corina Porro Martínez na data 21/09/2023 17:31:54

Noelia Pérez López na data 21/09/2023 17:32:09

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 21/09/2023 17:32:25

López Sánchez, Rosalía na data 21/09/2023 17:32:39

Raquel Arias Rodríguez na data 21/09/2023 17:32:51

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-1UsZIDY1d-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Marisol Díaz Mouteira, Teresa Egerique Mosquera, Elena Suárez Sarmiento, José Luis Ferro Iglesias, Carlos Gómez Salgado, Felisa Rodríguez Carrera e Moisés Rodríguez Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª, Educación e Cultura**.

Exposición de motivos

Arredor de 36.000 mozos galegos, estudantes de Formación profesional e Universitarios, fan prácticas en empresas cada ano, prácticas que lles permiten completar a adquisición das competencias profesionais propias da titulación que estudan, permíttelles exercitarse nun entorno real sendo claves, para a súa inserción laboral.

Pero estas prácticas poderían estar en risco por unha normativa estatal.

A partir do 1 de xaneiro de 2024, o alumnado que realice prácticas formativas deberá ser incluído no réxime da Seguridade Social, unha medida que non se cuestiona en si mesma, pero que presenta dificultades de aplicación nos prazos e nas formas.

O Grupo Parlamentario Popular coincide coa Xunta de Galicia e súmase á preocupación das universidades, das empresas e dos centros de FP polos prazos e polo novo sistema de cotización dos alumnos en prácticas, pedindo a reformulación da norma ou, o seu aprazamento, un ano, para facilitar a súa implantación.

As PEMES son maioría no tecido produtivo de Galicia e, a nova regulación tería un importante efecto disuasorio derivado da burocracia e costes que conlevaría, polo que poderían estar en risco as prácticas formativas en diferentes sectores.

As Universidades creen que se verán abocadas a asumir as cotizacións e non teñen información concreta sobre a fórmula de aplicar a medida.

Galicia, con outras CCAA, están a favor de que os alumnos coticen durante o período de prácticas por lles axudará laboralmente no futuro, pero para elo considera preciso





que o Goberno central tome unha serie de decisións que palíen os efectos negativos na aplicación.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta a que reitere ao Goberno de España ás peticións de que escoite ás partes implicadas e de que faga axustes na medida de cotizacións á Seguridade Social para o alumando de FP e universidades que realice prácticas en empresas considerando a necesidade de:

- 1.- Que se adíe un ano a posta en marcha da medida para facilitar a súa implantación.
- 2.- Que se bonifique o 100% das cotizacións.
- 3.- E que se habilite un sistema informático sinxelo e áxil para a xestión das altas e baixas do alumnado e que non recaía nos centros”.

Santiago de Compostela, 21 de setembro de 2023

Asinado dixitalmente por:

José Alberto Pazos Couñago na data 21/09/2023 17:41:53

María Sol Díaz Mouteira na data 21/09/2023 17:42:13

Teresa Egerique Mosquera na data 21/09/2023 17:42:28

María Elena Suárez Sarmiento na data 21/09/2023 17:42:43

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





**PARLAMENTO
DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2023 17:54:35
Nº Rexistro: 60330
Data envío: 21/09/2023 17:54:35.044

José Luis Ferro Iglesias na data 21/09/2023 17:42:58

Gómez Salgado, Carlos na data 21/09/2023 17:43:12

María Felisa Rodríguez Carrera na data 21/09/2023 17:43:27

Rodríguez Pérez, Moisés na data 21/09/2023 17:43:46

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-1UsZIDY1d-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Montserrat Prado Cores, Iria Carreira Pazos e Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, sobre as medidas a tomar para prestar asistencia sanitaria residencial a persoas con alteracións condutuais de orixe psiquiátrica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Movemento Galego de Saúde Mental ven de facer público un comunicado no que mostra a súa preocupación polas denuncias que se están a producir pola derivación a residencias de maiores de persoas con alteracións condutuais de orixe psiquiátrica.

Din no seu comunicado que “son dúas graves cuestións de innegable proxección política e social se entrecruzan nos feitos e carencias que se veñen denunciando hai moitos anos, conforme foi discorrendo o peche dos manicomios en Galicia (aínda incompleto) en cumprimento de leis sanitarias, observancia de dereitos fundamentais, e materialización de plans de dimensión internacional promovidos pola OMS : o dereito das persoas afectadas na súa independencia persoal por mor de trastornos mentais a levar unha vida en sociedade (na que se garanta a súa saúde, seguridade e dereitos) xunto coas demais persoas (coa axeitada atención ás súas necesidades sanitarias e sociais específicas), e o dereito das persoas que viven en residencias a desenvolver a súa vida acorde coas súas preferencias e capacidades en condicións adecuadas de seguridade e atención.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Hoxe é lugar común recoñecer que o modelo residencial ten que mudar, pero medidas para facelo por quen está obrigada non se adoptan, mentres inquietantes novas informan de boicot á función da

Inspección dos centros residenciais dende a propia Administración Autonómica.

Esas carencias nas residencias, unidas ás da rede pública de atención á saúde mental (e dentro dela, moi en particular, as carencias na atención ás persoas que viven en institucións) están na orixe dos feitos que se denuncian agora e dos que se levan denunciando hai moitos anos.

Os plans de reubicación de pacientes psiquiátricos en réxime residencial seguen vixentes, transferindo as responsabilidades de atención e coidado dos mesmos dende o SERGAS a centros públicos ou concertados da Consellería de Política Social.

Pero a pesar da importancia desta cuestión non se coñece cantas son as persoas que se viron afectadas por estes plans e decisións, nin as alternativas consideradas nin o tipo de centros aos que se derivaron nin as súas dotacións e programas nin os plans de Inspección e os seus resultados nin os plans asistenciais da rede de Saúde Mental para estas persoas.

O MGSM considera que calquera análise ou proposta diante desta situación debe partir de que as persoas con trastornos psiquiátricos que se atopan en coidado residencial son as máis abandonadas, graves e desprotexidas historicamente das atendidas no campo da saúde mental. Os riscos aos que están expostas (abandono, maltrato, abuso, vulneración dos seus dereitos) son moi elevados. A súa capacidade de defensa dos seus dereitos é moi reducida cando non nula. A sociedade e as súas institucións teñen unha responsabilidade incrementada diante delas.”





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O BNG fai súas as reflexións que realiza o MGSM e asume as propostas que realiza, e por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a:

1.- Creación dunha comisión de investigación sobre a situación da atención residencial e a asistencia sanitaria a persoas con alteracións condutuais de orixe psiquiátrica

2.- Realización dunha auditoría pola Inspección Sanitaria par determinar cales son as condicións de atención e de coidado residencial destas persoas, xa que doentes diagnosticad@s e en tratamento polo SERGAS deben ter asegurados os seus dereitos asistenciais.

3.- Se atendan as propostas das representacións sindicais, d@s profesionais que traballan nas residencias respecto ás dotacións, funcionamentos, condicións residenciais, formación/cualificación das plantillas e condicións laborais para prestar asistencia sanitaria a persoas con alteracións condutuais de orixe psiquiátrica.”

Santiago de Compostela, 21 de setembro de 2023

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 21/09/2023 18:13:18

Iria Carreira Pazos na data 21/09/2023 18:13:30

Olalla Rodil Fernández na data 21/09/2023 18:13:36



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO


3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

